# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

| Código | Centro | Concello | Ano académico |
|---|---|---|---|
| 36006729 | IES Valle-Inclán | Pontevedra | 2023/2024 |

## Área/materia/ámbito

| Ensinanza | Nome da área/materia/ámbito | Curso | Sesións semanais | Sesións anuais |
|---|---|---|---|---|
| Educación secundaria obrigatoria | Educación en Valores Cívicos e Éticos | 3º ESO | 1 | 35 |

| Réxime |
|---|
| Réxime xeral-ordinario |

| Contido | Páxina |
|---|---|
| 1. Introdución | 3 |
| 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias | 3 |
| 3.1. Relación de unidades didácticas | 4 |
| 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas | 6 |
| 4.1. Concrecións metodolóxicas | 15 |
| 4.2. Materiais e recursos didácticos | 15 |
| 5.1. Procedemento para a avaliación inicial | 16 |
| 5.2. Criterios de cualificación e recuperación | 17 |
| 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes | 19 |
| 6. Medidas de atención á diversidade | 19 |
| 7.1. Concreción dos elementos transversais | 19 |
| 7.2. Actividades complementarias | 20 |
| 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro | 20 |
| 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora | 21 |
| 9. Outros apartados | 21 |

## 1. Introdución

A materia de Educación en Valores cívicos e Éticos pretende traballar no autocoñecemento e o desenvolvemento da autonomía moral do alumnado, e proporcionarlle ferramentas para o exercicio desta autonomía. Nesta materia o alumnado deberá reflexionar sobre temas relacionados con autoestima, ética, sociedade, valores, dereitos, medio ambiente e política. De acordo cos obxectivos e perfil de saída do alumnado ao remate do ensino básico, esta materia debe proporcionar unha serie de recursos e ferramentas que permitan reflexionar de xeito crítico sobre cuestións éticas e adquirir conciencia sobre o medio e o papel do individuo no mesmo.
A materia organízase en tres bloques que pretenden cubrir os temas relevantes para o desenvolvemento do alumnado. En primeiro lugar atópase un bloque dedicado ao autocoñecemento e á autonomía moral, en segundo lugar outro dedicado á reflexión sobre cuestións sociais e relacionadas cos dereitos humanos e a tolerancia, e por último un relacionado coa sustentabilidade. Estes bloques desenvolveranse a un nivel tanto teórico como práctico, a través de actividades adaptadas aos contidos e obxectivos de cada un deles que permitan ao alumnado coñecer cuestións éticas e cívicas relevantes na actualidade, e poñer en práctica e traballar o desenvolvemento da súa capacidade crítica.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| OBX1 - Inquirir e investigar canto se refire á identidade humana e a cuestións éticas relativas ao propio proxecto vital, analizando criticamente información fiable e xerando unha actitude reflexiva respecto diso, para promover o autocoñecemento e a elaboración de formulacións e xuízos morais de maneira autónoma e razoada. | 2 | | | | 1 | 1-2-3 | | |
| OBX2 - Actuar e interactuar de acordo con normas e valores cívicos e éticos, a partir do recoñecemento fundado da súa importancia para regular a vida comunitaria e a súa aplicación efectiva e xustificada en distintos contextos, para promover unha convivencia pacífica, respectuosa, democrática e comprometida co ben común. | 5 | 3 | | 3 | | 1-2-3-4 | | 1 |
| OBX3 - Entender a natureza interconectada e inter e ecodependente das actividades humanas, mediante a identificación e a análise de problemas ecosociais de relevancia, para promover hábitos e actitudes eticamente comprometidos co logro de formas de vida sustentables. | | | 5 | | 2 | 1-2-3-4 | 1 | |
| OBX4 - Mostrar unha adecuada estima de si mesmo e da contorna, recoñecendo e valorando as emocións e os sentimentos propios e alleos, para lograr unha actitude empática e coidadosa con respecto aos demais e á natureza. | 1 | | | | 1-2-3 | 1-3 | | 3 |

**Descrición:**

### 3.1. Relación de unidades didácticas

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 1 | Identidade, autoconcepto e autoestima | Esta unidade didáctica está dedicada a afondar na natureza humana e o individuo, reflexionando sobre os conceptos de autoestima e autoconcepto e como os seres humanos os construímos. O obxectivo fundamental desta unidade didáctica é comprender a importancia que teñen estes conceptos para a construción crítica da propia identidade.<br>Nesta unidade didáctica procurarase que o alumando coñeza os elementos que dan lugar á personalidade e reflexione sobre os factores que inflúen na construcción do autoconcepto e a autoestima no contexto dunha etapa tan complexa como é a adolescencia. Estes contidos serán postos en relación con temas relevantes para o alumnado como a reflexión sobre a saúde mental, as condutas aditivas, as redes sociais ou a prevención do acoso.<br>Outro punto importante desta unidade é a análise das emocións e o papel que estas teñen para a construcción da identidade e para a autoestima, e a importancia da educación emocional. | 15 | 7 | X | | |
| 2 | Autonomía moral | Esta unidade didáctica pon o foco na dimensión moral do ser humano e a importancia de reflexionar sobre as propias decisións para a construcción da identidade moral. Nesta unidade didáctica preséntanse as definicións dos conceptos de ética e moral, a diferenza entre autonomía e heteronomía moral, así como a introdución a diversas teorías éticas, coa fin de que o alumnado poida reflexionar sobre a complexidade da toma de decisións de carácter moral e a importancia que isto ten na súa vida. Tamén se introduce a relación entre deber e querer como posible fonte de dilemas éticos e a reflexión sobre os valores como principios que orientan as accións.<br>Nesta unidade didáctica plantearanse diversos dilemas morais ao alumnado para facilitar a comprensión do peso que a reflexión ética ten na vida cotiá. Estes dilemas estarán en relación coa sua vida persoal, familiar, social e afectiva. | 20 | 5 | X | | |

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 3 | Vivir en sociedade | Esta unidade didáctica afonda na relación entre o individuo como suxeito moral e a sociedade como espazo no que se exerce esa dimensión moral. A unidade presenta diferentes formas de organización social e política e introduce a reflexión sobre os valores que caracterizan a democracia, poñendo o foco na importancia da tolerancia, a solidariedade e o diálogo na construcción de sociedades democráticas. Nesta unidade pretendese que o alumnado comprenda a relación entre a súa identidade e o medio social e cultural, analizando como ese medio ten impacto na construcción da súa identidade. Introdúcense conceptos cidadanía activa, responsabilidade e participación, e reflexiónase sobre problemas sociais relevantes na actualidade como a desigualdade, a corresponsabilidade, a diversidade e a migración. A intención é que o alumnado reflexione sobre o papel que ten nestes conflictos, e a importancia de desenvolver unha postura crítica sobre os mesmos ao ser parte da propia realidade. | 20 | 6 | | X | |
| 4 | A dignidade humana: respecto, dereitos e xustiza | Esta unidade didáctica dedícase a explorar o concepto de dignidade humana como base dos dereitos humanos, na definición e xustificación destes, e nos conflictos que existen na actualidade arredor de seu efectivo cumprimento. A unidade didáctica revisa movementos como o feminismo, o multiculturalismo ou os dereitos da infancia, o papel de diversas institucións e organismos no cumplimento da Declaración Universal dos Dereitos Humanos e os retos que se presentan na actualidade en relación ao respecto da mesma. Nesta unidade o alumnado afondará sobre o papel dos dereitos humanos, a historia e fundamentos dos mesmos, e os problemas que plantea a globalización para o seu cumprimento por igual en todos os países, coa finalidade de reflexionar sobre eles e o propio papel para a defensa dos mesmos de xeito crítico. | 15 | 5 | | X | |
| 5 | Sostibilidade | Esta unidade didáctica céntrase en reflexionar sobre o concepto de sostibilidade no contexto da realidade actual globalizada, e analizar os principais retos que se atopa a humanidade respecto ao desenvolvemento sostible (quentamento global, esgotamento de recursos, extinción de especies, novas enfermidades e | 15 | 6 | | | X |

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 5 | Sostibilidade | pandemias...). O alumnado reflexionará de forma crítica sobre o papel do individuo tanto no deterioro como preservación do medio ambiente, e a importancia que ten a creación de iniciativas cun impacto ecolóxico menor para a vida na Terra das futuras xeracións.<br>Esta unidade didáctica pretende amosar que o ser humano ten un papel activo como axente de cambio dado que todos e todas somos parte do medio, e temos unha responsabilidade nel, e que o papel da mocidade é especialmente relevante porque son a xeración que convivirá directamente coas consecuencias negativas do deterioro deste medio. | 15 | 6 | | | X |
| 6 | Ética ambiental | Esta unidade pon en relación os contidos das unidades didácticas 2 e 5 con cuestións de ética ambiental: como suxeitos morais con responsabilidade, temos un papel fundamental nos retos que existen na actualidade para preservar o noso medio de vida. Nesta unidade amosarase a necesidade de examinar de forma crítica prácticas que se dan hoxe nos contextos de consumo, ciencia, tecnoloxía e innovación dende o punto de vista da ética.<br>Esta unidade tamén revisa conceptos da unidade didáctica 3, dado que sinala a importancia de exercer unha cidadanía activa para sinalar e tratar de cambiar prácticas que poden ser perxudiciais para a conservación do medio ambiente. O alumnado reflexionará sobre diferentes temas que na actualidade están no centro do debate ambiental como o consumo, o fast fashion,  o decrecemento, o animalismo, o transhumanismo, a ética do coidado ou a intelixencia artificial. | 15 | 6 | | | X |

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 1 | Identidade, autoconcepto e autoestima | 7 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.1 - Construír e expresar un concepto axustado de si mesmo recoñecendo as múltiples dimensións da súa natureza e personalidade, así como da dimensión cívica e moral desta, a partir da investigación e do diálogo arredor de diversas concepcións sobre a natureza humana. | Definir autoconcepto e autoestima e saber realizar unha descrición e valoración crítica das mesmas. | TI | 100 |
| CA1.2 - Identificar, xestionar e comunicar ideas, emocións, afectos e desexos con comprensión e empatía cara ás demais persoas, demostrando autoestima e compartindo un concepto adecuado do que deben ser as relacións con outras persoas, incluíndo o ámbito afectivo-sexual. | Comprender a necesidade do abano de emocións humanas para a construcción da personalidade. | | |
| CA1.4 - Desenvolver unha actitude de xestión equilibrada das emocións, de estima e coidado de si e das demais persoas, identificando, analizando e expresando de maneira asertiva as propias emocións e sentimentos, e recoñecendo e valorando os dos demais en distintos contextos e arredor de actividades creativas e de reflexión individual ou dialogada sobre cuestións éticas e cívicas. | Ser quen de identificar as diferentes emocións nun mesmo/a e outros/as, e comprender a importancia que teñen na toma de decisións en cuestións éticas e cívicas. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| ⁻ A natureza humana. |
| ⁻ Liberdade e moralidade como características especificamente humanas. |
| ⁻ A identidade persoal, o cruzamento de camiños entre a natureza, a crianza e o proxecto vital. |
| ⁻ A educación de emocións e sentimentos. |
| ⁻ A autoestima persoal. |
| ⁻ A igualdade e o respecto nas relacións con outras persoas. |
| ⁻ A educación afectivo-sexual. |
| ⁻ A ética na sociedade actual. |
| ⁻ O problema da desinformación. |
| ⁻ A protección de datos e o dereito á intimidade. |
| ⁻ O ciberacoso e outras formas de violencia nas redes sociais. |
| ⁻ As condutas adictivas. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 2 | Autonomía moral | 5 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.3 - Desenvolver e demostrar autonomía moral mediante a práctica da deliberación racional, o uso de conceptos éticos e o diálogo respectuoso cos demais, arredor de distintos valores e modos de vida, así como a problemas relacionados co exercicio dos dereitos individuais, o uso responsable e seguro das redes, as condutas adictivas e o acoso escolar. | Construír e resolver dilemas éticos comprendendo a complexidade da toma de decisións nos mesmos.<br>Nomear e describir as diferentes teorías éticas e usalas de base para a resolución de diferentes dilemas éticos. | TI | 100 |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - A ética dentro do conxunto de saberes filosóficos.<br>- O obxecto da ética.<br>- A aplicación da ética: a orientación para a resolución de problemas complexos sobre como actuar.<br>- Análise das accións.<br>- Os motivos da acción: desexos e razóns.<br>- A vontade como razón práctica.<br>- A autonomía da vontade.<br>- A responsabilidade das accións.<br>- A ética e as éticas como guías das nosas accións.<br>- O xuízo moral: as normas, o valor e o valioso, as virtudes, os sentimentos morais.<br>- Universalismo e pluralismo moral.<br>- Éticas da felicidade, éticas do deber, éticas da virtude.<br>- Ética e dereito.<br>- Semellanzas e diferenzas entre ética e dereito.<br>- O conflito lexitimidade-legalidade.<br>- A obxección de conciencia.<br>- Os dereitos individuais e os deberes cidadáns.<br>- O debate sobre a liberdade de expresión.<br>- A ética na sociedade actual.<br>- O problema da desinformación.<br>- A protección de datos e o dereito á intimidade.<br>- O ciberacoso e outras formas de violencia nas redes sociais.<br>- As condutas adictivas. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 3 | Vivir en sociedade | 6 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA2.1 - Promover e demostrar unha convivencia pacífica, respectuosa, democrática e comprometida co ben común, a partir da investigación sobre a natureza social e política do ser humano e o uso e comprensión crítica dos conceptos de lei, poder, soberanía, xustiza, Estado, democracia, memoria democrática, dignidade e dereitos humanos. | Coñecer as diferentes teorías sobre a orixe da sociedade e manexar conceptos como  lei, soberanía, xustiza, democracia e Estado.<br>Comprender a dimensión social do ser humano e a súa necesidade de convivencia como fundamento da creación de sociedades. | TI | 100 |
| CA2.2 - Fomentar o exercicio da cidadanía activa e democrática a través do coñecemento do movemento asociativo e a participación respectuosa, dialogante e construtiva en actividades de grupo que impliquen tomar decisións colectivas, planificar accións coordinadas e resolver problemas aplicando procedementos e principios cívicos, éticos e democráticos explícitos. | Comprender a importancia da do individuo no contexto do grupo e valorar como a toma de decisións individuais pode afectar á colectividade. | | |
| CA2.3 - Contribuír a xerar un compromiso activo co ben común a través da análise e a toma razoada e dialogante de posición arredor de cuestións éticas de actualidade como a loita contra a desigualdade e a pobreza, o dereito ao traballo, a saúde, a educación e a xustiza, así como sobre os fins e límites éticos da investigación científica. | Reflexionar sobre cuestións éticas contemporáneas e dialogar sobre as mesmas, facendo fincapé na importancia que ten reflexionar sobre estes problemas porque como membros da sociedade, todos e todas nos vemos afectados por eles. | | |
| CA2.6 - Contribuír á consecución dun mundo máis xusto e pacífico a través da análise e recoñecemento da historia democrática do noso país e das funcións do estado de dereito e as súas institucións, os organismos internacionais, as asociacións civís e os corpos e forzas de seguridade do Estado, no seu empeño por lograr a paz e a seguridade integral, atender as vítimas da violencia e promover a solidariedade e cooperación entre as persoas e os pobos. | Coñecer a función das institucións políticas nacionais e internacionais e reflexionar de forma crítica sobre o papel que teñen na realidade dos individuos. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - A sociedade humana: natureza e orixe.<br>- As estruturas sociais e os grupos de pertenza.<br>- Cooperación e altruísmo fronte a competencia e egoísmo.<br>- A convivencia social.<br>- As virtudes do diálogo e as normas de argumentación. |

| Contidos |
| --- |
| - A resolución pacífica de conflitos.<br>- A empatía cos demais.<br>- A política.<br>- Conceptos clave: lei, poder, soberanía, xustiza e dignidade.<br>- Formas de Estado e tipos de goberno.<br>- A democracia: principios, procedementos e institucións.<br>- O Estado español como estado social e democrático de dereito.<br>- Valores constitucionais.<br>- A memoria democrática.<br>- A participación democrática: ser cidadáns.<br>- Outras formas de participación social: o asociacionismo e o voluntariado.<br>- A igualdade de xénero.<br>- As diversas ondas e correntes do feminismo.<br>- A prevención da explotación e a violencia contra nenas e mulleres.<br>- A corresponsabilidade nas tarefas domésticas e de coidados.<br>- A sociedade e a cidadanía plural.<br>- O interculturalismo.<br>- A inclusión social e o respecto pola diversidade e as identidades étnico-culturais e de xénero.<br>- Os dereitos LGTBIQ+.<br>- A convivencia pacífica e segura.<br>- A guerra, o terrorismo e outras formas de violencia política.<br>- A atención ás vítimas da violencia.<br>- Accións individuais e colectivas en favor da paz.<br>- A contribución do Estado e os organismos internacionais á paz, á seguridade integral e á cooperación.<br>- O dereito internacional e a cidadanía global.<br>- As forzas armadas e a defensa ao servizo da paz.<br>- O papel das ONG e das ONGD na loita pola paz.<br>- Os desafíos da democracia actual.<br>- Os códigos deontolóxicos.<br>- As éticas aplicadas. |

| Contidos |
|---|
| - Fins e límites éticos da investigación científica. A bioética.<br>- O desafío da intelixencia artificial.<br>- As propostas transhumanistas. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 4 | A dignidade humana: respecto, dereitos e xustiza | 5 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA2.4 - Tomar consciencia da loita por unha efectiva igualdade de xénero e do problema da violencia e explotación sobre as mulleres, a través da análise das diversas xeracións e correntes do feminismo e das medidas de prevención da desigualdade, a violencia e a discriminación por razón de xénero e orientación sexual, mostrando igualmente coñecemento dos dereitos LGTBIQ+ e recoñecendo a necesidade de respectalos. | Coñecer as correntes do feminismo ao longo da historia, así como a importancia do activismo feminista e LGTBIQ+ na loita pola igualdade.<br>Comprender a necesidade destas reivindicacións na actualidade, así como os retos pendentes no recoñecemento de dereitos. | TI | 100 |
| CA2.5 - Contribuír activamente ao benestar social adoptando unha posición propia, explícita, informada e eticamente fundamentada sobre o valor e pertinencia dos dereitos humanos, o respecto pola diversidade etnocultural, a consideración dos bens públicos globais, a percepción do valor social dos impostos. | Reflexionar de forma crítica sobre o fundamento, validez e vixencia da Declaración Universal dos Dereitos Humanas. | | |
| CA2.6 - Contribuír á consecución dun mundo máis xusto e pacífico a través da análise e recoñecemento da historia democrática do noso país e das funcións do estado de dereito e as súas institucións, os organismos internacionais, as asociacións civís e os corpos e forzas de seguridade do Estado, no seu empeño por lograr a paz e a seguridade integral, atender as vítimas da violencia e promover a solidariedade e cooperación entre as persoas e os pobos. | Coñecer a función das institucións políticas nacionais e internacionais e reflexionar de forma crítica sobre o papel que teñen na realidade dos individuos.<br>Analizar os conflictos actuais nos que os dereitos humanos non se respectan, e o papel que estas institucións teñen nestes casos. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Os dereitos humanos.<br>- Referente moral da democracia e a xustiza social.<br>- Xeracións e historia dos dereitos humanos.<br>- Dereitos da infancia. |

| Contidos |
|---|
| - Os dereitos económicos, sociais e culturais: o dereito ao traballo, á saúde, á educación e á xustiza.<br>- A procura da xustiza social.<br>- A desigualdade económica e a loita contra a pobreza.<br>- Globalización económica e bens públicos globais.<br>- O comercio xusto.<br>- O valor social dos impostos.<br>- A igualdade de xénero.<br>- As diversas ondas e correntes do feminismo.<br>- A prevención da explotación e a violencia contra nenas e mulleres.<br>- A corresponsabilidade nas tarefas domésticas e de coidados.<br>- A sociedade e a cidadanía plural.<br>- O interculturalismo.<br>- A inclusión social e o respecto pola diversidade e as identidades étnico-culturais e de xénero.<br>- Os dereitos LGTBIQ+.<br>- A convivencia pacífica e segura.<br>- A guerra, o terrorismo e outras formas de violencia política.<br>- A atención ás vítimas da violencia.<br>- Accións individuais e colectivas en favor da paz.<br>- A contribución do Estado e os organismos internacionais á paz, á seguridade integral e á cooperación.<br>- O dereito internacional e a cidadanía global.<br>- As forzas armadas e a defensa ao servizo da paz.<br>- O papel das ONG e das ONGD na loita pola paz.<br>- Os desafíos da democracia actual.<br>- Os códigos deontolóxicos.<br>- As éticas aplicadas.<br>- Fins e límites éticos da investigación científica. A bioética.<br>- O desafío da intelixencia artificial.<br>- As propostas transhumanistas. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 5 | Sostibilidade | 6 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA3.1 - Describir as relacións históricas de interconexión, interdependencia e ecodependencia entre as nosas vidas e a contorna a partir da análise das causas e consecuencias dos máis graves problemas ecosociais que nos afectan. | Identificar os principais retos ambientais aos que a humanidade se enfronta na actualidade, e valorar de xeito crítico o papel dos individuos á hora de dar resposta a estes retos. | TI | 100 |
| CA3.2 - Valorar distintas formulacións científicas, políticas e éticas coas que afrontar a emerxencia climática e a crise ambiental a través da exposición e o debate argumental arredor destas. | Identificar as principais institucións (gobernos, organismos supranacionais, asociacións, activistas) cun papel relevante na loita contra a crise climática, valorando de forma crítica o seu papel. Reflexionar sobre os comportamentos cotiás que teñen relevancia para a comprensión da crise climática. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Vida responsable co contorno e protección do medio ambiente.<br>- Percorrido crítico sobre as diferentes formas de relación do ser humano coa natureza ao longo da historia e a pegada ecolóxica das accións humanas no planeta.<br>- Consumo responsable para unha vida sustentable no planeta.<br>- Os límites do planeta e o esgotamento dos recursos.<br>- Obxectivos do desenvolvemento sustentable: axenda cara a 2030 para un planeta sustentable.<br>- Economía sustentable e ecolóxica na globalización, e nova lóxica do crecemento: economía circular e economía azul.<br>- Hábitos para unha xestión adecuada dos recursos e tratamento preventivo dos residuos. A mobilidade segura, saudable e sustentable.<br>- Consumo responsable e soberanía alimentaria.<br>- Propostas científicas e ético-políticas arredor dos problemas ecosociais.<br>- Xustiza ecolóxica.<br>- Ética medioambiental: ecocentrismo, biocentrismo e extensionismo.<br>- Ecofeminismo e ética do coidado.<br>- Protección e dereitos dos animais.<br>- Valores éticos e democráticos como fundamento para unha conduta empática e respectuosa cara aos animais.<br>- O ser humano como animal político: dereitos humanos da solidariedade para unha conduta cos animais baseada en dereitos. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 6 | Ética ambiental | 6 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA3.3 - Promover estilos de vida eticamente comprometidos co logro dun desenvolvemento sustentable, contribuíndo por si mesmo e na súa contorna ao tratamento preventivo dos residuos, a xestión sustentable dos recursos, a mobilidade segura, sustentable e saudable, o comercio xusto, o consumo responsable, o coidado do patrimonio natural, o respecto pola diversidade etnocultural, e o coidado e protección dos animais. | Analizar o impacto que as accións cotiás teñen para o medio ambiente, así como investigar e propoñer alternativas sustentables. | TI | 100 |
| CA3.4 - Desenvolver unha actitude de xestión equilibrada das emocións, de estima e coidado de si mesmo e dos outros, identificando, analizando e expresando de maneira asertiva as propias emocións e sentimentos, e recoñecendo e valorando os dos demais en distintos contextos e arredor de actividades creativas e de reflexión individual ou dialogada sobre cuestións éticas e cívicas. | Ser quen de identificar as diferentes emocións nun mesmo/a e outros/as, e comprender a importancia que teñen na toma de decisións en cuestións relacionadas co medio. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Vida responsable co contorno e protección do medio ambiente.<br>- Percorrido crítico sobre as diferentes formas de relación do ser humano coa natureza ao longo da historia e a pegada ecolóxica das accións humanas no planeta.<br>- Empatía e responsabilidade co contorno: interdependencia, interconexión e ecodependencia.<br>- A protección do medio ambiente e os dereitos para coa natureza: dereitos humanos de terceira xeración.<br>- Propostas científicas e ético-políticas arredor dos problemas ecosociais.<br>- Xustiza ecolóxica.<br>- Ética medioambiental: ecocentrismo, biocentrismo e extensionismo.<br>- Ecofeminismo e ética do coidado.<br>- Protección e dereitos dos animais.<br>- Valores éticos e democráticos como fundamento para unha conduta empática e respectuosa cara aos animais.<br>- O ser humano como animal político: dereitos humanos da solidariedade para unha conduta cos animais baseada en dereitos. |

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía é o conxunto de estratexias, procedementos e accións planificadas polo profesorado de xeito consciente e reflexivo para posibilitar a aprendizaxe e o logro de obxectivos por parte do alumnado. Na materia de Educación en Valores Cívicos e éticos preténdese seguir unha serie de principios metodolóxicos usando estratexias que permitan traballalos nas diferentes unidades didácticas.
Principios metodoloxícos: a metodoloxía debe ter en conta os diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe do alumnado, e favorecer a capacidade dos alumnos e alumnas para aprender por si mesmos, ademais de favorecer o pensamento autónomo e o uso de distintas técnicas de investigación. Tamén é importante escoller unha metodoloxía que permita unha aprendizaxe significativa, baseada en coñecementos previos e que permita relacionar os novos contidos con outros, construindo redes sólidas entre conceptos. Ademais está a aplicabilidade dos contidos: achegar os contidos a situacións reais e cercanas á realidade do alumnado (especialmente posible con temas relacionados con autoestima, ética, democracia e sustentabilidade), así como relacionar os contidos cos distintos campos de interese que amose o alumnado. Por outro lado interesa propiciar unha aprendizaxe activa e práctica, na que o alumnado é o que realiza diferentes tarefas que o levan á aprendizaxe, e permite acadar un coñecemento sólido e adquirilo de xeito cada vez máis autónomo. O proceso de ensinanza-aprendizaxe desta materia non se limita a coñecemenos teóricos, senón que ten en conta que para acadar unha formación integral do alumnado este ten que adquirir competencias como a capacidade crítica, o traballo autónomo, a toma de decisións e o desenvolvemento de valores como a igualdade, a solidariedade e a convivencia, imprescindibles para o seu posterior desenvolvemento na sociedade na que viven.
Respecto ás estratexias metodolóxicas, mesturaranse distintas segundo os momentos e necesidades na aula. A metodoloxía expositiva estará presente na materia, pero combinada con outras estratexias e sen ter o protagonismo. Nesta materia ten especial importancia o desenvolvemento da capacidade crítica e competencias como a expresión oral e escrita, polo que a realización de diferentes tipos de actividades na aula terá máis peso que a explicación teórica por parte do profesorado.
Educación en Valores Cívicos e Éticos non é unha materia que consista na acumulación de ideas, senón na reflexión crítica dos contidos do currículum e a relación destes con sucesos contemporáneos relevantes. As actividades da materia estarán orientadas a este fin: que o alumnado sexa quen de argumentar de xeito autónomo e crítico, poñendo en práctica os coñecementos adquiridos e competencias traballadas. As diferentes actividades estarán deseñadas para que o alumnado poida desenvolver a súa capacidade crítica e creatividade, usando distintas ferramentas para a investigación e a exposición. Neste sentido, farase fincapé no uso das tecnoloxías da información e da comunicación no proceso de ensinanza-aprendizaxe.
Preténdese especialmente que a metodoloxía sexa activa e motivadora, e que teña ao alumnado como protagonista. Para isto tratarase de conectar os intereses dos alumnos e alumnas cos exemplos de cine e literatura e demais posibles intereses do alumando que se introduzan nas distintas unidades didácticas, de forma que se vexan involucrados na toma de decisións sobre o proceso de ensinanza-aprendizaxe.
Distintos tipos de actividades:
Actividades introdutorias: actividades que introduzan o contido e permitan poñelo en relación con outros coñecementos previos do alumnado (sesións de preguntas curtas ao inicio dunha unidade didáctica, facer un resumo da clase anterior para introducir o contido dunha sesión, conexión dun tema cun suceso de actualidade¿). A avaliación inicial permite orientar o proceso de ensinanza aprendizaxe e adiantar os contidos que serán relevantes ao longo do curso.
Actividades de desenvolvemento: explicacións do contido de cada unidade, realización de actividades prácticas e conexión dos temas con sucesos de actualidade, analizando de forma crítica a partir dos contidos da materia. As actividades propostas serán de diferente natureza en relación coas necesidades dos contidos, coa intención de que o alumnado vaia realizando unha variedade delas que lle permitan traballar con distintos recursos e ir conectado os contidos con temas de interese para eles e elas.
Actividades de síntese: poden ser dende a elaboración de esquemas e mapas conceptuais, realización de test de autoavaliación, visionado de material audiovisual, ou realizar cuestionarios ou xogos co contido das unidades.

### 4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación |
|---|
| Manual de referencia: Educación en Valores Cívicos e Éticos ANAYA |

| |
|---|
| Entorno virtual de aprendizaxe E-dixgal |
| Apuntamentos e traballos de elaboración por parte do departamento e o profesorado |
| Películas, series e documentais |
| Fragmentos de libros e cómic |
| Noticas e reportaxes de actualidade extraídos de diferentes medios de comunicación |

Películas, series e documentais:
-Inside Out (Peter Docter, 2015)
-Jojo Rabbit (Taika Waititi, 2019)
-Pequeña Miss Sunshine (Valerie Faris y Jonathan Dayton, 2006)
-This is England (Shane Meadows, 2008)
-Pride (Matthew Warchus, 2014)
-Silent night (Camille Griffin, 2021)
-Heartstopper (Alice Oseman 2022)
-Tavarataivas (Petri Luukainen, 2013)
-The true cost (Andrew Morgan, 2016)
-Mañana (Cyril Dion, Melanie Laurent, 2015)
Libros e cómics
-Girlfriend in a comma (Douglas Coupland, )
-Cambio de clima (Phillipe Squarzoni, 2022)
-Persépolis (Marjane Satrapi, 2000)
-Maus (Art Spiegelman, 1980)
-Cosas que hacen BUM (Kiko Amat, 2008)
Webs con recursos:
https://franciscomartintorres.wordpress.com/
https://lourdescardenal.com/
https://losapuntesdefilosofia.com/
https://sites.google.com/view/philosophy-cavaleri/home?authuser=0
https://sites.google.com/view/juana-de-castilla-filosofia/p%C3%A1gina-principal?authuser=0
https://www.webdianoia.com/
https://www.boulesis.com/

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial é un instrumento de utilidade para comprobar con que coñecementos previos conta o alumnado en relación cos contidos da materia, e sirve para orientar o proceso de ensinanza aprendizaxe, axudando a fixar un punto de partida, o nivel co que conta o alumnado, e os contidos nos que será necesario prestar especial atención ao longo do curso. A avaliación inicial de Educación en Valores Cívicos e Éticos consistirá nunha serie de cuestións introdutorias e xerais relacionadas cos contidos de cada un dos bloques da materia, que será realizada por escrito durante as primeiras horas lectivas da materia. Usarase logo como guía para as seguintes sesións.

Proposta de avaliación inicial para realizar nas primeiras sesións da materia de Educación en Valores Cívicos e Éticos:
Bloque 1: Autocoñecemento e autonomía moral.
Que rasgo dirías que diferencia ao ser humano doutros animais?
Como defines autoestima?
A nosa personalidade: ven dada de serie ou podemos decidir sobre ela?
Cres que o carácter dunha persoa pode modificarse?
Que elementos consideras importantes para definir a personalidade?

Bloque 2: Ética e dereitos humanos
5. Indica se os seguintes exemplos son normas morais ou legais
Non facer lume no monte en verán
Querer ser unha persoa sincera

Respectar aos outros
Levar posto o cinturón de seguridade cando se vai no coche
Non fumar no interior dos bares
Ceder o sitio no transporte público a alguén que o necesite máis
6. Cal cres que é a diferencia entre unha norma moral e unha legal?
7. Cres que todo o que é legal é moral tamén? Pon un exemplo.
8. Debemos respectar todas as leis e costumes de todos os países por igual? Por que?
9. Cres que no noso país hai verdadeira democracia? Xustifica a resposta

Bloque 3: Sustentabilidade
10. Vivimos nun mundo globalizado. Saberías definir o que iso significa?
11. Sabes o que é o fast-fashion e por que se está a falar deste tema na actualidade?
12. Consideras que ti, como individuo, tes un papel importante na loita contra o cambio climático? Podemos e debemos facer algo a nivel persoal?
13. Hai algún caso no que sexa xustificable experimentar en animais? Xustifica a resposta.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

**Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:**

| Unidade didáctica | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | Total |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Peso UD/ Tipo Ins.** | **15** | **20** | **20** | **15** | **15** | **15** | **100** |
| **Táboa de indicadores** | 100 | 100 | 100 | 100 | 100 | 100 | **100** |

**Criterios de cualificación:**

Para a avaliación do alumnado de Educación en Valores Cívicos e Éticos utilizaranse dous instrumentos de avaliación: por unha banda, as actividades e traballos propostos para realizar na aula e na casa, tanto de forma individual como en grupo. Estas actividades avaliaranse segundo unha rúbrica que valore o grao de corrección e a medida na que as actividades están completas. Por outro lado, avaliarase a participación, actitude e o traballo na aula a través da observación directa do alumnado, empregando unha rúbrica que permita valorar a participación e actitude. As actividades realizadas polo alumnado terán un peso do 80% e a participación un 20%.
As actividades propostas nesta materia terán un peso proporcional na avaliación, e estarán deseñadas segundo os indicadores de logro recollidos na programación, coa idea que de que a través destas actividades o alumnado poda aprender os contidos e desenvolver as capacidades sinaladas nestes indicadores.
En cada unha das avaliacións a cualificación consistirá na suma das actividades e traballos cun peso dun 80% e da participación cun peso dun 20%. Acadar un aprobado en cada unha das avaliacións implica acadar un mínimo de 4,75 puntos tras aplicar as porcentaxes sinaladas.
A cualificación da avaliación final consistirá na media das tres avaliacións, tendo o nivel de progresión durante o curso.

- Exemplo de rúbrica de avaliación de actividades:

Cantidade de exercicios (30%)
Non entrega ningunha actividade/non ten caderno: 0 puntos
Case non entrega actividades (menos do 25%): 0-2,5 puntos
Entrega poucas actividades (entre o 25% e o 50%): 2,5-5 puntos
Entrega varias actividades (entre o 50% e o 75%): 5-7,5 puntos
Entrega case todas ou todas as actividades (entre o 75% e o 100%): 7,5-10 puntos
Os exercicios están completos (30%)
Entrega os exercicios en branco ou directamente non os entrega: 0 puntos

Responde só a alguna pregunta (menos da metade), deixando partes dos exercicios sen contestar: 0-2,5 puntos
Responde a algunhas preguntas (a metade ou menos) deixando algún exercicio ou algunha parte deles sen contestar: 2,5-5 puntos
Responde a varias preguntas e só deixa a alguna parte sen contestar: 5-7,5 puntos
Responde a prácticamente todas ou todas as cuestións dos exercicios e non deixa partes sen contestar: 7,5-10 puntos
Os exercicios están correctos (35%)
Todos os exercicios son erróneos ou están sen contestar: 0 puntos
En case todas as respostas hai erros, algúns deles graves : 0-2,5 puntos
En algunhas respostas hai erros (ata o 50%, estando correctas o resto): 2,5-5 puntos
Hai algunha resposta con erros, pero tamén varias correctas. Pode aparecer algún erro grave pero en xeral son menores: 5-7,5 puntos
Prácticamente todas ou todas as respostas son correctas, se aparece algún erro non é grave: 7,5-10 puntos
Presentación (5%)
Non se presenta: 0 puntos
A presentación é moi desorganizada, faltan moitos elementos e exercicios, aparecen moitas faltas de ortografía: 0-2,5 puntos
A presentación é desorganizada, falta algúns elementos e exercicios, con faltas de ortografía: 2,5-5 puntos
A presentación é correcta, pode faltar algún elemento e aparecer algunha falta de ortografía.: 5-7,5 puntos
Boa presentación, ordeada con todos os elementos e sen faltas ou algunha falta menor: 7,5-10 puntos

- Exemplo de rúbrica de participación e actitude:

Participación (50%)
Non participa activamente nin contesta cando se lle pregunta: 0 puntos
Non participa activamente pero en ocasións contesta cando se lle pregunta, aínda que de forma breve: 0-2,5 puntos
Non adoita participar activamente pero nalgunha ocasión pode facelo, contesta cando se lle pregunta, sen estenderse moito: 2,5-5 puntos
Ás veces participa activamente e sempre contesta se se lle pregunta, elaborando as respostas: 5-7,5 puntos
Participa activamente e se se lle pregunta, elaborando as respostas: 7,5-10 puntos
¿Preparación dos materiais (30%)
Non trae os materiais a clase e non prepara nada do indicado na casa: 0 puntos
Non adoita preparar o material na casa e moitas veces esquece traer os materiais a clase: 0-2,5 puntos
Ás veces esquece traer os materiais e preparar o indicado na casa, pero non sempre (ata o 50% das ocasións): 2,5-5 puntos
Algunha vez pode esquecer a preparación ou material, pero non por sistema: 5-7,5 puntos
Case sempre ou sempre leva o material e prepara o indicado, estando listo ou lista para participar en clase: 7,5-10 puntos
¿Actitude e comportamento (20%)
Non presta atención na aula, interrumpe sen relación ao que se está facer na clase, faltas de comportamento: 0 puntos
En moitas ocasións non presta atención na aula e ás veces interrumpe sen relación ao que se está a facer. Ocasionalmente ten faltas de comportamento: 0-2,5 puntos
Ás veces non presta atención e interrumpe, pero non adoita ter faltas de comportamento: 2,5-5 puntos
Algunha vez pode non prestar atención pero en xeral amosa unha escoita activa, se interrumpe é por algo relacionado coa clase, non ten faltas de comportamento: 5-7,5 puntos
Presta atención activamente, respecta os turnos e non presenta faltas de comportamento: 7,5-10 puntos

**Criterios de recuperación:**

Aprobarán a materia os alumnos e alumnas que acaden alomenos un 4,75 nas tarefas e actividades avaliadas ao longo de cada periodo. Se un alumno/a non supera a avaliación pode recuperala cunha proba escrita ou coa presentación das actividades non realizadas.
No caso de que na avaliación final ordinaria non se acade unha nota de mínimo 4,75 recorrerase a un procedemento de avaliación extraordinario, no que haberá unha proba escrita con contidos das avaliacións suspensas e a recuperación de traballos e actividades das mesmas.

### 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

No caso de alumnado coa materia de Educación en Valores Cívicos e Éticos en próximos cursos, o Departamento realizaría un seguimento, e comunicaríalle ao alumnado as actividades e traballos que deberá realizar para preparar as recuperacións ordinarias da materia. De non superar as recuperacións ordinarias, terá opción a unha recuperación extraordinaria.

## 6. Medidas de atención á diversidade

Na etapa da Educación Secundaria Obrigatoria cómpre poñer atención á diversidade do alumnado e na detección das súas necesidades específicas, para poder establecer mecanismos de apoio para adaptarse aos diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe que se dean na aula. Ao falar de diversidade non só se fai referencia ás necesidades educativas especiais que poidan presentar algúns alumnos e alumnas, senón ter en conta a diversidade en sentido amplo que se pode atopar nunha clase: ritmos, intereses, capacidades. En función deses factores poderanse realizar modificacións na proposta de actividades e os medios escollidos para as mesmas, así como os tempos de realización e as opcións de presentación.
Dentro da diversidade da aula poden atoparse tamén alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais (NEEs) e necesidades específicas de apoio educativo (NEAEs), de diferente tipo. O material deseñado, as probas e a metodoloxía deben ser flexibles de xeito que podan adaptarse á diversidade que sempre se da nas aulas, e poder adaparse tamén as medidas requeridas polo alumnado con necesidades específicas. Os casos de NEEs e NEAEs poden requerir a adopción de medidas ordinarias ou extraordinarias. Dado que para as extraordinarias requiren unha modificación do currículo e cambios esenciais na organización, e precisan autorización do centro, inspección educativa, e un informe xustificativo de orientación, as contempladas serán sempre de carácter ordinario. As medidas ordinarias poden facer referencia a todo tipo de necesidades educativas, e consisten en adaptarse á diversidade do alumnado adecuando o currículum sen alteracións significativas nos elementos do mesmo ao contexto do alumnado. As medidas ordinarias incluirán as referidas á adecuación administrativa (horarios, agrupamentos, organización da aula), programacións didácticas (escolla da metodoloxía, adaptación de tempos, incorporación ou variación de instrumentos de avaliación), medidas destinadas á mellora da convivencia, deseño de actividades concretas¿.
Para a toma de medidas contarase co diagnóstico do alumno ou alumna e como este inflúe no proceso ensinanza-aprendizaxe, e que medidas de atención á diversidade levar a cabo.
Para atender as diferenzas entre o alumnado das materias do departamento contémplanse medidas ordinarias nos tempos e espazos das aulas habituais como a adaptación dos instrumentos de avaliación para o alumnado con dificultades en acadar o grao mínimo de consecución de un ou varios criterios de avaliación, ou a adaptación das metodoloxías para adaptarse aos diferentes estilos de aprendizaxe que amose o alumnado. No caso de alumnado con diagnóstico de altas capacidades, as medidas de adaptación consistirán na posibilidade de ampliación de contidos e realización de proxectos de investigación complementarios, conectando os contidos cos intereses dos alumnos e alumnas que presenten este diagnóstico.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| ET.1 - Comprensión da lectura | X | X | X | X | X | X |
| ET.2 - Comprensión oral e escrita | X | X | X | X | X | X |
| ET.3 - Comunicación audiovisual | X | X | X | X | X | X |
| ET.4 - Competencia dixital | X | X | X | X | X | X |
| ET.5 - Emprendemento social e empresarial | | | | | X | X |

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico | X | | | | | X |
| ET.7 - Educación emocional e en valores | X | X | X | X | X | X |
| ET.8 - Igualdade de xénero | X | X | X | X | | |
| ET.9 - Creatividade | X | X | X | X | X | X |

**Observacións:**
Artigo 19 da Lei Orgánica 3/2020
Decreto156/2022 do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.

## 7.2. Actividades complementarias

| Actividade | Descrición | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|
| Non se prevén | Agás as contempladas con carácter xeral | X | X | X |

**Observacións:**
Non está prevista a realización de actividade complementaria ou extraescolar algunha, agás as actividades e conmemoracións contempladas con carácter xeral na Programación Xeral Anual do centro.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro |
|---|
| 1. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado. |
| 2. Conseguiuse motivar para lograr a actividade intelectual do alumnado. |
| 3. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado. |
| 4. Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con atención á diversidade. |
| 5. Empregáronse instrumentos de avaliación axeitados aos obxectivos e criterios de avaliación. |
| 6. Dáse un peso real á observación do traballo na aula. |
| 7. Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo. |
| 8. Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado. |
| 9. Ofrécense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa. |

| |
|---|
| 10. Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar. |
| 11. Combínase o traballo individual e en equipo. |
| 12. Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita. |
| 13. Incorpóranse as TIC aos procesos de ensino ¿ aprendizaxe. |
| 14. Préstase atención aos elementos transversais vinculados a cada estándar. |
| 15. Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc. |

**Descrición:**

Cada un dos indicadores avaliarase periódicamente ao longo do curso en función dos resultados acadados polo alumnado e a reflexión sobre a práctica docente usando unha puntuación do 1 ao 4, 4 significado consecución completa 3 consecución aceptable 2 consecución parcial e 1 non conseguido.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Indicadores para avaliar nas reunións de Departamento coa finalidade de modificar a programación para adaptala as circunstancias dos diferentes grupos e curso académico. Avaliarase de 1 a 4 1 significando nada de acordo 2 pouco de acordo 3 bastante de acordo 4 completamente de acordo. Os items que non acaden o 3 serán os susceptibles de modificación.

1. Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas ou proxectos a partir dos elementos do currículo.
2. Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas e desenvolvemento que responda á secuenciación.
3. Asignación a cada estándar do peso correspondente na cualificación.
4. Vinculación de cada estándar a un ou varios instrumentos para a súa avaliación.
5. Adecuación dos materiais didácticos utilizados.
6. Adecuación da proba de avaliación inicial, elaborada a partir dos estándares.
7. Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos, etc, para a recuperación e para a avaliación final e extraordinaria.
8. Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE.
9. Contribución desde a materia aos plans de centro.
10. Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia.

## 9. Outros apartados

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

| Código | Centro | Concello | Ano académico |
|---|---|---|---|
| 36006729 | IES Valle-Inclán | Pontevedra | 2023/2024 |

## Área/materia/ámbito

| Ensinanza | Nome da área/materia/ámbito | Curso | Sesións semanais | Sesións anuais |
|---|---|---|---|---|
| Educación secundaria obrigatoria | Filosofía | 4º ESO | 3 | 105 |

| Réxime |
|---|
| Réxime xeral-ordinario |

| Contido | Páxina |
|---|---|
| 1. Introdución | 3 |
| 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias | 3 |
| 3.1. Relación de unidades didácticas | 5 |
| 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas | 6 |
| 4.1. Concrecións metodolóxicas | 13 |
| 4.2. Materiais e recursos didácticos | 14 |
| 5.1. Procedemento para a avaliación inicial | 15 |
| 5.2. Criterios de cualificación e recuperación | 15 |
| 6. Medidas de atención á diversidade | 16 |
| 7.1. Concreción dos elementos transversais | 17 |
| 7.2. Actividades complementarias | 18 |
| 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro | 18 |
| 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora | 19 |
| 9. Outros apartados | 20 |

## 1. Introdución

A materia de Filosofía de Cuarto Curso de ESO supón o inicio para o alumnado dunha reflexión que terá continuidade no Bacharelato mediante a asignatura troncal do mesmo nome que se imparte no primeiro curso e con Historia da Filosofía de segundo curso de Bacharelato. Ao tempo trátase dunha materia que ten sentido propio ou autónomo con respecto destas, xa que posúe unha grande utilidade para todo o alumnado, con independencia do seu posterior itinerario de estudos e das decisións que vaia tomar respecto ao seu futuro académico ou profesional.
Filosofía de Cuarto de ESO impártese no curso final da Etapa, despois de que o alumnado tivera a posibilidade de estudar en terceiro curso contidos introductorios ao pensamento filosófico na materia de Valores Cívicos e Éticos e supón unha achega importante para insistir na tarefa de acadar unha madurez intelectual e vital que lle será precisa no seu desenvolvemento persoal. Esa necesidade de madurez inscríbese nun periodo, o da adolescencia, no que o individuo afronta os seus propios interrogantes acerca do sentido da existencia propia e allea e cuestiona boa parte do experimentado hasta ese momento, os conceptos aprendidos, os prexuízos adquiridos, as súas relacións cos demais e a sociedade na que se atopa. Nese contexto, a ensinanza da filosofía pode convertirse nunha axuda fundamental na súa búsqueda dunha posición ante o mundo, que lle permita a toma de decisións dun xeito autónomo, seguro e responsable.
Deste xeito, o alumnado dotarase de ferramentas como a actitude crítica e reflexiva que lle levará a non admitir ideas que non teñan sido rigurosamente analizadas e evidenciadas. Entrará en contacto con ideas que lle fagan capaz de apreciar a beleza e a capacidade transformadora das manifestacións artísticas e de afrontar a xestión creativa das súas propias capacidades estéticas. Poderá distinguir o razoamento e a argumentación fundamentada e coherente, como capacidade necesaria para evitar o pensamento único e dogmático, de modo que o alumno poida elaborar a súa propia visión moral e política de maneira autónoma, informada e cimentada. Ademais, polo seu carácter transversal, teórico e práctico, a materia de Filosofía permitirá ao alumnado integrar nunha visión de conxunto a gran diversidade de saberes, capacidades e valores.
Todos estes saberes e aptitudes resultan insustituibles na súa formación, xa que grazas a eles poderá profundizar posteriormente nese ámbito de reflexión que lle posibilite convertirse nunha persoa e exercer a cidadanía crítica e autónoma, preparada para a asunción das súas responsabilidades e a participación na súa comunidade.
A materia de Filosofía de 4 º ESO consta de seis unidades, que abordan aspectos teóricos e prácticos fundamentais non só da filosofía senón tamén de outras disciplinas como a psicoloxía e a socioloxía. A materia é unha boa introdución tanto ao pensamento filosófico como ás ciencias sociais. En consecuencia, ademáis do seu valor intrínseco, é de grande utilidade como un primeiro achegamento ás cuestións que se tratarán nas materias que o alumnado cursará no Bacharelato, tanto as obrigatorias (Filosofía e Historia da filosofía) como as optativas (Antropoloxía e Psicoloxía).
As seis unidades son:
1. A filosofía.
2. A persoa.
3. Socialización.
4. Pensamento.
5. Realidade e metafísica.
6. Liberdade e creatividade.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| OBX1 - Buscar, interpretar, producir e transmitir correctamente información relativa a cuestións filosóficas, a partir do emprego contrastado e seguro de fontes, o uso e análise rigoroso das mesmas, e o emprego de procedementos elementais de investigación e comunicación, para xerar e transmitir xuízos e teses persoais, e desenvolver unha actitude indagadora, autónoma, rigorosa e creativa no ámbito da reflexión filosófica. | 1-2-3 | 1 | 1 | 1-3 | 4 | 3 | 3 | |

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| OBX2 - Practicar o exercicio do diálogo filosófico de maneira rigorosa, crítica, tolerante e empática, interiorizando as pautas éticas e formais que este require, mediante a participación en actividades grupais e a través da formulación dialóxica das cuestións filosóficas, para promover o contraste e intercambio de ideas e o exercicio dunha cidadanía activa e democrática. | 1-5 | | 1 | | 3 | 2-3 | | 1-3 |
| OBX3 - Entender o carácter plural das diferentes concepcións, ideas e argumentos en relación aos problemas fundamentais da filosofía, mediante a análise crítica das diversas teses relevantes e dos problemas fundamentais aos que estas responden para comprender as principais e fundamentais teorías filosóficas das máis importantes pensadoras e pensadores. | 2-5 | | | | | 1-2-3 | | 2 |
| OBX4 - Comprender e analizar a personalidade humana, establecendo unha aproximación aos estudos da mente e da neurociencia, e vendo as implicacións da motivación, da afectividade e das emocións na súa conformación, a través da investigación e do diálogo entre a filosofía e a ciencia, para comprender e construír discursos sobre a reflexión filosófica acerca do ser humano ao longo da historia do pensamento. | 1-2-3-5 | 1 | 2-5 | 1-2-5 | 3 | 1-3 | | 1 |
| OBX5 - Coñecer e comprender os conceptos e estruturas básicos da cultura, a sociedade e a socialización reflexionando, en común, sobre a natureza cultural e social do ser humano, oralmente e por escrito, cunha actitude crítica, sendo empáticos, equitativos, mantendo un espírito construtivo e valorando o enriquecemento cultural que supón coñecer as aportacións culturais diversas. | 1-2-3-5 | 3 | 5 | 3 | 3-4 | 1-2-3-4 | | 1 |
| OBX6 - Adquirir unha visión global da racionalidade humana como característica que nos distingue e nos permite situarnos e orientarnos no mundo, comprendendo e analizando as principais teses filosóficas sobre a capacidade que ten a racionalidade de fornecernos dun coñecemento axeitado do mundo, e valorando o ideal de verdade que perseguen as investigacións teóricas e sérvelles de guía aos nosos afáns prácticos, para fortalecer no alumnado o espírito crítico e rigoroso á hora de analizar informacións, practicar o diálogo argumentado, e adoptar criterios ben fundados á hora de tomar decisións individuais e colectivas. | 1-2 | | 4 | | 4-5 | | 3 | |

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| OBX7 - Tomar conciencia da centralidade das preguntas metafísicas, ao apuntar directamente á cuestión radical do sentido último da realidade e do papel do ser humano dentro dela, reflexionando de maneira dialóxica e crítica sobre o carácter perenne das preguntas sobre o universo e a natureza, sobre a vida e a morte, sobre o individuo e a historia, e o carácter histórico coas que foron e seguen a ser contestadas, para que o alumnado aprecie, valore e se sinta partícipe do esforzo humano por tentar dar un sentido racional á totalidade que o rodea e á súa mesma existencia. | 1 | | | | | 3 | | |
| OBX8 - Reflexionar e entender a liberdade humana e a súa relación coa vontade, incluíndo o seu tratamento ao longo da historia do pensamento e recoñecendo que está determinada desde varios niveis, para comprender que é condición da creatividade, tamén colaborativa, e para desenvolver desde esta última unha aproximación ao estudo sobre o que é a arte e a beleza. | 1-2-5 | 1 | | 1-2-3 | 3 | 1-3 | 1-3 | 1-2-3 |

**Descrición:**

### 3.1. Relación de unidades didácticas

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 1 | A filosofía. | Orixe da filosofía no mundo grego e comparación con outros saberes e tradicións culturais. | 15 | 15 | X | | |
| 2 | A persoa. | Introdución aos conceptos principais da psicoloxía da personalidade e da psicoloxía cognitiva. | 20 | 20 | X | | |
| 3 | Socialización. | Introdución aos conceptos principais da socioloxía, a antropoloxía cultural e a filosofía política. | 20 | 20 | X | X | |
| 4 | Pensamento. | Introdución aos conceptos fundamentais da teoría do coñecemento. | 10 | 10 | | X | |
| 5 | Realidade e metafísica. | Introdución aos conceptos fundamentais da metafísica e a antropoloxía filosófica. | 20 | 20 | | | X |
| 6 | Liberdade e creatividade. | Introdución aos conceptos fundamentais da ética e a estética. | 15 | 20 | | | X |

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 1 | A filosofía. | 15 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.2 - Coñecer a orixe da filosofía occidental distinguíndoa doutros saberes, e comparándoa con distintas formas de pensamento noutras culturas. | Coñecer a orixe da filosofía occidental distinguíndoa doutros saberes | PE | 50 |
| CA1.3 - Adquirir un coñecemento significativo das máis importantes propostas filosóficas que se sucederon ao longo da historia, a través da indagación sobre elas e a identificación das cuestións ás que responden. | Adquirir un coñecemento significativo das máis importantes propostas filosóficas | | |
| CA1.1 - Comprender a radicalidade e transcendencia dos problemas filosóficos e recoñecer as funcións da filosofía en tanto que saber crítico que aspira a fundamentar, analizar e argumentar sobre os problemas últimos da realidade, desde unha vertente tanto teórica como práctica. | Comprender a radicalidade e transcendencia dos problemas filosóficos | TI | 50 |
| CA1.4 - Demostrar un coñecemento práctico dos procedementos elementais da investigación filosófica a través de tarefas como a identificación de fontes fiables, a procura eficiente e segura de información, e a correcta organización, análise, interpretación, avaliación, produción e comunicación desta, tanto dixitalmente como a través de medios máis tradicionais. | Demostrar un coñecemento práctico dos procedementos elementais da investigación filosófica | | |
| CA1.5 - Desenvolver unha actitude indagadora, autónoma e activa no ámbito da reflexión filosófica, mediante o deseño, elaboración e comunicación pública de produtos orixinais, tales como traballos de investigación, disertacións, comentarios de texto ou outros. | Desenvolver unha actitude indagadora, autónoma e activa no ámbito da reflexión filosófica | | |
| CA1.6 - Promover o contraste e intercambio de ideas e o exercicio dunha cidadanía activa e democrática a través da participación en actividades grupais e do diálogo racional, respectuoso, aberto, construtivo e comprometido coa verdade, acerca de cuestións e problemas filosóficamente relevantes. | Promover o contraste e intercambio de ideas e o exercicio dunha cidadanía activa e democrática a través da participación en actividades grupais e do diálogo racional | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Introdución: radicalidade, problematicidade e universalidade da filosofía. |
| - A filosofía como saber crítico. |
| - Características da filosofía e os seus usos teórico e práctico. |

| Contidos |
| --- |
| - A función da filosofía no conxunto da cultura occidental e o pensamento noutras tradicións culturais.<br>- O contexto do xurdimento da filosofía occidental en Grecia: o paso do mito ao logos e o pensamento sobre a polis.<br>- Breve síntese das grandes épocas da filosofías.<br>- O papel da muller na cultura e na filosofía.<br>- O pensamento galego. |

| UD | Título da UD | Duración |
| --- | --- | --- |
| 2 | A persoa. | 20 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
| --- | --- | --- | --- |
| CA2.1 - Achegar unha definición do que é a personalidade, incidindo naquilo que a herdanza xenética e o adquirido teñen que ver na formación desta, recoñecendo os diferentes tipos, e explicando as teses centrais dalgunhas das teorías que a estudaron. | Achegar unha definición do que é a personalidade | PE | 50 |
| CA2.2 - Diferenciar e explicar, desde un punto de vista científico, en que consiste a filosofía da mente, a neurociencia e a neurofilosofía, sobre todo producindo traballos de investigación nos que se preste importancia ás TIC. | Diferenciar e explicar, desde un punto de vista científico, en que consiste a filosofía da mente | | |
| CA2.5 - Expoñer a reflexión filosófica sobre o ser humano, analizando as posturas máis representativas de dita reflexión ao longo das diferentes épocas e momentos da historia do pensamento. | Expoñer a reflexión filosófica sobre o ser humano | | |
| CA2.3 - Identificar e recoñecer a importancia da motivación como factor enerxético e direccional da vida humana, facendo que o alumnado poida diferenciar entre teorías cognitivas da motivación e teorías humanistas. | Identificar e recoñecer a importancia da motivación | TI | 50 |
| CA2.4 - Reflexionar sobre a importancia da motivación, das emocións e da afectividade, comprendendo, ao mesmo tempo, a relación entre estes aspectos do ser humano e a súa incidencia na conformación da personalidade e na nosa conduta. | Reflexionar sobre a importancia da motivación, das emocións e da afectividade | | |
| CA2.6 - Demostrar un coñecemento práctico dos procedementos elementais da investigación filosófica a través de tarefas como a identificación de fontes fiables, a procura eficiente e segura de información, e a correcta organización, análise, interpretación, avaliación, produción e comunicación desta, tanto dixitalmente como a través de medios máis tradicionais. | Demostrar un coñecemento práctico dos procedementos elementais da investigación filosófica | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA2.7 - Desenvolver unha actitude indagadora, autónoma e activa no ámbito da reflexión filosófica, mediante o deseño, elaboración e comunicación pública de produtos orixinais, tales como traballos de investigación, disertacións, comentarios de texto ou outros. | Desenvolver unha actitude indagadora, autónoma e activa no ámbito da reflexión filosófica | | |
| CA2.8 - Promover o contraste e intercambio de ideas e o exercicio dunha cidadanía activa e democrática a través do exercicio da participación en actividades grupais e do diálogo racional, respectuoso, aberto, construtivo e comprometido coa verdade, acerca de cuestións e problemas filosóficamente relevantes. | Promover o contraste e intercambio de ideas e o exercicio dunha cidadanía activa e democrática a través da participación en actividades grupais e do diálogo racional | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - A reflexión sobre o ser humano: a tradición filosófica e a perspectiva científica. |
| - A personalidade. |
| - Teorías e tipos de personalidade. |
| - O biolóxico e o adquirido na formación da personalidade. |
| - Teorías da motivación: o cognitivismo fronte á teoría humanista. |
| - As emocións e a afectividade. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 3 | Socialización. | 20 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA3.1 - Comprender e apreciar dous elementos esenciais que constitúen ao ser humano, a natureza e a cultura, identificando o papel do biolóxico e do concepto de ¿cultura¿ e os seus compoñentes, así como da diversidade cultural. | Comprender e apreciar dous elementos esenciais que constitúen ao ser humano, a natureza e a cultura | PE | 50 |
| CA3.2 - Coñecer e analizar o ser humano como ser social resultado do proceso de socialización, mediante a diferenciación dos elementos e axentes que o levan a cabo, analizando a importancia de cada un deles na formación da nosa personalidade social e moral, e desenvolvendo unhas actitudes positivas e non estereotipadas respecto ao xénero. | Coñecer e analizar o ser humano como ser social resultado do proceso de socialización | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA3.3 - Tomar conciencia das distintas explicacións dadas sobre a aparición da sociedade e a formación do estado, e tamén dos problemas da nosa sociedade actual mediante a discusión e a posta en común das diferentes solucións aos mesmos. | Tomar conciencia das distintas explicacións dadas sobre a aparición da sociedade e a formación do estado | TI | 50 |
| CA3.4 - Demostrar un coñecemento práctico dos procedementos elementais da investigación filosófica a través de tarefas como a identificación de fontes fiables, a procura eficiente e segura de información, e a correcta organización, análise, interpretación, avaliación, produción e comunicación desta., tanto dixitalmente como a través de medios máis tradicionais. | Demostrar un coñecemento práctico dos procedementos elementais da investigación filosófica | | |
| CA3.5 - Desenvolver unha actitude indagadora, autónoma e activa no ámbito da reflexión filosófica, mediante o deseño, elaboración e comunicación pública de produtos orixinais, tales como traballos de investigación, disertacións, comentarios de texto ou outros. | Desenvolver unha actitude indagadora, autónoma e activa no ámbito da reflexión filosófica | | |
| CA3.6 - Promover o contraste e intercambio de ideas e o exercicio dunha cidadanía activa e democrática a través do exercicio da participación en actividades grupais e do diálogo racional, respectuoso, aberto, construtivo e comprometido coa verdade, acerca de cuestións e problemas filosóficamente relevantes. | Promover o contraste e intercambio de ideas e o exercicio dunha cidadanía activa e democrática a través da participación en actividades grupais e do diálogo racional | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Natureza e cultura no ser humano.<br>- O ser humano como ser social.<br>- Elementos e axentes da socialización.<br>- O proceso de socialización de xénero.<br>- Sociedade e estado.<br>- Teorías sobre a orixe da sociedade.<br>- Teorías sobre a formación do estado.<br>- Problemas da sociedade actual e os retos do século XXI. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 4 | Pensamento. | 10 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA4.1 - Reflexionar sobre a racionalidade humana, analizando de xeito crítico a súa natureza e a súa relación coas compoñentes afectivas do noso psiquismo, e distinguindo o seu uso no coñecemento teórico do que ten como orientador das nosas accións. | Reflexionar sobre a racionalidade humana, analizando de xeito crítico a súa natureza e a súa relación coas compoñentes afectivas | PE | 50 |
| CA4.2 - Abordar o problema filosófico do coñecemento, identificando de xeito crítico as ideas e teses máis importantes das distintas escolas filosóficas que reflexionaron sobre a súa natureza, os seus límites e posibilidades, a súa validez, e o papel das distintas facultades humanas na súa consecución. | Abordar o problema filosófico do coñecemento | | |
| CA4.3 - Tomar conciencia da importancia de manter e reforzar o valor da verdade como principio que debe orientar o pensamento e a acción individual e as interaccións sociais, analizando as principais teorías filosóficas que se ocuparon dela, valorando o erro como momento necesario na súa busca e rexeitando a asimilación acrítica de informacións. | Tomar conciencia da importancia de manter e reforzar o valor da verdade | TI | 50 |
| CA4.4 - Demostrar un coñecemento práctico dos procedementos elementais da investigación filosófica a través de tarefas como a identificación de fontes fiables, a procura eficiente e segura de información, e a correcta organización, análise, interpretación, avaliación, produción e comunicación desta, tanto dixitalmente como a través de medios máis tradicionais. | Demostrar un coñecemento práctico dos procedementos elementais da investigación filosófica | | |
| CA4.5 - Desenvolver unha actitude indagadora, autónoma e activa no ámbito da reflexión filosófica, mediante o deseño, elaboración e comunicación pública de produtos orixinais, tales como traballos de investigación, disertacións, comentarios de texto ou outros. | Desenvolver unha actitude indagadora, autónoma e activa no ámbito da reflexión filosófica | | |
| CA4.6 - Promover o contraste e intercambio de ideas e o exercicio dunha cidadanía activa e democrática a través do exercicio da participación en actividades grupais e do diálogo racional, respectuoso, aberto, construtivo e comprometido coa verdade, acerca de cuestións e problemas filosoficamente relevantes. | Promover o contraste e intercambio de ideas e o exercicio dunha cidadanía activa e democrática a través da participación en actividades grupais e do diálogo racional | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - A racionalidade humana. Coñecemento e acción.<br>- Teorías do coñecemento.<br>- A posibilidade do coñecemento e as críticas escépticas e relativistas.<br>- O papel das facultades cognoscitivas: racionalismo, empirismo e criticismo.<br>- A verdade. Características e valor da verdade. |

| Contidos |
|---|
| - Teorías da verdade. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 5 | Realidade e metafísica. | 20 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA5.1 - Coñecer o significado do termo "metafísica", comprendendo que é a principal disciplina das que compoñen a filosofía, identificando o seu obxectivo fundamental, consistente en realizar preguntas radicais sobre a realidade, e entendendo en que consiste o "preguntar radical". | Coñecer o significado do termo "metafísica" | PE | 50 |
| CA5.2 - Comprender e coñecer algunhas das grandes preguntas metafísicas acerca da natureza: a orixe e a finalidade do Universo, a orde que rexe a natureza ou a oposición entre as visións determinista e indeterminista da natureza e as consecuencias que se derivan de cada unha delas, a través da comparación, análise e contraposición de distintas respostas que se lle deron a estas cuestións ao longo da historia. | Comprender e coñecer algunhas das grandes preguntas metafísicas acerca da natureza | | |
| CA5.3 - Reflexionar sobre a interrogación polo sentido da existencia, explicando as teses centrais dalgunhas teorías filosóficas sobre a vida, por medio de disertacións razoadas sobre a vida e a morte, o devir histórico, e o lugar do individuo na realidade, entre outras cuestións metafísicas. | Reflexionar sobre a interrogación polo sentido da existencia | TI | 50 |
| CA5.4 - Demostrar un coñecemento práctico dos procedementos elementais da investigación filosófica a través de tarefas como a identificación de fontes fiables, a procura eficiente e segura de información, e a correcta organización, análise, interpretación, avaliación, produción e comunicación desta, tanto dixitalmente como a través de medios máis tradicionais. | Demostrar un coñecemento práctico dos procedementos elementais da investigación filosófica | | |
| CA5.5 - Desenvolver unha actitude indagadora, autónoma e activa no ámbito da reflexión filosófica, mediante o deseño, elaboración e comunicación pública de produtos orixinais, tales como traballos de investigación, disertacións, comentarios de texto ou outros. | Desenvolver unha actitude indagadora, autónoma e activa no ámbito da reflexión filosófica | | |
| CA5.6 - Promover o contraste e intercambio de ideas e o exercicio dunha cidadanía activa e democrática a través do exercicio da participación en actividades grupais e do diálogo racional, respectuoso, aberto, construtivo e comprometido coa verdade, acerca de cuestións e problemas filosóficamente relevantes. | Promover o contraste e intercambio de ideas e o exercicio dunha cidadanía activa e democrática a través da participación en actividades grupais e do diálogo racional | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
| --- |
| ⁻A metafísica e a pregunta polo ser das cousas.<br>⁻Cosmoloxía e filosofía da natureza.<br>⁻A natureza e o cosmos. Respostas ás preguntas pola orixe e a finalidade do cosmos.<br>⁻Determinismo e indeterminismo físicos.<br>⁻O sentido da existencia humana.<br>⁻A vida e a morte como problemas metafísicos.<br>⁻O lugar do ser humano no mundo.<br>⁻O sentido da historia. |

| UD | Título da UD | Duración |
| --- | --- | --- |
| 6 | Liberdade e creatividade. | 20 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
| --- | --- | --- | --- |
| CA6.1 - Comprender, dentro do marco xeral da liberdade, que é o libre albedrío, ou a liberdade interior, en relación coa facultade da vontade, coa autonomía, e coa responsabilidade persoais, reflexionando ao mesmo tempo sobre a existencia do determinismo, e analizando a posibilidade que ten o ser humano de ser libre. | Comprender, dentro do marco xeral da liberdade, que é o libre albedrío | PE | 50 |
| CA6.2 - Recoñecer e ser quen de expoñer e de explicar diferentes posturas filosóficas sobre a liberdade da acción ao longo das diferentes épocas e momentos da historia do pensamento. | Recoñecer e ser quen de expoñer e de explicar diferentes posturas filosóficas sobre a liberdade da acción | | |
| CA6.3 - Coñecer a estética como a parte da filosofía que estuda a beleza, o proceso creativo e a produción artística. | Coñecer a estética como parte da filosofía | | |
| CA6.4 - Valorar a liberdade como condición básica para a creatividade humana. | Valorar a liberdade como condición básica para a creatividade humana | TI | 50 |
| CA6.5 - Entender a capacidade humana da creatividade como un proceso de innovación e de asunción de riscos, en relación coa imaxinación, estudando as fases do proceso creativo e as técnicas de desenvolvemento da creatividade, e apreciando a importancia da colaboración creativa. | Entender a capacidade humana da creatividade | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA6.6 - Demostrar un coñecemento práctico dos procedementos elementais da investigación filosófica a través de tarefas como a identificación de fontes fiables, a procura eficiente e segura de información, e a correcta organización, análise, interpretación, avaliación, produción e comunicación desta, tanto dixitalmente como a través de medios máis tradicionais. | Demostrar un coñecemento práctico dos procedementos elementais da investigación filosófica | | |
| CA6.7 - Desenvolver unha actitude indagadora, autónoma e activa no ámbito da reflexión filosófica, mediante o deseño, elaboración e comunicación pública de produtos orixinais, tales como traballos de investigación, disertacións, comentarios de texto ou outros. | Desenvolver unha actitude indagadora, autónoma e activa no ámbito da reflexión filosófica | | |
| CA6.8 - Promover o contraste e intercambio de ideas e o exercicio dunha cidadanía activa e democrática a través do exercicio da participación en actividades grupais e do diálogo racional, respectuoso, aberto, construtivo e comprometido coa verdade, acerca de cuestións e problemas filosóficamente relevantes. | Promover o contraste e intercambio de ideas e o exercicio dunha cidadanía activa e democrática a través da participación en actividades grupais e do diálogo racional | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - A liberdade e o libre arbitrio: vontade, autonomía e responsabilidade. Posturas filosóficas sobre a liberdade de acción. |
| - Determinismo e liberdade. |
| - Liberdade e creatividade: a liberdade como condición da creatividade. |
| - A arte e a procura da beleza. |
| - A creatividade humana: imaxinación, innovación e asunción de riscos. |
| - Técnicas e fases do proceso creativo. |
| - Creación colaborativa. |

## 4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía da materia consistirá na combinación das explicacións maxistrais coa realización de actividades significativas por parte do alunado. A secuenciación habitual do traballo por parte do alunado consistirá en facer unha lectura ou visionado atento dos materiais facilitados polo profesor, resolver as dúbidas, ampliar información coa guía do profesor e aplicar os contidos en actividades realizadas na mesma sesión ou nunha sesión posterior. Con todo iso o que se pretende é lograr unha aprendizaxe significativa e a implicación activa do alunado na súa propia aprendizaxe, favorecendo a súa autonomía e o traballo en grupo.

### 4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación |
|---|
| Recursos en rede, recursos bibliográficos e fragmentos de películas. |

Os materiais empregados nos distintos temas estarán dispoñibles na aula virtual da plataforma Edixgal na que están matriculados tódolos alunos. Os contidos de cada unidade estarán dispoñibles en enlaces ou alternativamente en documentos en formato PDF para que o alunado poida imprimilos.
Puntualmente poderán ser empregados materiais das seguintes fontes:
Recursos en rede:
http://www.juntadeandalucia.es/educacion/permanente/materiales/index.php?etapa=3&materia=241#space
http://e-ducativa.catedu.es/unidadesdidacticas/index.cgi@wid_item=115&wid_seccion=22.html
http://www.xtec.cat/~lvallmaj/index2.htm
http://www.xtec.cat/~lvallmaj/summap2.htm
http://filosofiamaterialesyrecursos.es/index.html
http://recursostic.educacion.es/bachillerato/proyectofilosofia/version/v1/rutas2.php
http://proyectoafri.es/
http://www.paginasobrefilosofia.com/html/index.html
http://ntic.educacion.es/w3/eos/MaterialesEducativos/mem2003/logica/
http://ntic.educacion.es/w3/eos/MaterialesEducativos/mem2003/logica/logica/actividades/000ppalfrset.html
http://www.escepticos.es/webanterior/alojadas/falacias1.html
http://www.bipedosimplumes.es/FILOSOFI1.html
http://recursostic.educacion.es/secundaria/edad/4esoetica/
http://www.webdianoia.com/
https://encyclopaedia.herdereditorial.com/wiki/P%C3%A1gina_principal
http://symploke.trujaman.org/index.php?title=Portada
http://fgbueno.es/med/tes/

Recursos bibliográficos:
ARISTÓTELES, Ética nicomáquea, Gredos, Madrid, 2000.
BOCHENSKI, J.M., Introducción al pensamiento filosófico, Herder, Barcelona, 2006.
GAARDER, J., El mundo de Sofía, Siruela, Madrid, 2001.
MARTÍNEZ MARZOA, F., Iniciación a la filosofía, Itsmo, Madrid, 1974.
NEVES VICENTE, J., Didáctica da filosofía. Apontamentos e textos de apoio ás aulas, Faculdade de Letras, Universidade de Coimbra, 2006 (inédito).
PATTON, M.F. & CANNON, K. Filosofía en Viñetas, DeBolsillo, Barcelona, 2018.
PIZARRO, F, Aprender a razonar, Alhambra, Barcelona, 1985.
PLATÓN, Gorgias, Gredos, Madrid, 2000.
RUSSELL, B., Los problemas de la filosofía, Labor, Barcelona, 1972.
SAGÜILLO, J.M., El arte de persuadir. Algunos elementos de argumentación y retórica, Ludus, A Coruña, 2000.
STEVENSON, L. & HABERMAN, D.L. Diez teorías sobre la naturaleza humana, Cátedra, Madrid, 2010.
TANAKA, M., Gran historia visual de la filosofía, Blackie Books, Madrid, 2020.
VEGA REÑÓN, L., Si de argumentar se trata, Montesinos, Barcelona, 2007.
VV.AA., Atlas universal de filosofía. Manual didáctico de autores, textos, escuelas y conceptos filosóficos, Oceano, Barcelona.

Fragmentos de películas:
CHAPLIN, Ch., Tiempos modernos.
DOCTER, P., Inside Out.
HOOK, H., El señor de las moscas.
KUBRIK, S., 2001, una odisea del espacio.
LEE, A., La vida de Pi.
LYNCH, D., El hombre elefante.

PENN, A., El milagro de Anna Sullivan.
SPIELBERG, S., AI Inteligencia Artificial.
WACHOWSKI BROTHERS, Matrix.
WEIR, P., El show de Truman.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Lectura dun fragmento de dificultade media relacionado coa temática da primeira unidade temática, a partir do cal o alumnado deberá realizar un resumo coas súas propias palabras e un esquema. Con esta actividade deixará constancia das súas habilidades de comprensión e expresión escrita así como da competencia en procedementos básicos de traballo.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

**Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:**

| Unidade didáctica | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | Total |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Peso UD/ Tipo Ins.** | **15** | **20** | **20** | **10** | **20** | **15** | **100** |
| **Proba escrita** | 50 | 50 | 50 | 50 | 50 | 50 | **50** |
| **Táboa de indicadores** | 50 | 50 | 50 | 50 | 50 | 50 | **50** |

**Criterios de cualificación:**

O profesorado de filosofía avaliará ao alumnado das distintas materias conforme ás actividades realizadas por este. As ferramentas do docente para avaliar ditas actividades serán rúbricas de corrección, distintas para cada tipo de actividade pero con un denominador común, a distribución dos criterios de corrección en dous epígrafes:
A. Corrección: significa que a actividade se ocupa do seu asunto e non de outro e que a argumentación oral ou escrita desenvolvida é intelixible.
B. Completude: significa que a actividade é realizada empregando tódolos conceptos relevantes para o asunto de que se trate.

- Os procedementos de avaliación da materia serán dous:

1. Actividades que o docente proporá diariamente para traballar os contidos da Programación, que serán realizadas tanto na aula como na casa, serán corrixidas na aula e o rexistro de dita corrección será o caderno do profesor. O procedemento de avaliación neste caso será denominado no sucesivo como "actividades de aula".
2. Actividades a realizar en data e hora determinada, para dar conta do coñecemento de todos aqueles contidos non avaliados nas actividades diarias, ainda que si traballados nas mesmas. O procedemento de avaliación neste caso será denominado como "proba xenérica" ou "exame", denominación esta última máis familiar para o alumnado e que polo tanto empregaremos no sucesivo.

Os dous procedementos son complementarios. O exame é o procedemento coa metade do peso na nota, tal como se indicará no apartados dos Criterios de cualificación. É un procedemento formal e xenérico que consideramos adecuado para avaliar a aprendizaxe dos alunos en xeral no que a contidos se refire. Porén xulgamos necesario traballar dun modo sistemático certo tipo de actividades que son de grande interese formativo para o alumnado, e que veñen dun modo máis ou menos explícito recollidas nos Contidos transversais dos deseños curriculares. Estamos a falar de actividades como comentarios de texto, resumos, esquemas, búsquedas de información, exposicións, etc., actividades todas elas que non sempre son acaídas ao procedemento de exame por limitacións tanto temporais como de contido. Ditas actividades serán realizadas diariamente e a súa avaliación contará coa outra metade do peso da nota.

- A cualificación de cada avaliación será a suma da cualificación das actividades diarias realizadas no caderno e en intervencións orais (ata 5 puntos) e dos exames (ata 5 puntos). Por tanto a avaliación sumativa final consistirá nun 50% en traballo diario e un 50% exames.

- Con carácter xeral, a cualificación da avaliación final ordinaria será a media das avaliacións parciais. No cálculo da media acadarase o enteiro superior ou inferior por redondeo en función de se se acadan as 5 décimas ou non respectivamente. De modo extraordinario, un alumno poderá acadar unha cualificación superior á media aritmética correspondente cando a súa progresión durante o curso sexa tan intensa que acade un grao de aprendizaxe dos contidos moi superior ao realizado nas primeiras avaliacións.

**Criterios de recuperación:**

- A recuperación das avaliacións parciais consistirá na repetición ou realización das actividades non realizadas ou avaliadas negativamente, así como da repetición das probas correspondentes. Para a súa correción e cualificación empregaremos a mesma ponderación que na avaliación ordinaria.
- Ao remate de cada avaliación, no caso de que a nota sexa inferior a 5, haberá actividades de recuperación ou unha proba de recuperación na que o alumnado suspenso terá unha segunda oportunidade para demostrar que acadou os obxectivos de aprendizaxe. No caso de que a nota media final sexa inferior a 5 haberá actividades ou proba extraordinaria de recuperación de todo o curso.
- A  avaliación extraordinaria, constará dunha proba de similares características ás realizadas para a avaliación ordinaria, e a súa cualificación considerará o progreso do alumnado así como os resultados das probas e actividades de recuperación e ampliación realizadas entre a avaliación ordinaria e a avaliación extraordinaria.

## 6. Medidas de atención á diversidade

De acordo coas disposicións recollidas na Orde de 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, o profesorado atenderá ás diferenzas individuais no procesos de ensinanza e aprendizaxe, aplicando sempre as medidas máis adecuadas para que as condicións de realización dos procesos de avaliación se adapten ás circustancias particulares do alumnado con necesidade específica de apoio educativo. Estas medidas e adaptacións en ningún caso será tidas en conta para minorar as cualificacións obtidas polo alumnado.
En función dos intereses e as capacidades do alumnado poderán realizarse modificacións na proposta de tarefas, que tratarán de responder a calquera falla de adecuación que se observe entre as necesidades e as capacidades do alumno e os contidos da materia. Teranse en conta as posibilidades do alumnado para acceder aos dintintos medios e soportes analóxicos e dixitais. Tamén poderán modificarse os tempos e elementos das probas extraordinarias, sempre contando cun informe previo de ditas necesidades avalado polo Departamento de Orientación.
Na avaliación previa e en coordinación coa xunta de avaliación e o Departamento de Orientación se desenvolverán as seguintes medidas, no caso de ser precisas:

- ORDINARIAS: Facilitan a adecuación do curriculum sen alteracións significativas dos obxectivos, contidos nin dos criterios de avaliación Dan resposta as diferenzas en competencias, motivación, estratexias , estilos e ritmos de aprendizase. Sinalamos as seguintes:

1) Adaptación da xestión da aula as características concretas da aula, favorendo o acceso aos recursos e á convivencia.
2) Adecuación da programación ao alumnado e circunstancias do seu contorno. Logo de identificadas as barreiras (accesibilidade física, sensorial, cognitiva e emocional) deseñaranse actividades partindo dos principios do deseño universal de aprendizaxe para que as aprendizaxes sexan accesibles.
3) Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, titoría entre iguais, aprendizaxes por proxectos.
4) Adaptación dos tempos, dos instrumentos e dos procedementos de avaliación ás circunstancias do alumnado, tales como, forma de comunicación co alumnado, secuenciación de tarefas, verificación da comprensión das tarefas, dispoñibilidade dos recursos tecnolóxicos, concesión do tempo necesario. Aplicaranse as propostas recollidas nos plans, proxectos, programas, guías e protocolos elaborados pola Consellería.
5) Aulas de atención educativa e convivencia. No caso de ser preciso derivar alumnado, o profesorado proporcionará as tarefas que debe realizar, que serán corrixidas e avaliadas.

6) Reforzo educativo. Posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten dificultades no progreso do alumnado.
7) Programas de enriquecemento curricular para o alumnado que presenta altas capacidades intelectuais.

- EXTRAORDINARIAS. Diseñadas para atender necesidade específicas de apoio que reguiran modificacións significativas do curriculum ou supoñan unha modificaión organizativa ou ben do xeito de acceder ao curriculum ou da modalidade de escolarización. Serán aplicadas cando as ordinarias sexan insuficientes ou se demostren esgotadas. Son casos nos que hai barreiras singificativas para conseguir os obxectivos da aprendixase axeitadas ao seu desenvolvemento (atraso madurativo, transtornos do desenvolvemento relacionados coa linguaxe e/ou comunicación, descoñecemento da (s) lingua(s) de aprendizaxe, vulnerabilidade socio educativa ou polas altas capacidades entre outras).

(1) Flexibilización da duración do período de escolarización na etapa de bacharelato. Dirixido a alumnado con altas capacidades intelectuais ou alumnado con necesidades educativas especiais.
(2) Atención educativa ao alumnado que, por circunstancias diversas, presenta dificultades para unha asistencia continuada ao centro. O docente coordinado polo profesorado titor e co asesoramento da xefatura do departamento de orientación, elaborará unha proposta de actividades educativas empregando medios telemáticos para a entrega, seguimiento e avaliación e adoptará medidas que promovan a súa inclusión.
En colaboración co titor e o Departamento de Orientación levarase a cabo unha planificación e desenvolvemento de actuacións destinadas ao axuste dos procesos de ensino e aprendizaxe. Na avaliación inicial, permitirá adaptar as ensinanzas ao alumnado e facilitar a debida progresión na súa aprendizaxe.
No proceso de avaliación promoverase o uso de instrumentos de avaliación variados, diversos, flexibles e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe que permitan a valoración obxectiva do alumnado e garantan que as condicións de realización dos procesos asociados á avaliación se adapten ás necesidades do alumnado con necesidade específica de apoio educativo. Proporánse medidas de reforzo individualizadas mediante lecturas, vídeos e outros materiais complementarios para alumnado que presente dificultades coas competencias básicas. Todos eles dispoñibles a través da aula virtual.
Proporánse diferentes canles para a presentación das tarefas que, de acordo coa teoría das Intelixencias Múltiples, se adapten mellor a cada un dos alumnos e alumnas. Así en cada unidade serán de elección unha serie de tarefas que propoñen formas de realización adaptadas a cada unha destas intelixencias (infografías, comics, videopresentacións, textos...)
Neste sentido para o alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo serán deseñadas de xeito específico actividades en cada unha das unidades didácticas (enunciados curtos, unir, completar, ordenar, sinalar...), así como probas escritas adaptadas ás súas características específicas. Estas probas, se ben presentarán os mesmos contidos en concordancia cos criterios de avaliación, estarán formuladas de xeito máis directo e compostas por cuestións análogas ás anteriormente comentadas. Sempre coa finalidade de potenciar o espirto critico, a autonomía do alumnado propios da filosofía. Todo isto sen prexuízo de que a medida que avance o curso poida detectarse a necesidade deste tipo de actividades individualizadas noutros alumnos/as establecéndose, de ser o caso, os necesarios reforzos educativos.
Por outra banda, tamén están previstas actividades de ampliación para aquel alumnado que presente un maior ritmo de aprendizaxe. Tratarase de actividades motivadoras, que en todo caso vaian máis aló dos xa afianzados mínimos da materia e que supoñan un maior desafío na busca de información, así como a interrelación dos diferentes contidos. Nas actividades voluntarias especificadas na metodoloxia ofrecceránse este tipo de reforzos.

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| ET.1 - Comprensión de lectura | X | X | X | X | X | X |
| ET.2 - Expresión oral e escrita | X | X | X | X | X | X |
| ET.3 - Competencia dixital e comunicación audiovisual | X | X | X | X | X | X |
| ET.4 - Emprendemento social e empresarial | X | X | X | X | X | X |

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| ET.5 - Fomento do espírito crítico e científico | X | X | X | X | X | X |
| ET.6 - Educación emocional e en valores | X | X | X | X | X | X |
| ET.7 - Igualdade de xénero e non discriminación por orientación sexual | X | X | X | X | X | X |
| ET.8 - Creatividade | X | X | X | X | X | X |
| ET.9 - Prevención e resolución pacífica de conflitos | X | X | X | X | X | X |

### 7.2. Actividades complementarias

| Actividade | Descrición | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|
| Participación na XI Olimpiada Filosófica de Galicia | Participación na XI Olimpiada Filosófica de Galicia | | X | |
| Asistencia a un xuízo na Audiencia provincial/Tribunais de xustiza | Asistencia a un xuízo na Audiencia provincial/Tribunais de xustiza | | | X |

### 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro |
|---|
| Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico |
| 3. A planificación e temporalización das actividades é adecuada. |
| 8. Seguíronse os criterios de cualificación, avaliación e promoción do alunado. |
| Metodoloxía empregada |
| 2. Os materiais son cognitivamente significativos para o alunado. |
| 4. O nivel de dificultade das actividades e explicacións correspóndese coa zona de desenvolvemento próximo do alunado. |
| 5. As actividades son interesantes para o alunado. |
| Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos |
| 1. Os materiais entregados ao alunado desenvolven os contidos da programación. |

| |
|---|
| Medidas de atención á diversidade |
| 6. A axuda prestada ao alunado é suficiente para que progrese na construcción do coñecemento |
| 9. Seguíronse as medidas de atención á diversidade. |
| Clima de traballo na aula |
| 10. Solucionáronse axeitadamente os problemas de convivencia na aula. |
| Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais |
| 7. O alunado está informado das correccións e participa activamente nas mesmas. |

**Descrición:**

Cada indicador valorarase nunha escala do 1 ao 4, indicando o 1 a menor consecución e o 4 a maior.
Os resultados desta avaliación recolleranse na Memoria Final de curso, presentaranse e debateranse na reunión do Departamento co propósito de incorporar melloras en vindeiros cursos académicos.
Así mesmo, e de maneira informal, o profesorado da materia terá en conta estes diferentes elementos á hora de introducir adaptacións ou modificacións menores no desenvolvemento da materia, de acordo coa tipoloxía específica de cada grupo e coas posibles alteracións do calendario educativo.
Estes indicadores especifícanse nas seguintes preguntas que serán entregadas ao alumnado para a súa valoración nunha escala de 1 a 4:
(1=NADA DE ACORDO/2=POUCO DE ACORDO/3=BASTANTE DE ACORDO/4=TOTALMENTE DE ACORDO)
1. Os materiais empregados desenvolven os contidos da programación
2. Os materiais empregados son claros e comprensibles
3. As actividades están ben planificadas
4. O nivel de dificultade das actividades é adecuado
5. As actividades son interesantes
6. Comprendo as explicacións do profesor
7. O profesor soluciona as dificultades que se lle plantexan na aula
8. Coñezo a corrección de actividades e exames e podo participar nas mesmas
9. A corrección de actividades e exames adecúase aos criterios de cualificación
10. O docente soluciona axeitadamente os problemas de convivencia na aula
11. Realizo as tarefas e actividades con regularidade
12. Sigo as pautas establecidas polo profesor

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Na derradeira reunión do Departamento de Filosofía os profesores da materia de Filosofía de cuarto curso de ESO cubrirán a seguinte rúbrica de avaliación con obxecto de modificar eventualmente a Programación no vindeiro curso académico naqueles aspectos que non acaden o valor 3 da seguinte escala:
(1=NADA DE ACORDO/2=POUCO DE ACORDO/3=BASTANTE DE ACORDO/4=TOTALMENTE DE ACORDO).
1. O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas.
2. Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada criterio.
3. Vinculación adecuada de cada criterio co seu instrumento de avaliación.
4. Fixación dunha estratexia metodolóxica común para todo o departamento.
5. Adecuación dos materiais didácticos utilizados en relación cos contidos.
6. Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba.
7. Adecuación dos instrumentos establecidos para a avaliación extraordinaria.
8. Adecuación dos criterios establecidos para o seguimento de materias pendentes.
9. Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE.
10. Grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas.
O profesorado de filosofía avaliará ao alunado das distintas materias conforme ás actividades realizadas por este. As ferramentas do docente para avaliar ditas actividades serán rúbricas de corrección, distintas para cada tipo de actividade pero con un denominador común, a distribución dos criterios de corrección en dous epígrafes:

A. Corrección: significa que a actividade se ocupa do seu asunto e non de outro e que a argumentación oral ou escrita desenvolvida é intelixible.
B. Completude: significa que a actividade é realizada empregando tódolos conceptos relevantes para o asunto de que se trate.

Os procedementos de avaliación da materia serán tres:

1. Actividades que o docente proporá diariamente para traballar os contidos da programación, que serán realizadas tanto na aula como na casa, serán corrixidas na aula e o rexistro de dita corrección será o caderno do profesor. O procedemento de avaliación neste caso será denominado no sucesivo como "actividades de aula".
2. Actividades a realizar en data e hora determinada, para traballar uns contidos seleccionados e con instrucións indicadas previamente polo docente. O procedemento de avaliación neste caso será denominado no sucesivo como "proba específica".
3. Actividades a realizar en data e hora determinada, para dar conta do coñecemento de todos aqueles contidos non avaliados nas probas específicas. O procedemento de avaliación neste caso será denominado como "proba xenérica" ou "exame", denominación esta última máis familiar para o alunado e que polo tanto empregaremos no sucesivo.

Os tres procedementos son complementarios. O exame é o procedemento con máis peso na nota final das distintas materias, tal como se indicará no apartados dos Criterios de cualificación. É un procedemento formal e xenérico que consideramos adecuado para avaliar a aprendizaxe dos alunos en xeral no que a contidos se refire. Porén xulgamos necesario traballar dun modo sistemático certo tipo de actividades que son de grande interese formativo para o alunado, e que veñen dun modo máis ou menos explícito recollidas nos Contidos transversais dos deseños curriculares. Estamos a falar de actividades como comentarios de texto, resumos, esquemas, búsquedas de información, exposicións, etc., actividades todas elas que non sempre son acaídas ao procedemento de exame por limitacións tanto temporais como de contido. Para a avaliación destas actividades concebimos o procedemento das probas específicas. Finalmente o procedemento das actividades de aula ten como obxectivo que o alunado elabore os contidos dos que se examina ou fai proba específica mediante actividades diarias, de escasa carga de traballo pero

de enorme importancia formativa debido a que xeneran hábitos de traballo e porque familiarizan de modo paulatino aos discentes en relación cos contidos. A corrección individual de tales actividades por alunos diferentes en cada sesión ten como obxectivo fomentar o traballo diario do alunado e o seu protagonismo dentro da aula.

A cualificación de cada avaliación será a suma da cualificación das actividades diarias realizadas no caderno e en intervencións orais (ata 1 punto), das probas específicas (ata 3 puntos) e dos exames (ata 6 puntos). Por tanto a avaliación sumativa final consistirá nun 10% en traballo diario, 30% en probas específicas e un 60% exames.

Con carácter xeral, a cualificación da avaliación final será a media das avaliacións parciais. No cálculo da media acadarase o enteiro superior ou inferior por redondeo en función de se se acadan as 5 décimas ou non respectivamente. De modo extraordinario, un alumno poderá acadar unha cualificación superior á media aritmética correspondente cando a súa progresión durante o curso sexa tan intensa que acade un grao de aprendizaxe dos contidos moi superior ao realizado nas primeiras avaliacións.

**Criterios de recuperación:**

Promocionarán a materia todos aqueles alumos que acaden alomenos un 5 na cualificación final ordinaria.

Dado que a avaliación é continua, entendemos como procedemento de avaliación extraordinario aquel que se aplique unha vez que a avaliación final ordinaria sexa menor a 5. Para eses casos haberá unha proba formal ou entrega de traballos no mes de xuño que puntuará sobre 10 puntos e onde haberá que dar conta do grao mínimo de consecución dos criterios de avaliación.

## 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

O alunado con Filosofía pendente contará cun seguimento por parte do departamento. Comunicaráselle ao inicio do curso as actividades que deberá facer para preparar as dúas convocatorias parciais de recuperación ordinaria dispostas pola Xefatura de estudios.
Se a suma das dúas probas de recuperación parcial ordinaria non dese un mínimo de 5 puntos, haberá unha proba extraordinaria de recuperación tamén disposta no calendaria por parte da Xefatura de estudios.
O profesorado do departamente solucionará as dúbidas do alunado na realización das tarefas de repaso e preparación das probas.

## 6. Medidas de atención á diversidade

Para atender as diferenzas entre o alumnado das materias do departamento contémplanse tres tipos de medidas ordinarias nos tempos e espazos das aulas habituais:

1. Adaptación dos instrumentos de avaliación en forma de actividades de reforzo para os alumnos que teñan grandes dificultades para acadar o grao mínimo de consecución dos criterios de avaliación.
2. Adaptación dos instrumentos de avaliación en forma de actividades de ampliación para os alumnos que manifesten unha grande capacidade na aprendizaxe dos contidos.
3. Adaptación das metodoloxías de ensino-aprendizaxe en forma de traballo colaborativo entre alumnado con grao heteroxéneo de desenvolvemento de capacidades de modo que os máis avanzados titoricen aos que precisan algún tipo de reforzo.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| ET.1 - Comprensión de lectura | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.2 - Expresión oral e escrita | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.3 - Competencia dixital e comunicación audiovisual | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.4 - Emprendemento social e empresarial | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.5 - Fomento do espírito crítico e científico | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.6 - Educación emocional e en valores | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.7 - Igualdade de xénero e non discriminación por orientación sexual | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.8 - Creatividade | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.9 - Prevención e resolución pacífica de conflitos | X | X | X | X | X | X | X | X |

| | UD 9 |
|---|---|
| ET.1 - Comprensión de lectura | X |
| ET.2 - Expresión oral e escrita | X |
| ET.3 - Competencia dixital e comunicación audiovisual | X |
| ET.4 - Emprendemento social e empresarial | X |
| ET.5 - Fomento do espírito crítico e científico | X |
| ET.6 - Educación emocional e en valores | X |
| ET.7 - Igualdade de xénero e non discriminación por orientación sexual | X |
| ET.8 - Creatividade | X |
| ET.9 - Prevención e resolución pacífica de conflitos | X |

**Observacións:**

Contidos extraidos do Artigo 19 da Lei Orgánica 3/2020, do Decreto157/2022 polo que se establece a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

## 7.2. Actividades complementarias

| Actividade | Descrición | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|
| Asistencia a un xuízo na Audiencia provincial/Tribunais de xustiza | Asistencia a un xuizo na Audiencia provincial/Tribunais de xustiza | | | |
| Participación na XI Olimpiada Filosófica de Galicia | Participación na XI Olimpiada Filosófica de Galicia | | | |

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro |
|---|
| 1. Os materiais entregados ao alunado desenvolven os contidos da programación. |
| 2. Os materiais son cognitivamente significativos para o alunado. |
| 3. A planificación e temporalización das actividades é adecuada. |
| 4. O nivel de dificultade das actividades e explicacións correspóndese coa zona de desenvolvemento próximo do alunado. |
| 5. As actividades son interesantes para o alunado. |
| 6. A axuda prestada ao alunado é suficiente para que progrese na construcción do coñecemento. |
| 7. O alunado está informado das correccións e participa activamente nas mesmas. |
| 8. Seguíronse os criterios de cualificación, avaliación e promoción do alunado. |
| 9. Seguíronse as medidas de atención á diversidade. |
| 10. Solucionáronse axeitadamente os problemas de convivencia na aula. |

**Descrición:**

Estes indicadores especifícanse nas seguintes preguntas que se entregarán ao alunado e que eles valorarán nunha escala de 1 a 4 (1=NADA DE ACORDO/2=POUCO DE ACORDO/3=BASTANTE DE ACORDO/4=TOTALMENTE DE ACORDO)

1. Os materiais empregadosdesenvolven os contidos da programación
2. Os materiais empregados son claros e comprensibles
3. As actividades están ben planificadas
4. O nivel de dificultade das actividades é adecuado
5. As actividades son interesantes
6. Comprendo as explicacións do profesor
7. O profesor soluciona as dificultades que se lle plantexan na aula

8. Coñezo a corrección de actividades e exames e podo participar nas mesmas
9. A corrección de actividades e exames adecúase aos criterios de cualificación
10. O docente soluciona axeitadamente os problemas de convivencia na aula
11. Realizo as tarefas e actividades con regularidade
12. Sigo as pautas establecidas polo profesor

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Na derradeira reunión do departamento os membros do departamento cubrirán a seguinte rúbrica de avaliación da programación para modificar o curso seguinte a programación naqueles aspectos que non acaden o valor 3 da escala.
(1=NADA DE ACORDO/2=POUCO DE ACORDO/3=BASTANTE DE ACORDO/4=TOTALMENTE DE ACORDO)

1. O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas.
2. Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada criterio.
3. Vinculación adecuada de cada criterio co seu instrumento de avaliación.
4. Fixación dunha estratexia metodolóxica común para todo o departamento.
5. Adecuación dos materiais didácticos utilizados en relación cos contidos.
6. Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba.
7. Adecuación dos instrumentos establecidos para a avaliación extraordinaria.
8. Adecuación dos criterios establecidos para o seguimento de materias pendentes.
9. Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE.
10. Grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas.

## 9. Outros apartados

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

| Código | Centro | Concello | Ano académico |
|---|---|---|---|
| 36006729 | IES Valle-Inclán | Pontevedra | 2023/2024 |

## Área/materia/ámbito

| Ensinanza | Nome da área/materia/ámbito | Curso | Sesións semanais | Sesións anuais |
|---|---|---|---|---|
| Bacharelato | Historia da filosofía | 2º Bac. | 3 | 87 |

| Réxime |
|---|
| Réxime xeral-ordinario |

**Contido** **Páxina**


| Contido | Páxina |
|---|---|
| 1. Introdución | 3 |
| 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias | 4 |
| 3.1. Relación de unidades didácticas | 5 |
| 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas | 6 |
| 4.1. Concrecións metodolóxicas | 18 |
| 4.2. Materiais e recursos didácticos | 20 |
| 5.1. Procedemento para a avaliación inicial | 22 |
| 5.2. Criterios de cualificación e recuperación | 22 |
| 6. Medidas de atención á diversidade | 23 |
| 7.1. Concreción dos elementos transversais | 25 |
| 7.2. Actividades complementarias | 26 |
| 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro | 26 |
| 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora | 27 |
| 9. Outros apartados | 28 |

## 1. Introdución

A materia de Historia da Filosofía, troncal en todos os itinerarios de Segundo Curso de Bacharelato, proporciona sentido e continuidade desde unha perspectiva histórica ás ideas e conceptos que se presentaron anteriormente na materia optativa de Filosofía de Cuarto Curso de ESO, así como na troncal de Filosofía de Primeiro Curso de Bacharelato. Deste xeito, pretende contribuir a un desenvolvemento integral do alumnado, permitíndolle reflexionar acerca da súa existencia como ser pensante e autónomo, así como das principais crenzas, ideas e conviccións propias e do seu contexto histórico e cultural coa finalidade de asumilas, rexeitalas ou modificalas de maneira crítica e razoada.
Esta materia histórica e filosófica contribúe ao desenvolvemento persoal e á formación da propia identidade, ao formularlle ao alumnado cuestións significativas sobre a súa propia existencia e o marco social no que esta se desenvolve, permitíndolle unha maior capacidade de participación nos procesos sociais, políticos, económicos e culturais nos que está inmerso e nos cambios da sociedade actual. Contribúe, ademáis, dun xeito activo ao desenvolvemento da capacidade de aprendizaxe, que permitirá ao alumnado adquirir as competencias e as habilidades necesarias para o desempeño de tarefas complexas, fomentando a súa disposición para continuar aprendendo ao longo da vida.
A materia de Historia da Filosofía realiza un tratamento integral dos elementos transversais que corresponden ao Bacharelato, destacando nomeadamente, entre outros, a comprensión e a expresión orais e escritas ou o uso das tecnoloxías da información e da comunicación en todos os bloques da materia. Por todo iso, a Historia da Filosofía preséntase como unha disciplina que persegue contribuir ao logro da maior parte dos obxectivos e competencias do Bacharelato, tanto os relacionados co desenvolvemento persoal e social, o exercicio da cidadanía democrática e o desenvolvemento dunha conciencia cívica ou o fomento da igualdade de dereitos entre homes e mulleres, como os que permiten acadar os coñecementos, as capacidades do pensamento abstracto e as habilidades da investigación e o traballo intelectual, ademais dos referidos aos hábitos de estudo, aos recursos orais e de uso das tecnoloxías da información e a comunicación e ao afianzamento de actitudes de asertividade, iniciativa e traballo en equipo.
Neste sentido, a materia de Historia da Filosofía estará orientada á consecución de tres finalidades principais:

1) Presentar un marco conceptual e metodolóxico das principais inquietudes do ser humano ao longo da historia da cultura occidental.
2) Fomentar o emprego do diálogo e da escoita racional características dunha sociedade democrática.
3) Proporcionar ao alumnado os elementos imprescindibles para reflexionar de maneira crítica, creativa e participativa sobre a propia persoa e acerca dos principais debates da sociedade contemporánea.

Os modelos clásicos de pensamento cos que se ten respondido dun xeito crítico e racional aos principais problemas filosóficos tradicionais da nosa cultura son estudados dende o século VII a.C ata a actualidade. Como principal novidade, o actual currículo favorece a inclusión de elementos contextuais que permiten ao alumnado comprender e avaliar a posición da muller na historia do pensamento occidental, favorecendo unha educación en valores que reduce o carácter androcéntrico dos enfoques tradicionais da historiografía filosófica.
Tal e como sinalamos máis abaixo, os contidos da materia atópanse distribuidos en tres bloques, que serán desenvoltos ao longo dos tres principais periodos lectivos dos que consta o curso académico:
Bloque 1: Filosofía antiga e medieval.
Bloque 2: Filosofía moderna e ilustrada.
Bloque 3: Filosofía contemporánea.

O Instituto de Educación Secundaria Valle-Inclán de Pontevedra acolle principalmente a un alumnado procedente do núcleo central da cidade, ofertando en turno diurno catro liñas de Educación Secundaria Obrigatoria e cinco liñas de Bacharelato, nas modalidades de Ciencias, Humanidades e Ciencias Sociais. Asimesmo, imparte en quenda nocturna ensinanzas de Bacharelato para persoas adultas. Os resultados finais do alumnado adoitan ser satisfactorios e unha maioría dos matriculados en ambas quendas emprende estudos universitarios tras concluir os de Bacharelato.
O cinco grupos de 2º de Bacharelato da materia están formados por uns 20-25 alumnos e alumnas de entre 16 e 18 anos .
A presente programación didáctica desenvolve a materia de Historia da Filosofía para segundo curso de Bacharelato tal e como dispón a seguinte normativa en vigor:

- DECRETO 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- DECRETO 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na

Comunidade Autónoma de Galicia.
- ORDE do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.
- ORDE do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.
- ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- ORDE do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| OBX1 - Buscar, analizar, interpretar, producir e transmitir información relativa a feitos histórico-filosóficos, a partir do uso crítico e seguro de fontes e o dominio de técnicas sinxelas de investigación, para xerar coñecementos e producións propias sobre a historia dos problemas e ideas filosóficos. | 1-2-3 | | | 1-3 | 40 | 3 | 3 | |
| OBX2 - Recoñecer as normas e pautas da argumentación e o diálogo filosóficos, mediante a súa identificación e análise en distintos soportes e a través de diversas actividades, para aplicalas con rigor na construción e exposición de argumentos e no exercicio do diálogo cos demais. | 1-5 | | 1 | | 31 | 2-3 | | 1-32 |
| OBX3 - Comprender e expresar diferentes concepcións filosóficas historicamente dadas, mediante o achegamento ás súas fontes e o traballo crítico sobre estas, para desenvolver o coñecemento dun acervo que constitúe parte esencial do patrimonio cultural común. | | | | | | 1-2-3 | | 1 |
| OBX4 - Recoñecer a natureza esencialmente plural e diversa das concepcións filosóficas historicamente dadas, mediante a súa posta en relación dialéctica, de confrontación e complementariedade, para xerar unha concepción complexa e dinámica da historia do pensamento, e promover unha actitude tolerante e comprometida coa resolución racional e dialogada dos conflitos. | 2 | | | | | 1-2-3 | | |

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| OBX5 - Recoñecer o modo en que se formularon sucesivamente, a través de distintas épocas e concepcións filosóficas, os mesmos problemas filosóficos, mediante a análise e interpretación de textos e outros modos de expresión filosófica ou máis amplamente culturais historicamente dados, para afrontar tales problemas a partir da reflexión crítica sobre o coñecemento do achegado pola tradición. | 2 | | | | | 1-2-3 | | 1 |
| OBX6 - Recoñecer as formas diversas en que os interrogantes filosóficos e os seus intentos de resposta se presentaron historicamente noutros ámbitos da cultura, mediante a análise interpretativa de textos e outras manifestacións pertencentes a eses ámbitos, para promover unha concepción sistemática, relacional e complexa da historia da cultura occidental e do papel das ideas filosóficas nela. | 2 | | | | | 1-2-3 | | 1 |
| OBX7 - Analizar problemas fundamentais e de actualidade, mediante a exposición crítica de distintas posicións histórico-filosóficas relevantes para a comprensión e discusión daqueles, para desenvolver a autonomía de xuízo e promover actitudes e accións cívica e eticamente consecuentes. | | | | | 40 | 1-2-3-4 | 1 | |

**Descrición:**

### 3.1. Relación de unidades didácticas

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 1 | Filosofía grega | Introdución ao inicio da filosofía na sociedade androcéntrica Grega: Platón e Aristóteles | 20 | 15 | X | | |
| 2 | Filosofía medieval | A produción filosófica da sociedade feudal cristia europea | 10 | 12 | X | | |
| 3 | Filosofía moderna | A filosofia europea do renacemento: revolución científica e política | 15 | 15 | | X | |
| 4 | Filosofía Ilustrada | A filosofia ilustrada: os dereitos e os deberes da cidadania | 20 | 15 | | X | |
| 5 | Filosofía contemporánea: século XIX | As filosofías críticas no capitalismo europeo | 20 | 15 | | | X |
| 6 | Filosofía séculos XX e XXI | Filosofía tras as guerras mundiais na sociedade global postmoderna: feminismos. | 15 | 15 | | | X |

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 1 | Filosofía grega | 15 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.1 - Xerar un coñecemento rigoroso de fontes e documentos filosoficamente relevantes, aplicando técnicas de busca, organización, análise, comparación e interpretación destes, e relacionándoos correctamente con contextos históricos, problemas, teses, autoras e autores, así como con elementos pertencentes a outros ámbitos culturais. | Analiza e relaciona épocas, contextos e problemáticas diferentes | PE | 60 |
| CA1.5 - Adquirir e expresar un coñecemento significativo das máis importantes propostas filosóficas que se sucederon ao longo da historia, a través da indagación sobre elas e a identificación das cuestións ás que responden. | Expresa de xeito oral ou escrito alo menos un elemento principal de cada proposta filosófico ao longo da historia. | | |
| CA1.6 - Identificar, comprender e debater sobre os principais problemas, ideas, teses e controversias filosóficas da historia do pensamento, a través da análise e comentario crítico de textos e documentos filosóficos ou relevantes para a filosofía. | Comprende e extrae a idea principal dun texto filosófico | | |
| CA1.7 - Xerar unha concepción plural, dialéctica, aberta e crítica da historia do pensamento, a través da comprensión, a realización de sínteses comparativas e a exposición das relacións de oposición e complementariedade entre teses, escolas, filósofas e filósofos dunha mesma época ou tradición ou de distintas épocas e tradicións. | Expresa de xeito escrito a importancia do diálogo entre escolas filosóficas ao longo da historia | | |
| CA1.9 - Comprender a dimensión temporal e universal dos problemas filosóficos máis importantes, comparando mediante esquemas ou outros produtos ou actividades o tratamento filosófico que se fai deles en distintas épocas, escolas, tradicións, autoras e autores. | Expón de xeito oral ou escrito a trascendencia dos problemas filosóficos | | |
| CA1.11 - Desenvolver a autonomía de xuízo e promover formulacións, actitudes e accións ética e civicamente consecuentes con respecto a problemas fundamentais da actualidade, a partir da comprensión de ideas, teorías e controversias histórico-filosóficas que poidan contribuír a clarificar tales problemas, e a elaboración de propostas de carácter crítico e persoal con respecto a estes. | Elabora un xuizo persoal argumentado acerca das diferentes propostas éticas e cívicas | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.2 - Construír xuízos propios sobre problemas histórico-filosóficos, a través da elaboración e presentación de documentos e traballos de investigación sobre estes con precisión e aplicando os protocolos ao uso, tanto de forma individual como grupal e cooperativa. | Elabora un traballo de investigación con conclusións propias | TI | 40 |
| CA1.3 - Empregar argumentos de modo rigoroso, recoñecendo e aplicando normas, técnicas e pautas lóxicas, retóricas e argumentativas, e evitando modos dogmáticos, falaces e nesgados de soster opinións e hipóteses. | Exprésase de xeito oral ou escrito empregando unha boa argumentación | | |
| CA1.4 - Soster o hábito do diálogo argumentativo, empático, aberto e construtivamente comprometido coa procura do coñecemento, a través da participación activa, respectuosa e colaborativa en cantas actividades se propoñan. | As súas intervencións parten da escoita activa e integran as aportacións das compañeiras e compañeiros | | |
| CA1.8 - Afrontar os grandes problemas filosóficos no seu dobre aspecto histórico e universal, a través da análise e exposición crítica das condicións culturais que permitiron a aparición e evolución daqueles en distintos momentos da historia. | Comprende e expón de xeito oral ou escrito o contexto dos problemas filosóficos | | |
| CA1.10 - Adquirir unha concepción sistémica e relacional da historia da cultura occidental, e do papel das ideas filosóficas nela, mediante a análise, comentario e comparación de textos ou documentos literarios, historiográficos, xornalísticos, científicos ou relixiosos, así como de calquera outra manifestación cultural, nos que se expresen problemas e concepcións filosoficamente relevantes. | Distingue tipoloxías textuais á hora de investigar sobre a cultura occidental | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Introdución á historia da filosofía. |
| - A universalidade dos problemas aos que se enfronta. |
| - A historicidade das concepcións filosóficas propostas. |
| - Os métodos de traballo en historia da filosofía. |
| - O xurdimento da filosofía occidental en Grecia: o paso do mito ao logos. |
| - A orixe grega da filosofía occidental. A filosofía noutras tradicións culturais. |
| - A cosmovisión mítica. |
| - A teorización filosófica como proposta dunha cosmovisión racional. |
| - O pensamento dos presocráticos sobre a realidade. |
| - O século V, o esplendor de Atenas. |
| - A democracia ateniense e a época de Pericles. |

| Contidos |
|---|
| - Aspasia de Mileto e o papel da muller na cultura e na filosofía gregas.<br>- A reflexión sofista sobre o individuo e a cidadanía.<br>- A figura de Sócrates e o compromiso coa polis.<br>- O problema da realidade.<br>- A solución platónica: a teoría das ideas e o dualismo ontolóxico e a súa problematicidade.<br>- As críticas aristotélicas á teoría das ideas. Hilemorfismo, teoría das causas e teleoloxismo na natureza.<br>- O problema do coñecemento.<br>- Os conceptos universais en Sócrates.<br>- A teoría platónica do coñecemento. A dialéctica como saber. A reminiscencia.<br>- O proceso de coñecemento segundo Aristóteles. Experiencia sensible e o traballo do entendemento.<br>- A antropoloxía na filosofía clásica.<br>- O método socrático e o coñecemento de si.<br>- O dualismo antropolóxico platónico. A teoría da alma.<br>- As funcións da alma en Aristóteles.<br>- A discusión ética.<br>- O intelectualismo socrático.<br>- A fundamentación teórica da xustiza e as virtudes en Platón.<br>- Eudemonismo e virtudes na ética aristotélica.<br>- O debate político.<br>- O isomorfismo ético-político en Platón: o estado xusto e o papel da educación.<br>- O ser humano como animal político. A reflexión aristotélica sobre a polis.<br>- A época helenística.<br>- Alexandre Magno. Da polis ao imperio.<br>- Filosofía, ciencia e cultura no helenismo. A figura de Hipatia de Alexandría.<br>- As grandes escolas morais no helenismo. Estoicismo e epicureísmo. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 2 | Filosofía medieval | 12 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA2.1 - Xerar un coñecemento rigoroso de fontes e documentos filosoficamente relevantes, aplicando técnicas de busca, organización, análise, comparación e interpretación deste, e relacionándoos correctamente con contextos históricos, problemas, teses, autoras e autores, así como con elementos pertencentes a outros ámbitos culturais. | Analiza e relaciona épocas, contextos e problemáticas diferentes | PE | 86 |
| CA2.2 - Construír xuízos propios sobre problemas histórico-filosóficos, a través da elaboración e presentación de documentos e traballos de investigación sobre estes con precisión e aplicando os protocolos ao uso, tanto de forma individual como grupal e cooperativa. | Elabora un traballo de investigación con conclusións propias | | |
| CA2.5 - Adquirir e expresar un coñecemento significativo das máis importantes propostas filosóficas que se sucederon ao longo da historia, a través da indagación sobre elas e a identificación das cuestións ás que responden. | Expresa de xeito oral ou escrito alo menos un elemento principal de cada proposta filosófico ao longo da historia. | | |
| CA2.6 - Identificar, comprender e debater sobre os principais problemas, ideas, teses e controversias filosóficas da historia do pensamento, a través da análise e comentario crítico de textos e documentos filosóficos ou relevantes para a filosofía. | Comprende e extrae a idea principal dun texto filosófico | | |
| CA2.7 - Xerar unha concepción plural, dialéctica, aberta e crítica da historia do pensamento, a través da comprensión, a realización de sínteses comparativas e a exposición das relacións de oposición e complementariedade entre teses, escolas, filósofas e filósofos dunha mesma época ou tradición ou de distintas épocas e tradicións. | Expresa de xeito escrito a importancia do diálogo entre escolas filosóficas ao longo da historia | | |
| CA2.8 - Afrontar os grandes problemas filosóficos no seu dobre aspecto histórico e universal, a través da análise e exposición crítica das condicións culturais que permitiron a aparición e evolución daqueles en distintos momentos da historia. | Comprende e expón de xeito oral ou escrito o contexto dos problemas filosóficos | | |
| CA2.9 - Comprender a dimensión temporal e universal dos problemas filosóficos máis importantes, comparando mediante esquemas ou outros produtos ou actividades o tratamento filosófico que se fai deles en distintas épocas, escolas, tradicións, autoras e autores. | Expón de xeito oral ou escrito a trascendencia dos problemas filosóficos | | |
| CA2.10 - Adquirir unha concepción sistémica e relacional da historia da cultura occidental, e do papel das ideas filosóficas nela, mediante a análise, comentario e comparación de textos ou documentos literarios, historiográficos, xornalísticos, científicos ou relixiosos, así como de calquera outra manifestación cultural, nos que se expresen problemas e concepcións filosoficamente relevantes. | Distingue tipoloxías textuais á hora de investigar sobre a cultura occidental | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA2.11 - Desenvolver a autonomía de xuízo e promover formulacións, actitudes e accións ética e civicamente consecuentes con respecto a problemas fundamentais da actualidade, a partir da comprensión de ideas, teorías e controversias histórico-filosóficas que poidan contribuír a clarificar tales problemas, e a elaboración de propostas de carácter crítico e persoal con respecto a estes. | Elabora un xuizo persoal argumentado acerca das diferentes propostas éticas e cívicas | | |
| CA2.3 - Empregar argumentos de modo rigoroso, recoñecendo e aplicando normas, técnicas e pautas lóxicas, retóricas e argumentativas, e evitando modos dogmáticos, falaces e nesgados de soster opinións e hipóteses. | Exprésase de xeito oral ou escrito empregando unha boa argumentación | TI | 14 |
| CA2.4 - Soster o hábito do diálogo argumentativo, empático, aberto e construtivamente comprometido coa procura do coñecemento, a través da participación activa, respectuosa e colaborativa en cantas actividades se propoñan. | As súas intervencións parten da escoita activa e integran as aportacións das compañeiras e compañeiros | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - A asimilación do pensamento grego pola filosofía cristiá. Etapas e cuestións fundamentais na filosofía medieval. |
| - O encontro do cristianismo coa filosofía grega. |
| - A patrística: o neoplatonismo en Agostiño de Hipona. |
| - A filosofía árabe e xudía. |
| - A escolástica. O aristotelismo en Tomé de Aquino e a crise da escolástica en Guillerme de Ockham. |
| - A personalidade polifacética de Hildegard von Bingen. |
| - O problema da relación entre fe e razón na filosofía medieval. De Agostiño a Ockham. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 3 | Filosofía moderna | 15 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA2.1 - Xerar un coñecemento rigoroso de fontes e documentos filosoficamente relevantes, aplicando técnicas de busca, organización, análise, comparación e interpretación deste, e relacionándoos correctamente con contextos históricos, problemas, teses, autoras e autores, así como con elementos pertencentes a outros ámbitos culturais. | Analiza e relaciona épocas, contextos e problemáticas diferentes | PE | 82 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA2.3 - Empregar argumentos de modo rigoroso, recoñecendo e aplicando normas, técnicas e pautas lóxicas, retóricas e argumentativas, e evitando modos dogmáticos, falaces e nesgados de soster opinións e hipóteses. | Exprésase de xeito oral ou escrito empregando unha boa argumentación | | |
| CA2.5 - Adquirir e expresar un coñecemento significativo das máis importantes propostas filosóficas que se sucederon ao longo da historia, a través da indagación sobre elas e a identificación das cuestións ás que responden. | Expresa de xeito oral ou escrito alo menos un elemento principal de cada proposta filosófico ao longo da historia. | | |
| CA2.6 - Identificar, comprender e debater sobre os principais problemas, ideas, teses e controversias filosóficas da historia do pensamento, a través da análise e comentario crítico de textos e documentos filosóficos ou relevantes para a filosofía. | Comprende e extrae a idea principal dun texto filosófico | | |
| CA2.7 - Xerar unha concepción plural, dialéctica, aberta e crítica da historia do pensamento, a través da comprensión, a realización de sínteses comparativas e a exposición das relacións de oposición e complementariedade entre teses, escolas, filósofas e filósofos dunha mesma época ou tradición ou de distintas épocas e tradicións. | Expresa de xeito escrito a importancia do diálogo entre escolas filosóficas ao longo da historia | | |
| CA2.8 - Afrontar os grandes problemas filosóficos no seu dobre aspecto histórico e universal, a través da análise e exposición crítica das condicións culturais que permitiron a aparición e evolución daqueles en distintos momentos da historia. | Comprende e expón de xeito oral ou escrito o contexto dos problemas filosóficos | | |
| CA2.9 - Comprender a dimensión temporal e universal dos problemas filosóficos máis importantes, comparando mediante esquemas ou outros produtos ou actividades o tratamento filosófico que se fai deles en distintas épocas, escolas, tradicións, autoras e autores. | Expón de xeito oral ou escrito a trascendencia dos problemas filosóficos | | |
| CA2.10 - Adquirir unha concepción sistémica e relacional da historia da cultura occidental, e do papel das ideas filosóficas nela, mediante a análise, comentario e comparación de textos ou documentos literarios, historiográficos, xornalísticos, científicos ou relixiosos, así como de calquera outra manifestación cultural, nos que se expresen problemas e concepcións filosoficamente relevantes. | Distingue tipoloxías textuais á hora de investigar sobre a cultura occidental | | |
| CA2.11 - Desenvolver a autonomía de xuízo e promover formulacións, actitudes e accións ética e civicamente consecuentes con respecto a problemas fundamentais da actualidade, a partir da comprensión de ideas, teorías e controversias histórico-filosóficas que poidan contribuír a clarificar tales problemas, e a elaboración de propostas de carácter crítico e persoal con respecto a estes. | Elabora un xuizo persoal argumentado acerca das diferentes propostas éticas e cívicas | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA2.2 - Construír xuízos propios sobre problemas histórico-filosóficos, a través da elaboración e presentación de documentos e traballos de investigación sobre estes con precisión e aplicando os protocolos ao uso, tanto de forma individual como grupal e cooperativa. | Elabora un traballo de investigación con conclusións propias | TI | 18 |
| CA2.4 - Soster o hábito do diálogo argumentativo, empático, aberto e construtivamente comprometido coa procura do coñecemento, a través da participación activa, respectuosa e colaborativa en cantas actividades se propoñan. | As súas intervencións parten da escoita activa e integran as aportacións das compañeiras e compañeiros | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - O nacemento da modernidade europea.<br>- O Renacemento.<br>- A reforma protestante.<br>- A revolución científica.<br>- O xiro epistemolóxico da modernidade.<br>- O racionalismo: René Descartes.<br>- O empirismo: David Hume.<br>- O debate metafísico na modernidade.<br>- A teoría cartesiana das substancias.<br>- O materialismo desde Thomas Hobbes á ilustración.<br>- A cuestión da orixe e fundamento da sociedade e o poder na modernidade.<br>- A ruptura co pensamento político medieval.<br>- A teoría do contrato social. Thomas Hobbes, John Locke e Jean-Jacques Rousseau. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 4 | Filosofía Ilustrada | 15 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA2.1 - Xerar un coñecemento rigoroso de fontes e documentos filosoficamente relevantes, aplicando técnicas de busca, organización, análise, comparación e interpretación deste, e relacionándoos correctamente con contextos históricos, problemas, teses, autoras e autores, así como con elementos pertencentes a outros ámbitos culturais. | Analiza e relaciona épocas, contextos e problemáticas diferentes | PE | 46 |
| CA2.5 - Adquirir e expresar un coñecemento significativo das máis importantes propostas filosóficas que se sucederon ao longo da historia, a través da indagación sobre elas e a identificación das cuestións ás que responden. | Expresa de xeito oral ou escrito alo menos un elemento principal de cada proposta filosófico ao longo da historia. | | |
| CA2.6 - Identificar, comprender e debater sobre os principais problemas, ideas, teses e controversias filosóficas da historia do pensamento, a través da análise e comentario crítico de textos e documentos filosóficos ou relevantes para a filosofía. | Comprende e extrae a idea principal dun texto filosófico | | |
| CA2.8 - Afrontar os grandes problemas filosóficos no seu dobre aspecto histórico e universal, a través da análise e exposición crítica das condicións culturais que permitiron a aparición e evolución daqueles en distintos momentos da historia. | Comprende e expón de xeito oral ou escrito o contexto dos problemas filosóficos | | |
| CA2.11 - Desenvolver a autonomía de xuízo e promover formulacións, actitudes e accións ética e civicamente consecuentes con respecto a problemas fundamentais da actualidade, a partir da comprensión de ideas, teorías e controversias histórico-filosóficas que poidan contribuír a clarificar tales problemas, e a elaboración de propostas de carácter crítico e persoal con respecto a estes. | Elabora un xuizo persoal argumentado acerca das diferentes propostas éticas e cívicas | | |
| CA2.2 - Construír xuízos propios sobre problemas histórico-filosóficos, a través da elaboración e presentación de documentos e traballos de investigación sobre estes con precisión e aplicando os protocolos ao uso, tanto de forma individual como grupal e cooperativa. | Elabora un traballo de investigación con conclusións propias | TI | 54 |
| CA2.3 - Empregar argumentos de modo rigoroso, recoñecendo e aplicando normas, técnicas e pautas lóxicas, retóricas e argumentativas, e evitando modos dogmáticos, falaces e nesgados de soster opinións e hipóteses. | Exprésase de xeito oral ou escrito empregando unha boa argumentación | | |
| CA2.4 - Soster o hábito do diálogo argumentativo, empático, aberto e construtivamente comprometido coa procura do coñecemento, a través da participación activa, respectuosa e colaborativa en cantas actividades se propoñan. | As súas intervencións parten da escoita activa e integran as aportacións das compañeiras e compañeiros | | |
| CA2.7 - Xerar unha concepción plural, dialéctica, aberta e crítica da historia do pensamento, a través da comprensión, a realización de sínteses comparativas e a exposición das relacións de oposición e complementariedade entre teses, escolas, filósofas e filósofos dunha mesma época ou tradición ou de distintas épocas e tradicións. | Expresa de xeito escrito a importancia do diálogo entre escolas filosóficas ao longo da historia | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA2.9 - Comprender a dimensión temporal e universal dos problemas filosóficos máis importantes, comparando mediante esquemas ou outros produtos ou actividades o tratamento filosófico que se fai deles en distintas épocas, escolas, tradicións, autoras e autores. | Expón de xeito oral ou escrito a trascendencia dos problemas filosóficos | | |
| CA2.10 - Adquirir unha concepción sistémica e relacional da historia da cultura occidental, e do papel das ideas filosóficas nela, mediante a análise, comentario e comparación de textos ou documentos literarios, historiográficos, xornalísticos, científicos ou relixiosos, así como de calquera outra manifestación cultural, nos que se expresen problemas e concepcións filosoficamente relevantes. | Distingue tipoloxías textuais á hora de investigar sobre a cultura occidental | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - A Ilustración como cumio da modernidade. |
| - O proxecto ilustrado: potencia e límites da razón. |
| - Os dereitos do home. |
| - A filosofía crítica de Immanuel Kant e o problema da metafísica como ciencia. |
| - A ética formal kantiana fronte ás éticas materiais (éticas da felicidade e utilitarismo). |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 5 | Filosofía contemporánea: século XIX | 15 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA3.1 - Xerar un coñecemento rigoroso de fontes e documentos filosoficamente relevantes, aplicando técnicas de busca, organización, análise, comparación e interpretación destes, e relacionándoos correctamente con contextos históricos, problemas, teses, autoras e autores, así como con elementos pertencentes a outros ámbitos culturais. | Analiza e relaciona épocas, contextos e problemáticas diferentes | PE | 37 |
| CA3.6 - Identificar, comprender e debater sobre os principais problemas, ideas, teses e controversias filosóficas da historia do pensamento, a través da análise e comentario crítico de textos e documentos filosóficos ou relevantes para a filosofía. | Comprende e extrae a idea principal dun texto filosófico | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA3.8 - Afrontar os grandes problemas filosóficos no seu dobre aspecto histórico e universal, a través da análise e exposición crítica das condicións culturais que permitiron a aparición e evolución daqueles en distintos momentos da historia. | Comprende e expón de xeito oral ou escrito o contexto dos problemas filosóficos | | |
| CA3.10 - Adquirir unha concepción sistémica e relacional da historia da cultura occidental, e do papel das ideas filosóficas nela, mediante a análise, comentario e comparación de textos ou documentos literarios, historiográficos, xornalísticos, científicos ou relixiosos, así como de calquera outra manifestación cultural, nos que se expresen problemas e concepcións filosoficamente relevantes. | Distingue tipoloxías textuais á hora de investigar sobre a cultura occidental | | |
| CA3.2 - Construír xuízos propios sobre problemas histórico-filosóficos, a través da elaboración e presentación de documentos e traballos de investigación sobre estes con precisión e aplicando os protocolos ao uso, tanto de forma individual como grupal e cooperativa. | Elabora un traballo de investigación con conclusións propias | TI | 63 |
| CA3.3 - Empregar argumentos de modo rigoroso, recoñecendo e aplicando normas, técnicas e pautas lóxicas, retóricas e argumentativas, e evitando modos dogmáticos, falaces e nesgados de soster opinións e hipóteses. | Exprésase de xeito oral ou escrito empregando unha boa argumentación | | |
| CA3.4 - Soster o hábito do diálogo argumentativo, empático, aberto e construtivamente comprometido coa procura do coñecemento, a través da participación activa, respectuosa e colaborativa en cantas actividades se propoñan. | As súas intervencións parten da escoita activa e integran as aportacións das compañeiras e compañeiros | | |
| CA3.5 - Adquirir e expresar un coñecemento significativo das máis importantes propostas filosóficas que se sucederon ao longo da historia, a través da indagación sobre elas e a identificación das cuestións ás que responden. | Expresa de xeito oral ou escrito alo menos un elemento principal de cada proposta filosófico ao longo da historia. | | |
| CA3.7 - Xerar unha concepción plural, dialéctica, aberta e crítica da historia do pensamento, a través da comprensión, a realización de sínteses comparativas e a exposición das relacións de oposición e complementariedade entre teses, escolas, filósofas e filósofos dunha mesma época ou tradición ou de distintas épocas e tradicións. | Expresa de xeito escrito a importancia do diálogo entre escolas filosóficas ao longo da historia | | |
| CA3.9 - Comprender a dimensión temporal e universal dos problemas filosóficos máis importantes, comparando mediante esquemas ou outros produtos ou actividades o tratamento filosófico que se fai deles en distintas épocas, escolas, tradicións, autoras e autores. | Expón de xeito oral ou escrito a trascendencia dos problemas filosóficos | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA3.11 - Desenvolver a autonomía de xuízo e promover formulacións, actitudes e accións ética e civicamente consecuentes con respecto a problemas fundamentais da actualidade, a partir da comprensión de ideas, teorías e controversias histórico-filosóficas que poidan contribuír a clarificar tales problemas, e a elaboración de propostas de carácter crítico e persoal con respecto a estes. | Elabora un xuizo persoal argumentado acerca das diferentes propostas éticas e cívicas | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - O cuestionamento do proxecto político da ilustración desde o século XIX á actualidade. |
| - O pensamento revolucionario de Marx: dialéctica e materialismo histórico. |
| - A creba do pensamento filosófico occidental. |
| - A crítica á cultura occidental en Nietzsche. Nihilismo e transvaloración. |
| - O existencialismo. |
| - A analítica do ser-aí. Heidegger. |
| - Existencia humana e liberdade radical. Sartre. |
| - O pensamento feminista desde a ilustración. |
| - A reclamación do carácter de suxeito das mulleres: Mary Wollstonecraft e Olympe de Gouges. |
| - A loita polos dereitos civís e políticos das mulleres durante os séculos XIX e XX. Simone de Beauvoir. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 6 | Filosofía séculos XX e XXI | 15 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA3.1 - Xerar un coñecemento rigoroso de fontes e documentos filosoficamente relevantes, aplicando técnicas de busca, organización, análise, comparación e interpretación destes, e relacionándoos correctamente con contextos históricos, problemas, teses, autoras e autores, así como con elementos pertencentes a outros ámbitos culturais. | Analiza e relaciona épocas, contextos e problemáticas diferentes | PE | 28 |
| CA3.6 - Identificar, comprender e debater sobre os principais problemas, ideas, teses e controversias filosóficas da historia do pensamento, a través da análise e comentario crítico de textos e documentos filosóficos ou relevantes para a filosofía. | Comprende e extrae a idea principal dun texto filosófico | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA3.8 - Afrontar os grandes problemas filosóficos no seu dobre aspecto histórico e universal, a través da análise e exposición crítica das condicións culturais que permitiron a aparición e evolución daqueles en distintos momentos da historia. | Comprende e expón de xeito oral ou escrito o contexto dos problemas filosóficos | | |
| CA3.2 - Construír xuízos propios sobre problemas histórico-filosóficos, a través da elaboración e presentación de documentos e traballos de investigación sobre estes con precisión e aplicando os protocolos ao uso, tanto de forma individual como grupal e cooperativa. | Elabora un traballo de investigación con conclusións propias | TI | 72 |
| CA3.3 - Empregar argumentos de modo rigoroso, recoñecendo e aplicando normas, técnicas e pautas lóxicas, retóricas e argumentativas, e evitando modos dogmáticos, falaces e nesgados de soster opinións e hipóteses. | Exprésase de xeito oral ou escrito empregando unha boa argumentación | | |
| CA3.4 - Soster o hábito do diálogo argumentativo, empático, aberto e construtivamente comprometido coa procura do coñecemento, a través da participación activa, respectuosa e colaborativa en cantas actividades se propoñan. | As súas intervencións parten da escoita activa e integran as aportacións das compañeiras e compañeiros | | |
| CA3.5 - Adquirir e expresar un coñecemento significativo das máis importantes propostas filosóficas que se sucederon ao longo da historia, a través da indagación sobre elas e a identificación das cuestións ás que responden. | Expresa de xeito oral ou escrito alo menos un elemento principal de cada proposta filosófico ao longo da historia. | | |
| CA3.7 - Xerar unha concepción plural, dialéctica, aberta e crítica da historia do pensamento, a través da comprensión, a realización de sínteses comparativas e a exposición das relacións de oposición e complementariedade entre teses, escolas, filósofas e filósofos dunha mesma época ou tradición ou de distintas épocas e tradicións. | Expresa de xeito escrito a importancia do diálogo entre escolas filosóficas ao longo da historia | | |
| CA3.9 - Comprender a dimensión temporal e universal dos problemas filosóficos máis importantes, comparando mediante esquemas ou outros produtos ou actividades o tratamento filosófico que se fai deles en distintas épocas, escolas, tradicións, autoras e autores. | Expón de xeito oral ou escrito a trascendencia dos problemas filosóficos | | |
| CA3.10 - Adquirir unha concepción sistémica e relacional da historia da cultura occidental, e do papel das ideas filosóficas nela, mediante a análise, comentario e comparación de textos ou documentos literarios, historiográficos, xornalísticos, científicos ou relixiosos, así como de calquera outra manifestación cultural, nos que se expresen problemas e concepcións filosoficamente relevantes. | Distingue tipoloxías textuais á hora de investigar sobre a cultura occidental | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA3.11 - Desenvolver a autonomía de xuízo e promover formulacións, actitudes e accións ética e civicamente consecuentes con respecto a problemas fundamentais da actualidade, a partir da comprensión de ideas, teorías e controversias histórico-filosóficas que poidan contribuír a clarificar tales problemas, e a elaboración de propostas de carácter crítico e persoal con respecto a estes. | Elabora un xuizo persoal argumentado acerca das diferentes propostas éticas e cívicas | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - O cuestionamento do proxecto político da ilustración desde o século XIX á actualidade. |
| - A crítica aos totalitarismos no século XX: da dialéctica da ilustración na Escola de Frankfurt á banalidade do mal en H. Arendt. |
| - A creba do pensamento filosófico occidental. |
| - Alén do suxeito da modernidade. Posmodernidade, deconstrución e pensamento feble. |
| - O xiro lingüístico na análise dos problemas filosóficos. Wittgenstein e a filosofía analítica. |
| - O pensamento feminista desde a ilustración. |
| - A reclamación do carácter de suxeito das mulleres: Mary Wollstonecraft e Olympe de Gouges. |
| - A loita polos dereitos civís e políticos das mulleres durante os séculos XIX e XX. Simone de Beauvoir. |
| - O pensamento feminista na actualidade. |
| - A filosofía española no século XX: do raciovitalismo de Ortega y Gasset á razón poética de M. Zambrano. |
| - O pensamento galego no século XX. |

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía didáctica desta materia será activa e participativa, polo que favorecerá a capacidade do alumnado para aprender dun xeito autónomo, para traballar en equipo e para aplicar os métodos apropiados de comentario e de análise de texto e definición conceptual. Igualmente, deberá subliñar a relación dos aspectos teóricos da materia tanto coa vida cotiá do alumnado coma con outras materias do currículo.
En relación co exposto anteriormente, a proposta didáctica de Historia da Filosofía responderá aos criterios metodolóxicos seguintes:
-Adaptación ás características do alumnado de Bacharelato, ofrecendo actividades diversificadas de acordo coas capacidades intelectuais propias da etapa.
-Autonomía: facilitar a capacidade do alumnado para aprender por sí mesmo.
-Actividade: fomentar a participación do alumnado na dinámica xeral da aula, combinando estratexias que propicien a individualización con outras que fomenten a socialización.
-Motivación: procurar espertar o interese do alumnado pola aprendizaxe que se lle propón.
-Integración e interdisciplinariedade: presentar os contidos cunha estrutura clara, formulando as interrelacións entre os contidos de Historia da Filosofía e os doutras disciplinas doutras áreas.
-Rigor e desenvolvemento de capacidades intelectuais de certo nivel (analíticas, explicativas e interpretativas).
-Variedade na metodoloxía, dado que o alumnado aprende a partir de fórmulas moi diversas.
Máis concretamente, estes criterios deben ter en conta os criterios de avaliación comúns a todo o temario de Historia da Filosofía de 2.º de Bacharelato, que podemos resumir do seguinte xeito:

1. Realizar a análise de fragmentos dos textos máis relevantes da Historia da Filosofía e ser capaz de transferir os coñecementos a outros autores ou problemas.
2. Argumentar con claridade e capacidade crítica, oralmente e por escrito, as súas propias opinións sobre os problemas fundamentais da filosofía, dialogando de xeito razoado con outras posicións diferentes.
3. Aplicar adecuadamente as ferramentas e os procedementos do traballo intelectual á aprendizaxe da filosofía, realizando traballos de organización e investigación dos contidos.
4. Utilizar as Tecnoloxías da Información e a Comunicación na realización e exposición dos traballos de investigación filosófica.

A forma de conseguir estes obxectivos deberá estar, en todo caso, adaptada ás características específicas do alumnado.
Tipos de actividades:
As actividades programadas ha de responder a unha tipoloxía variada que se encadre dentro das categorías seguintes:
-Actividades de ensinanza-aprendizaxe baseadas no comentario de textos clásicos.
-Actividades de aplicación dos contidos teóricos á realidade e ao contorno do alumnado. Inclúense entre as actividades formuladas ao fío da exposición teórica; noutros casos, preséntanse como traballos de investigación ou reflexión persoal argumentada sobre algúns temas.
-Actividades encamiñadas a fomentar a concienciación, o debate, o xuízo crítico, a tolerancia, a solidariedade...
-Por outra parte, as actividades programadas presentan diversos niveis de dificultade. Desta forma permiten dar resposta á diversidade do alumnado, posto que poden seleccionarse aquelas máis acordes co seu estilo de aprendizaxe e cos seus intereses.
-A corrección das actividades fomenta a participación do alumnado en clase, aclara dúbidas e permite ao profesorado coñecer, de forma case inmediata, o grao de asimilación dos conceptos teóricos.
En consecuencia, as consideracións metodolóxicas xerais nesta materia orientanse a:
- Espertar a curiosidade e interese do alumnado polos problemas suscitados noutras etapas históricas mediante a planificación de contextos e estratexias de aprendizaxe que o acheguen ao seu contexto vivencial, establecendo similitudes con problemas actuais.
- Propiciar a autonomía na busca e procesamento da información para os temas tratados.
- Promover a lectura e análise de textos filosóficos e a elaboración de comentarios sobre eles que inclúan reflexións críticas argumentadas.
- Propoñer a planificación e elaboración, por parte das alumnas e dos alumnos, de traballos de inestigación ou creación que potencien a relación da filósofa ou filósofo con outras materias e contextos culturais.
- Mellorar as estratexias de procura de información, xestión e creación de coñecemento a través da Rede.
- Formular as diversas actividades con diferente grao de complexidade en función dos recursos cognitivos necesarios para realizalas, coa dobre finalidade de atender á diversidade dentro da aula e permitir unha autoavaliación axeitada e unha motivación progresiva cara a niveis de maior complexidade.
- Promoverase nos alumnos e nas alumnas a capacidade de determinar cales son as súas propias necesidades de información, tanto xeral coma específica e como satisfacelas ensinándolle a distinguir a información e súa calidade e pertinencia.
- Finalmente, o exercicio da composición fomentará a capacidade de determinar enfoques propios a temas tradicionais, xunto coa capacidade de establecer relacións e de argumentar, habilidades todas elas necesarias para acadar a madurez intelectual.
En cada unidade o profesorado fará unha selección de textos, escollidos entre os fragmentos seleccionados para as ABAU, e exercitará a técnica de lectura, comprensión e expresión escrita e oral do alumnado tendo como referencia o vocabulario filosófico específico.
DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE ACADÉMICA
Ao inicio de cada unidade didáctica exporanse os instrumentos de avaliación a aplicar e a súa ponderación.
Deseñaranse e aplicaranse probas e tarefas axustadas ás características do alumnado, actividades de avaliación con diferentes niveis de complexidade, activando diferentes recursos cognitivos.
Avaliación continua nunha ampla variedade de situacións, avaliando tarefas individuais e grupais. Nas tarefas grupais avaliararanse, ademais dos progresos na aprendizaxe, a implicación e aportacións do alumnado participante.
A avaliación, ademais de informar dos erros cometidos e da puntuación acadada, trasladará propostas de mellora.
Deseñaranse criterios de avaliación ou rúbricas para autoavaliación ou coavaliación do alumnado.
No caso de ser preciso realizar atención educativa non presencial procederase tal e como se expón:
- Desenvolvemento das sesións empregando a videoconferencia como ferramenta. Sesións individuais de reforzo ao alumnado que presenta maiores dificultades (desenvoltas en sesións distintas das previstas para a materia nos horarios dos grupos).
- Foros Aula Virtual: facilitadores da comunicación colectiva.
- Mensaxería Aula Virtual: facilitadora das comunicacións individuais.

- Entrega de tarefas Aula Virtual: facilitan o envío dos exercicios propostos.
Cada unidade didáctica contará cos seguintes elementos:
1. Unha selección de textos filosóficos tomando como referencia os propostos pola CIUG
2. Unha explicación teórica por parte da profesora ou profesor para achegar os contidos
3. Exercitación da técnica de lectura e comprensión de textos
4. Exercitación da expresión escrita e oral en base ao vocabulario técnico e a precisión conceptual que requira cada teoría filosófica.
Tal e como sinalamos máis enriba, o tipo de actividades que se levarán a cabo, adaptarase ás características de cada alumno/a, favorecendo a súa capacidade para aprender por si mesmo/a, traballando a profundización en diversos aspectos da Historia da Filosofía.

NOTAS METODOLÓXICAS ESPECÍFICAS SOBRE OS INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:
Nesta materia procúrase a adquisición dun coñecemento ordeado e debidamente contextualizado acerca dos contidos esenciais da historia do pensamento occidental, así como a preparación do alumnado para a elaboración dun comentario de texto filosófico adecuado á normativa establecida pola CiUG para a realización das Probas de Avaliación do Bacherelato e Acceso á Universidade (ABAU). Por ese motivo, os criterios de cualificación da materia centraranse dun xeito específico na obtención dos coñecementos e destrezas precisas para a exposición ordenada, argumentada e razoada do pensamento e do contexto histórico das autoras e autores a partir de fragmentos textuais de contido filosófico. Seguirase, para a selección dos mesmos, a escolma proporcionada pola CiUG, que o equipo docente poderá reforzar, sempre que o considere preciso, con textos e apuntamentos propios.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación |
|---|
| Apuntamentos propios do profesorado |
| Libro de texto |
| Videos titoriais de apoio das explicacións e tarefas |
| Páxina da ciuga/cesga para os textos |
| Aula virtual da materia. |
| Ordenador conectado a internet, proxector, altavoces |
| Libros e artigos de lectura |

Este Departamento non esixe un determinado libro de texto para o uso do alumnado, aínda que recomenda como material de consulta a obra de Diego Sánchez Meca et al: Historia da Filosofía. 2, publicada pola editorial Anaya ou a de Lorenzo Vallmajò Riera, Historia da Filosofía da editorial Rodeira. O profesor encargado da materia poderá empregar un destes libros de texto, así como outro material da súa elección, ou mesmo non empregar ningún.
Resultan tamén de utilidade os recursos en rede elaborados pola administración educativa que se atopan dispoñibles nos seguintes enlaces:
https://intef.es/recursos-educativos/recursos-para-el-aprendizaje-en-linea/recursos/secundaria-y-bachillerato/
http://www.juntadeandalucia.es/educacion/permanente/materiales/index.php?etapa=4&materia=274#space

Outros recursos en rede empregados como material complementario e para facer actividades:
http://www.paginasobrefilosofia.com/html/index.html
http://www.webdianoia.com/
https://www.webdianoia.com/pages/filosofos.htm
https://www.webdianoia.com/pages/ejercicios.htm
http://proyectoafri.es/hffia/testshfia2bach/inicio.html
http://recursostic.educacion.es/bachillerato/proyectofilosofia/version/v1/f2rutas2.php

http://recursostic.educacion.es/bachillerato/proyectofilosofia/version/v1/actividades2.html
http://www.xtec.cat/~lvallmaj/sumtall2.htm
http://www.xtec.cat/~lvallmaj/taller/atenes2.htm
http://www.xtec.cat/~lvallmaj/taller/atmoder2.htm?pagina=b-reali2
http://www.xtec.cat/~lvallmaj/taller/atconte2.htm
http://ntic.educacion.
es//w3/eos/MaterialesEducativos/mem2005/escuela_atenas_contemporanea/AtenasCon/taller/atconte2.htm
http://ntic.educacion.es/w3/recursos/bachillerato/filosofia/cuestiones_filosofia/carpeta%20de%
20cuestionarios/cuestio/cuestionarioPlaton.htm
http://ntic.educacion.es/w3/recursos/bachillerato/filosofia/cuestiones_filosofia/carpeta%20de%
20cuestionarios/cuestio/cuestionarioAristoteles.htm
http://ntic.educacion.es/w3/recursos/bachillerato/filosofia/cuestiones_filosofia/carpeta%20de%
20cuestionarios/cuestio/cuestionarioDescartes.htm
http://ntic.educacion.es/w3/recursos/bachillerato/filosofia/cuestiones_filosofia/carpeta%20de%
20cuestionarios/cuestio/cuestionarioKant.htm
http://ntic.educacion.es/w3/recursos/bachillerato/filosofia/cuestiones_filosofia/carpeta%20de%
20cuestionarios/cuestio/cuestionarioMarx.htm
http://ntic.educacion.es/w3/recursos/bachillerato/filosofia/cuestiones_filosofia/carpeta%20de%
20cuestionarios/cuestio/cuestionarioNietzsche.htm
https://cibernous.com/
http://www.bipedosimplumes.es/FILOSOFIA2.html
http://www.bipedosimplumes.es/2ejercicios2.html
Obras de consulta:
-DE BOTTON, A., Las consolaciones de la filosofía, Taurus, Madrid.
-FEARN, N, Zenón y la tortuga, Mondadori, Barcelona.
-GAARDER, J., El mundo de Sofía, Siruela, Madrid.
-OSBORNE, R., Filosofía para principiantes, Presença, Lisboa.
-PATTON, M.F. & CANNON. K. Filosofía en viñetas, Penguin Random House, Barcelona.
-MOHLER, C., Cómics existenciales, Stirner, Londres.
-ECO, U.: A paso de cangrejo
Diccionarios de filosofía:
-FERRATER MORA, J., Ariel.
-QUINTANILLA, M. A., Sígueme.
-THIEBAUT, C., Alianza.
Películas e documentais:
- ANNAUD, J-J. El nombre de la rosa.
-CAVANI, L., Más allá del bien y del mal.
-COLLIN, F. Les derniers jours d'Emmanuel Kant.
-GUSTAVSON, E., El mundo de Sofía.
-MURACA, F. Scoto.
-PECK, R. El joven Marx.
-ROSSELLINI, R., Socrate.
-ROSSELLINI, R., Cartesius.
-SPENCER, C., Spinoza, the Apostle of Reason.
-VV.AA., Grecia. Crisol de la Civilización, Vol. 1. La Revolución, Atlantic Productions

Cada sesión terá lugar nun aula no centro cun ordenador conectado a internet e unha pantalla con proxector e sonido, Os pupitres individuais empregaranse tanto para o traballo individual como para conformar diversos grupos segundo as necesidades de cada UD.
En cada aula usaranse os apuntamentos ou o libro de texto, folios para escribir e diversos documentos impresos entregados ao longo do curso: textos, mapas conceptuais, fotocopias con actividades diversas.
Os libros de lectura serán actividades voluntarias para redondear ou mellorar a nota final.
A aula virtual na web do centro servirá como repositorio de materias, como lugar de entrega de traballos, ferramenta de avaliación e como instrumento de comunicación.

### 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Nas dúas primeiras semanas do curso realizarase unha proba escrita que consistirá na lectura dun texto clásico da historia da filosofía para realizar un comentario de texto breve. Buscarase determinar tanto a comprensión lectora e a expresión escrita como o grao de familiaridade cos principais conceptos filosóficos e especialmente coas peculiaridades do comentarios de texto na historia da filosofía.
Esta actividade empregarase para avaliar tanto os coñecementos previos do alumnado como a súa capacidade na expresión escrita clara e rigurosa. Permirá adaptar os procesos de ensino e aprendizaxe aos rasgos específicos e individuais do alumnado.
A autonomía do alumnado no que concerne ao uso das TICs, avaliarase por medio dun test realizado na aula virtual, asi como dunha taboa de indicadores baseada na observación das dúas primeiras semanas do curso académico.

### 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

**Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:**

| Unidade didáctica | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | Total |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Peso UD/ Tipo Ins.** | **20** | **10** | **15** | **20** | **20** | **15** | **100** |
| **Proba escrita** | 60 | 86 | 82 | 46 | 37 | 28 | **54** |
| **Táboa de indicadores** | 40 | 14 | 18 | 54 | 63 | 72 | **46** |

**Criterios de cualificación:**

O profesorado de filosofía avaliará ao alumnado da materia de Historia da Filosofía conforme ás probas escritas e actividades realizadas por este. As ferramentas do docente para avaliar ditas actividades serán rúbricas de corrección, distintas para cada tipo de actividade pero co denominador común da distribución dos criterios xerais de corrección en dous epígrafes:
A. Corrección: significa que a actividade se ocupa do seu asunto e non de outro e que a argumentación oral ou escrita desenvolvida é intelixible.
B. Completude: significa que a actividade é realizada empregando tódolos conceptos relevantes para o asunto de que se trate.
Dun xeito máis específico, os criterios de cualificación serán os seguintes:
1. Un 80% da cualificación de cada trimestre académico estará reservada ao desenvolvemento de probas escritas na aula, baixo supervisión docente, que sigan a tipoloxía e o formato de comentario de texto filosófico explicados nas clases. Se se realizase máis dun exercicio parcial destas características nunha avaliación, a cualificación final calcularase en base á nota media aritmética obtida polo alumnado en cada unha das probas.
1.1 Un 50% da cualificación destas probas mencionadas no apartado anterior dependerá dos coñecementos sobre o pensamento da autora ou autor expostos no comentario, así como da elaboración de referencias concretas ao corpo do texto que evidencien a análise e a correcta comprensión dos contidos do mesmo.
1.2 Un 25% corresponderá ao emprego do vocabulario técnico preciso e adecuado e da comprensión dos conceptos filosóficos esenciais para a unidade didáctica avaliada.

1.3 Un 25% corresponderá á correcta estruturación e formato do comentario de texto.
O profesorado da materia proporcionará ao alumnado guías e indicacións claras ao respecto deste procedemento, coa finalidade de formalos na elaboración de composicións que comuniquen as ideas do xeito máis claro, conciso e adecuado posible ás limitacións temporais do exercicio. A mera reprodución sen orde, rigor ou referencia ao texto das ideas da autora ou autor a tratar non obterá, en ningún caso e a pesar da súa posible exhaustividade, unha cualificación de aprobado.
2. Un 20% da cualificación corresponderá á nota de comentarios de texto e outras actividades elaborados individualmente, a modo de traballo persoal non restrinxido á súa elaboración na aula e con marxes temporais máis

amplos. Realizarase alomenos un exercicio desta tipoloxía por trimestre, e corrixirase empregando os mesmos criterios do apartado 1. O equipo docente resérvase a posibilidade de complementar estes exercicios con outros, como a elaboración de esquemas, glosarios, listaxes de obras... e, en definitiva, calquera outro exercicio que puidese servir para ampliar e garantir a formación do alumnado na realización de comentarios e composicións de textos filosóficos.

No caso de que algún alumno ou alumna falte xustificadamente máis do 50% das horas da materia nunha avaliación, o punto 1 pasaría a a corresponder ao 100% da nota.
-Con carácter xeral, a cualificación final ordinaria tomará como base a media das tres avaliacións e considerará o progreso do alumno, así como os resultados das actividades de recuperación ou ampliación realizadas por éste.
Cabe sinalar que se un alumno ou alumna se atopase en situación de discapacidade transitoria que non lle permita realizar a proba escrita, se lle realizará unha proba oral que permita emitir unha cualificación numérica. En segundo curso de bacharelato, no período abranguido desde a realización da avaliación final ordinaria ata as datas de celebración das probas extraordinarias, o centro educativo organizará a impartición das clases coa fin de preparar o alumnado para a realización da avaliación de acceso á universidade e das probas extraordinarias. Indícase que no caso de poder probar calquera acción fraudulenta nun traballo, proba ou tarefa, o profesorado decidirá en que momento o alumnado ten que realizalo de novo.

**Criterios de recuperación:**

A recuperación das avaliacións parciais consistirá na repetición ou realización das actividades non realizadas ou avaliadas negativamente, así como da repetición das probas correspondentes. Para a súa correción e cualificación empregaremos a mesma ponderación que na avaliación ordinaria.

· Aquel alumnado que obteña menos de 3 puntos nalgunha avaliación parcial deberá concurrir a una proba para recuperar eses contidos.

· Aquel alumnado que non supere a cualificación de 5 puntos no cálculo da media das tres avaliacións deberá presentarse a una proba final de todos os contidos non superados durante o curso.

· A proba final será de características similares ás realizadas durante o curso.

· A cualificación da proba establecerase sobre 10 puntos e o/a alumno deberá acadar cando menos 5 para superar a materia.

· A concurrencia a esta proba final implica a valoración de todos os contidos pendentes e actividades realizadas polo alumno.

· Á marxe deste procedemento de recuperación o profesor poderá solicitar tarefas durante o curso para acadar a cualificación de 5 naqueles casos que estean máis cerca do aprobado ou ben que só teñan suspendido por un pequeno número de contidos da propia avaliación.

· Unha vez aprobadas as tres avaliacións, a cualificación final ordinaria do curso consistirá na media aritmética das tres. Se ao longo do curso existise un progreso nas cualificacións, terase en conta para mellorar a media aritmética.

· A avaliación extraordinaria, constará dunha proba de similares características ás realizadas para a avaliación ordinaria, e a súa cualificación considerará o progreso do alumnado así como os resultados das probas e actividades de recuperación e ampliación realizadas entre a avaliación ordinaria e a avaliación extraordinaria.

## 6. Medidas de atención á diversidade

De acordo coas disposicións recollidas na Orde de 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, o profesorado atenderá ás diferenzas individuais no procesos de ensinanza e aprendizaxe, aplicando sempre as medidas máis adecuadas para que as condicións de realización dos procesos de avaliación se adapten ás circustancias particulares do alumnado con necesidade específica de apoio educativo. Estas medidas e adaptacións en ningún caso será tidas en conta para minorar as cualificacións obtidas polo alumnado.
En función dos intereses e as capacidades do alumnado poderán realizarse modificacións na proposta de tarefas, que tratarán de responder a calquera falla de adecuación que se observe entre as necesidades e as capacidades do alumno e os contidos da materia. Teranse en conta as posibilidades do alumnado para acceder aos dintintos medios e soportes analóxicos e dixitais. Tamén poderán modificarse os tempos e elementos das probas extraordinarias, sempre contando cun informe previo de ditas necesidades avalado polo Departamento de Orientación.

Na avaliación previa e en coordinación coa xunta de avaliación e o Departamento de Orientación se desenvolverán as seguintes medidas, no caso de ser precisas:

- ORDINARIAS: Facilitan a adecuación do curriculum sen alteracións significativas dos obxectivos, contidos nin dos criterios de avaliación Dan resposta as diferenzas en competencias, motivación, estratexias , estilos e ritmos de aprendizase. Sinalamos as seguintes:

1) Adaptación da xestión da aula as características concretas da aula, favorendo o acceso aos recursos e á convivencia.
2) Adecuación da programación ao alumnado e circunstancias do seu contorno. Logo de identificadas as barreiras (accesibilidade física, sensorial, cognitiva e emocional) deseñaranse actividades partindo dos principios do deseño universal de aprendizaxe para que as aprendizaxes sexan accesibles.
3) Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, titoría entre iguais, aprendizaxes por proxectos.
4) Adaptación dos tempos, dos instrumentos e dos procedementos de avaliación ás circunstancias do alumnado, tales como, forma de comunicación co alumnado, secuenciación de tarefas, verificación da comprensión das tarefas, dispoñibilidade dos recursos tecnolóxicos, concesión do tempo necesario. Aplicaranse as propostas recollidas nos plans, proxectos, programas, guías e protocolos elaborados pola Consellería.
5) Aulas de atención educativa e convivencia. No caso de ser preciso derivar alumnado, o profesorado proporcionará as tarefas que debe realizar, que serán corrixidas e avaliadas.
6) Reforzo educativo. Posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten dificultades no progreso do alumnado.
7) Programas de enriquecemento curricular para o alumnado que presenta altas capacidades intelectuais.

- EXTRAORDINARIAS. Diseñadas para atender necesidade específicas de apoio que reguiran modificacións significativas do curriculum ou supoñan unha modificaión organizativa ou ben do xeito de acceder ao curriculum ou da modalidade de escolarización. Serán aplicadas cando as ordinarias sexan insuficientes ou se demostren esgotadas. Son casos nos que hai barreiras singificativas para conseguir os obxectivos da aprendixase axeitadas ao seu desenvolvemento (atraso madurativo, transtornos do desenvolvemento relacionados coa linguaxe e/ou comunicación, descoñecemento da (s) lingua(s) de aprendizaxe, vulnerabilidade socio educativa ou polas altas capacidades entre outras).

(1) Flexibilización da duración do período de escolarización na etapa de bacharelato. Dirixido a alumnado con altas capacidades intelectuais ou alumnado con necesidades educativas especiais.
(2) Atención educativa ao alumnado que, por circunstancias diversas, presenta dificultades para unha asistencia continuada ao centro. O docente coordinado polo profesorado titor e co asesoramento da xefatura do departamento de orientación, elaborará unha proposta de actividades educativas empregando medios telemáticos para a entrega, seguimiento e avaliación e adoptará medidas que promovan a súa inclusión.
En colaboración co titor e o Departamento de Orientación levarase a cabo unha planificación e desenvolvemento de actuacións destinadas ao axuste dos procesos de ensino e aprendizaxe. Na avaliación inicial, permitirá adaptar as ensinanzas ao alumnado e facilitar a debida progresión na súa aprendizaxe.
No proceso de avaliación promoverase o uso de instrumentos de avaliación variados, diversos, flexibles e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe que permitan a valoración obxectiva do alumnado e garantan que as condicións de realización dos procesos asociados á avaliación se adapten ás necesidades do alumnado con necesidade específica de apoio educativo. Proporánse medidas de reforzo individualizadas mediante lecturas, vídeos e outros materiais complementarios para alumnado que presente dificultades coas competencias básicas. Todos eles dispoñibles a través da aula virtual.
Proporánse diferentes canles para a presentación das tarefas que, de acordo coa teoría das Intelixencias Múltiples, se adapten mellor a cada un dos alumnos e alumnas. Así en cada unidade serán de elección unha serie de tarefas que propoñen formas de realización adaptadas a cada unha destas intelixencias (infografías, comics, videopresentacións, textos...)
Neste sentido para o alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo serán deseñadas de xeito específico actividades en cada unha das unidades didácticas (enunciados curtos, unir, completar, ordenar, sinalar...), así como probas escritas adaptadas ás súas características específicas. Estas probas, se ben presentarán os mesmos contidos en concordancia cos criterios de avaliación, estarán formuladas de xeito máis directo e compostas por cuestións análogas ás anteriormente comentadas. Sempre coa finalidade de potenciar o espirto critico, a autonomía do alumnado propios da filosofía. Todo isto sen prexuízo de que a medida que avance o curso poida detectarse a necesidade deste tipo de actividades individualizadas noutros alumnos/as establecéndose, de ser o caso, os necesarios reforzos educativos.
Por outra banda, tamén están previstas actividades de ampliación para aquel alumnado que presente un maior ritmo de aprendizaxe. Tratarase de actividades motivadoras, que en todo caso vaian máis aló dos xa afianzados mínimos

da materia e que supoñan un maior desafío na busca de información, así como a interrelación dos diferentes contidos. Nas actividades voluntarias especificadas na metodoloxia ofreceránse este tipo de reforzos.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| ET.1 - Comprensión lectora | X | X | X | X | X | X |
| ET.2 - Expresión oral e escrita | X | X | X | X | X | X |
| ET.3 - Comunicación audivisual | X | X | X | X | X | X |
| ET.4 - Competencia dixital | X | X | X | X | X | X |
| ET.5 - Emprendemento social e empresarial | X | X | X | X | X | X |
| ET.6 - Fomento do espíritu crítico e científico | X | X | X | X | X | X |
| ET.7 - Igualdade de xénero | X | X | X | X | X | X |
| ET.8 - Creatividade | X | X | X | X | X | X |

**Observacións:**

A materia de Historia da Filosofía é un instrumento moi adecuado na actividade escolar común para traballar os elementos tranversais recollidos na lexislación. Ao promover o espíritu crítico para adquirir ferramentas teóricas e prácticas no uso autónomo da razón do alumnado contribúe explícitamente, como se ven espedificando en tódolos apartados da programación, nesta transversalidade.
A educación emocional en valores democráticos, respectuosos coa diversidade e consciente da discriminacións (eurocentrismo, machismo, racismo...) coa metodoloxía planificada será a clave.
A Historia da Filosofía se fundamenta en textos e nas ferramentas de lectura e comentario crítico dos mesmos. O uso de ferramentas dixitais e alfabetización no uso de buscadores en internet sen outro dos pilares da materia.
No deseño de actividades á hora de traballar en grupo:
1) Fomentaranse a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.
2) Promoverase a aprendizaxe da prevención e da resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de Dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención de calquera tipo de conducta violenta.
3) Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

## 7.2. Actividades complementarias

| Actividade | Descrición | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|
| Olimpíada Filosófica | Considerar a presentación do alumnado á Olimpíada Filosófica na categoría de Disertación Filosofica, Fotografía ou Video a determinar. | X | X | X |

**Observacións:**

A Olimpíada Filosófica é una iniciativa educativa que pretende achegar a Filosofía ao alumnado de diferentes xeitos, e que ten como obxectivo fomentar o espíritu crítico, o coñecemento e respecto de todo o alumnado galego que cursa materias do Departamento de Filosofía. No caso de Bacharelato a modalidade específica é Disertación, ferramenta que se traballa durante o curso, tendo como complementarias Vídeo e Fotografía. A presentación do alumnado de segundo curso de Bacharelato do IES Valle-Inclán a esta actividade ou a outras previstas con carácter xeral na Programación Xeral Anual do centro será sometida a consideración, sempre e cando non dificulte o desenvolvemento do temario, e de acordo as necesidades específicas de atención educativa do alumnado interesado.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro |
|---|
| Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico |
| 1. Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas a partir dos elementos do currículo. |
| 2. Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas |
| 3. O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas. |
| 7. Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos, etc. |
| 8. Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación |
| 9. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final |
| Medidas de atención á diversidade |
| 5. Adecuación dos materiais didácticos utilizados |
| 6. Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba. |
| 10. Adecuación do desenvovlementos dos contidos ao ritmo de aprendizaxe do alumnado |
| Clima de traballo na aula |
| 4. Adecuación da secuencia de traballo na aula. |

**Descrición:**

Cada indicador valorarase nunha escala do 1 ao 4, indicando o 1 a menor consecución e o 4 a maior.
Os resultados desta avaliación recolleranse na Memoria Final de curso, presentaranse e debateranse na reunión do Departamento co propósito de incorporar melloras en vindeiros cursos académicos.
Así mesmo, e de maneira informal, o profesorado da materia terá en conta estes diferentes elementos á hora de introducir adaptacións ou modificacións menores no desenvolvemento da materia, de acordo coa tipoloxía específica de cada grupo e coas posibles alteracións do calendario educativo.
Estes indicadores especifícanse nas seguintes preguntas que serán entregadas ao alumnado para a súa valoración nunha escala de 1 a 4:
(1=NADA DE ACORDO/2=POUCO DE ACORDO/3=BASTANTE DE ACORDO/4=TOTALMENTE DE ACORDO)
1. Os materiais empregados desenvolven os contidos da programación
2. Os materiais empregados son claros e comprensibles
3. As actividades están ben planificadas
4. O nivel de dificultade das actividades é adecuado
5. As actividades son interesantes
6. Comprendo as explicacións do profesor
7. O profesor soluciona as dificultades que se lle plantexan na aula
8. Coñezo a corrección de actividades e exames e podo participar nas mesmas
9. A corrección de actividades e exames adecúase aos criterios de cualificación
10. O docente soluciona axeitadamente os problemas de convivencia na aula
11. Realizo as tarefas e actividades con regularidade
12. Sigo as pautas establecidas polo profesor

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Na derradeira reunión do Departamento de Filosofía os profesores da materia de Historia da Filosofía cubrirán a seguinte rúbrica de avaliación con obxecto de modificar eventualmente a Programación no vindeiro curso académico naqueles aspectos que non acaden o valor 3 da seguinte escala:
(1=NADA DE ACORDO/2=POUCO DE ACORDO/3=BASTANTE DE ACORDO/4=TOTALMENTE DE ACORDO).
1. O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas.
2. Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada criterio.
3. Vinculación adecuada de cada criterio co seu instrumento de avaliación.
4. Fixación dunha estratexia metodolóxica común para todo o departamento.
5. Adecuación dos materiais didácticos utilizados en relación cos contidos.
6. Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba.
7. Adecuación dos instrumentos establecidos para a avaliación extraordinaria.
8. Adecuación dos criterios establecidos para o seguimento de materias pendentes.
9. Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE.
10. Grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas.
Igualmente, farase arase un seguimento a través da aplicación Proens dúas veces por avaliación, correspondendo coas unidades didácticas que se desenvolven en cada unha delas, para poder adiantarnos aos cambios no proceso de ensino aprendizaxe. Estes seguimentos faranse de xeito individual e poñeranse en común nas reunións de Departamento.
Neste seguimento terase en conta:
1. Se as sesións previstas por UD foron as suficientes e datas de inicio e final de cada UD
2. O grao de cumprimento do desenvolvemento das UD.
3. Propostas de mellora
4. Concreción das propostas de mellora para materializar en cursos vindeiros.

**9. Outros apartados**

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

| Código | Centro | Concello | Ano académico |
|---|---|---|---|
| 36006729 | IES Valle-Inclán | Pontevedra | 2023/2024 |

## Área/materia/ámbito

| Ensinanza | Nome da área/materia/ámbito | Curso | Sesións semanais | Sesións anuais |
|---|---|---|---|---|
| Bacharelato | Psicoloxía | 2º Bac. | 4 | 116 |

| Réxime |
|---|
| Réxime xeral-ordinario |

| Contido | Páxina |
|---|---|
| 1. Introdución | 3 |
| 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias | 4 |
| 3.1. Relación de unidades didácticas | 5 |
| 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas | 6 |
| 4.1. Concrecións metodolóxicas | 15 |
| 4.2. Materiais e recursos didácticos | 16 |
| 5.1. Procedemento para a avaliación inicial | 17 |
| 5.2. Criterios de cualificación e recuperación | 18 |
| 6. Medidas de atención á diversidade | 19 |
| 7.1. Concreción dos elementos transversais | 20 |
| 7.2. Actividades complementarias | 21 |
| 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro | 21 |
| 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora | 22 |
| 9. Outros apartados | 23 |

## 1. Introdución

Nos últimos anos, e dun xeito case inadvertido, producíronse profundas modificacións na vida humana e nas relacións interpersoais que supuxeron un cuestionamento das tradicionais autoridades políticas, relixiosas, educativas, médicas ou paternais. O aumento da mobilidade, a inseguridade no traballo ou as esixencias da sociedade de consumo, así como a citada dispersión dos lazos familiares e sociais teñen xerado novos problemas de desarraigo, incertidume, inseguridade e ansiedade que a psicoloxía pode axudar a comprender e a afrontar.
Neste contexto histórico e cultural complexo e case improvisado, a psicoloxía foise convertindo nun estudo académico e nunha profesión cun ámbito moi amplo de aplicacións, cada vez máis demandada e con maior consideración social. Desde a súa transformación en ciencia experimental, a psicoloxía foi adquirindo cada vez maior protagonismo en numerosos ámbitos da vida cotidiana das sociedades avanzadas.
Como ciencia que estuda a conduta e os procesos mentais de persoas e outros animais, os obxectivos fundamentais da psicoloxía consisten en describir o comportamento, explicalo, predecilo e, se resulta necesario, modificalo para mellorar a vida do individuo e da sociedade en xeral. Ningunha manifestación humana, sexa individual ou social, é allea á psicoloxía. Por iso o seu estudo está centrado principalmente en analizar o funcionamento do pensamento, a memoria, a aprendizaxe, as emocións, a personalidade, os trastornos mentais ou as dinámicas dos grupos sociais.
Este estudo realízao a psicoloxía desde unha dobre perspectiva humanística e científica e é por iso polo que esta materia resulta de grande interese para a formación do alumnado de Segundo Curso de Bacharelato, pois establece conexións entre as diferentes materias do currículo, á vez que está dotada dunha marcada orientación práctica que mellora as estratexias e os hábitos de traballo, reforza a adquisición das competencias básicas e fomenta o autocoñecemento e o control da propia conduta, así como o desenvolvemento dunha actitude máis tolerante e eficaz para afrontar os distintos desafíos da sociedade contemporánea.
A materia de Psicoloxía, optativa en todos os itinerarios de segundo curso de Bacharelato e cunha carga lectiva de catro horas semanais, organízase en torno a seis principais bloques de coñecementos:
1. Bloque 1. A Psicoloxía como ciencia.
2. Bloque 2. Fundamentos biolóxicos da conducta.
3. Bloque 3. Procesos cognitivos básicos: percepción, atención e memoria.
4. Bloque 4. Procesos cognitivos superiores: aprendizaxe, intelixencia e pensamento.
5. Bloque 5. A construción do ser humano. Motivación, personalidade e afectividade.
6. Bloque 6. Psicoloxía social.
O Instituto de Educación Secundaria Valle-Inclán de Pontevedra acolle principalmente a un alumnado procedente do núcleo central da cidade, ofertando en turno diurno catro liñas de Educación Secundaria Obrigatoria e cinco liñas de Bacharelato, nas modalidades de Ciencias, Humanidades e Ciencias Sociais. Asimesmo, imparte en quenda nocturna ensinanzas de Bacharelato para persoas adultas. Os resultados finais do alumnado adoitan ser satisfactorios e unha maioría dos matriculados en ambas quendas emprende estudos universitarios tras concluír os de Bacharelato.
O grupo único de 2º de Bacharelato da materia está integrado por 12 alumnos e alumnas de entre 16 e 18 anos .
A presente programación didáctica desenvolve a materia de Psicoloxía para segundo curso de Bacharelato, tal e como dispón a seguinte normativa en vigor:
- DECRETO 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- DECRETO 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.
- ORDE do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.
- ORDE do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.
- ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- ORDE do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| OBX1 - Entender e valorar a especificidade da psicoloxía como saber científico e metodolóxico, diferenciando as súas facetas teórica e práctica, identificando as súas áreas de aplicación, e recoñecendo o seu carácter unitario entre a enorme variedade de intereses, teorías e escolas que a conforman desde as súas orixes, para xustificar a pertinencia do seu estudo á hora de dar conta da conduta e dos procesos mentais que nos caracterizan como individuos e como humanos. | 1-2 | | 1 | | 11-31 | 1 | | |
| OBX2 - Tomar conciencia das bases fisiolóxicas que posibilitan e determinan o noso comportamento e os nosos procesos mentais, e identificar os distintos niveis desa determinación (o xenético, o celular, o anatómico ou o químico) e as estruturas e funcións deses elementos fisiolóxicos, ademais de participar de xeito dialóxico, respectuoso e argumentado, en debates sobre as implicacións éticas, sociais e políticas do grao da devandita determinación en temas como as diferenzas comportamentais entre sexos ou os avances tecnolóxicos na manipulación do xenoma, para afondar e entender con maior criterio o comportamento propio e o dos demais, e para formarse unha opinión propia, reflexiva e fundamentada sobre temas que conforman o panorama de retos que nos presenta este século. | 1-2-3-5 | | 1-2-4 | 1-2-3 | 40 | 1-3 | 2 | |
| OBX3 - Coñecer, distinguir e apreciar a importancia para nosa adaptación ao medio e para a supervivencia dos procesos cognitivos básicos, percepción, atención e memoria, así como a súa interrelación no psiquismo humano, estudando os seus aspectos fundamentais para expresar, comprender e interpretar desde distintas fontes de información, de maneira científica, os devanditos procesos que lle permitirán comprender as bases dos procesos psíquicos superiores, e ser capaz de aplicar as consecuencias do estudo ás súas características persoais. | 1-2-3 | 3 | 1-2-4 | 1 | 20 | 1 | | 31-41 |
| OBX4 - Definir os procesos cognitivos superiores, analizando que é a psicoloxía cognitiva e, dentro desta, estudando a aprendizaxe, a intelixencia e o pensamento, para comprender como estes procesos nos permiten elaborar a información e acadar unha mellor adaptación ao entorno. | 1-2 | 1 | 1-2-4 | 1 | 40-50 | 1 | | |

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| OBX5 - Comprender como a motivación, a afectividade e a personalidade, así como os diferentes trastornos e mesmo frustracións, contribúen a desenvolver, alterar e construír ao ser humano, coa finalidade de tomar conciencia, con sentido crítico, das habilidades sociais necesarias para adquirir un posicionamento propio ante a realidade e os demais. | 1-5 | 1 | 2-4 | 1 | 11-12-20-31 | 2-3 | | |
| OBX6 - Comprender a perspectiva psicosocial do ser humano atendendo á articulación e interacción entre os procesos individuais e os procesos sociais, axudando a entender e explicar a importancia do contexto social no comportamento do ser humano, coa finalidade de aprender a pensar de maneira crítica sobre as condutas cotiás e valorando como nos vemos a nós mesmos e como afectamos e nos afectan nas relacións cos demais. | 5 | | 1-2-4 | 1 | 20-31-32 | 2-4 | 3 | |

**Descrición:**

### 3.1. Relación de unidades didácticas

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 1 | A psicoloxía como ciencia | A psicoloxía como ciencia da saúde. Historia, ramas, métodos e principais correntes psicolóxicas | 10 | 12 | X | | |
| 2 | Fundamentos biolóxicos da conducta | Introdución ás bases biolóxicas da conducta humana: a psicobioloxía. | 15 | 18 | X | | |
| 3 | Procesos cognitivos básicos | Sensación, percepción e atención. A memoria humana. | 15 | 25 | X | X | |
| 4 | Procesos cognitivos superiores I | Aprendizaxe, intelixencia e pensamento | 15 | 12 | | X | |
| 5 | Procesos cognitivos superiores II | Motivación, persoalidade e afectividade | 15 | 12 | | X | X |
| 6 | Psicopatoloxía | A perspectiva biopsicosocial nas ciencias da saúde. Descripción, diagnóstico e tratamento das principais psicopatoloxías. | 15 | 25 | | | X |
| 7 | Psicoloxía social: Os fundamentos sociais da conduta humana | Introdución aos fundamentos sociais da conducta humana: a psicoloxía social. | 15 | 12 | | | X |

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 1 | A psicoloxía como ciencia | 12 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.2 - Identificar a dimensión teórica e práctica da psicoloxía, os seus obxectivos, as súas características e as súas ramas e técnicas de investigación, relacionándoas, como ciencia multidisciplinar, con outras ciencias cuxo fin é a comprensión dos fenómenos humanos, como a filosofía, a bioloxía, a antropoloxía, a economía, entre outras. | Identificar de xeito oral ou escrito a dimensión téorica e aplicada da psicoloxía | PE | 65 |
| CA1.3 - Recoñecer e expresar as achegas máis importantes da psicoloxía, desde os seus inicios ata a actualidade, identificando os principais problemas formulados e as solucións achegadas polas correntes psicolóxicas contemporáneas, e realizando unha análise crítica de textos significativos e breves de contido psicolóxico, identificando as problemáticas formuladas e relacionándoas co estudado na unidade. | Facer unha síntese das principais achegas da psicoloxía partindo de textos de contido psicolóxico | | |
| CA1.1 - Entender e apreciar a especificidade e a importancia do coñecemento psicolóxico, como ciencia que trata da conduta e os procesos mentais do individuo, valorando que se trata dun saber e unha actitude que estimula a crítica, a autonomía, a investigación e a innovación. | Elaborar unha presentación ou traballo escrito sobre a evolición histórica da psicoloxía. | TI | 35 |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - O saber psicolóxico. |
| - Obxecto propio da psicoloxía. A psicoloxía e outros saberes. |
| - Facetas teórica e práctica da psicoloxía, e áreas de aplicación. |
| - Obxectivos que caracterizan a psicoloxía. |
| - O desenvolvemento histórico da psicoloxía. |
| - A psicoloxía desde as súas orixes en Grecia ata o século XIX. |
| - A constitución da psicoloxía como ciencia desde finais do século XIX a principios do século XX. |
| - As distintas teorías psicolóxicas. |
| - Os métodos de investigación en psicoloxía. |

| Contidos |
| --- |
| - O método científico.<br>- A descrición: observación naturalista, estudo de casos, enquisas.<br>- A investigación correlacional. Correlación e causalidade.<br>- O método experimental: variables, grupos e mostras. |

| UD | Título da UD | Duración |
| --- | --- | --- |
| 2 | Fundamentos biolóxicos da conducta | 18 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
| --- | --- | --- | --- |
| CA2.1 - Identificar as células neuronais, a súa estrutura e as funcións das súas partes, mediante esquemas e imaxes, apreciando o papel básico que o impulso neuroeléctrico desempeña como unidade fundamental da que está composto todo proceso psicolóxico, e estimando o papel que xogan no mantemento do sistema neural as células gliais. | Elabora unha exposición interactiva sobre o funcionamento do sistema neural | PE | 55 |
| CA2.3 - Entender e valorar as técnicas actuais de investigación do cerebro e o seu impacto no avance científico acerca da explicación da conduta e na superación dalgúns trastornos e dalgunhas doenzas mentais. | Distingue e recoñece as diferentes técnicas de investigación cerebral | | |
| CA2.4 - Distinguir a importancia do sistema nervioso periférico como interfaz necesaria na comunicación entre o encéfalo e o resto do organismo, resaltando o papel central do sistema nervioso autónomo na regulación automática e inconsciente das actividades vitais do organismo e dos cambios fisiolóxicos que acompañan aos distintos estados emocionais. | Especifica por escrito como regula as actividades vitais do organismo o sistema nervioso central | | |
| CA2.5 - Investigar e resumir a influencia dos distintos neurotransmisores sobre o cerebro, xunto coa relación que gardan os distintos órganos encefálicos co sistema endócrino, comparando así os modos distintivos que teñen as hormonas e os neurotransmisores de preparar ao corpo para todo tipo de reaccións comportamentais. | Exposición interactiva na que se explicite a función dos neurotrasmisores e do sistema endocrino. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA2.6 - Comprender e recoñecer algunhas das bases fisiolóxicas que determinan a conduta humana, mediante a participación nun debate onde se expoñan e analicen de xeito argumentado e crítico as posturas ao respecto das limitacións que estas bases (xenéticas, hormonais, e outras) impoñen á liberdade humana en temas tan centrais na nosa visión do ser humano como as diferenzas comportamentais entre sexos, a identidade persoal, o uso de sustancias psicoactivas, ou a capacidade científico-técnica de alterar o xenoma humano | É capaz de respostar oralmente á cuestión: natureza ou cultura, que nos fai ser o que somos? | | |
| CA2.2 - Analizar e apreciar a importancia da organización do sistema nervioso central, fundamentalmente do encéfalo humano, recopilando información de fontes fiables, sintetizándoa de xeito rigoroso, e producindo, de xeito colaborativo e co uso de ferramentas TIC, distintos esquemas e traballos de investigación nos que se distingan as localizacións e as funcións das estruturas que o compoñen e determinan a conduta dos individuos. | Elabora unha exposición interactiva sobre o funcionamento do sistema nervioso central | TI | 45 |
| CA6.1 - Identificar, describir e explicar os procesos psicosociais que teñen lugar tanto no plano intrapsíquico como no interpersoal e no colectivo que inflúen no que pensamos de nós mesmos e dos demais, das nosas actitudes, das atribucións que facemos sobre os demais, para comprender mellor a nosa identidade e a dos demais. | Describe de xeito oral como inflúen os procesos psicosociais na nosa autoimaxe e na dos demáis. | | |
| CA6.2 - Determinar no eido interpersoal os factores psicosociais que inciden na conformidade e a obediencia á autoridade e dentro dos grupos, a atracción interpersoal, as condutas prosociais e antisociais dos individuos e dos grupos humanos, levando a cabo esta determinación dun xeito colaborativo dentro da aula. | Expón de xeito escrito a diferenza entre condutas prosociais e antisociais e pon exemplos | | |
| CA6.3 - Coñecer os principios psicosociais do funcionamento dos grupos, analizando os estereotipos e os prexuízos, os estereotipos de xénero, o conflito, a cohesión, e a polarización grupal para comprender o nosos comportamentos e pensamentos na vida cotiá. | Define de xeito escrito os estereotipos de xénero, conflitos e polarización | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| ‑ A neurona.<br>‑ A estrutura da neurona.<br>‑ O impulso neuroeléctrico e a sinapse.<br>‑ As células gliais.<br>‑ O sistema nervioso. |

| Contidos |
| --- |
| - Estrutura do sistema nervioso central e función das distintas partes.<br>- As novas técnicas de imaxe e os avances no coñecemento do encéfalo.<br>- O sistema nervioso periférico.<br>- A química da mente.<br>- Os distintos neurotransmisores.<br>- O sistema endócrino: glándulas, hormonas e conduta.<br>- Xenética e conduta.<br>- O xenoma humano.<br>- O estudo da influencia da xenética na conduta.<br>- Enfermidades xenéticas con repercusións mentais e condutuais.<br>- Implicacións sociais dos avances tecnolóxicos en xenética.<br>- Bases fisiolóxicas das diferenzas condutuais entre sexos.<br>- As diferenzas psicolóxicas transculturais.<br>- O papel das hormonas.<br>- O debate sobre as diferenzas na estrutura encefálica.<br>- As teses da psicoloxía evolucionista.<br>- As críticas ao enfoque bioloxicista das diferenzas de xénero.<br>- A cognición social.<br>- O eu social: autoconcepto e identidade.<br>- Percepción e atribución social.<br>- Influencia social.<br>- Conformidade e obediencia. Influencia do líder.<br>- Impacto emocional das redes sociais.<br>- Actitudes e cambio de actitudes.<br>- Procesos de persuasión.<br>- Comportamento interpersoal.<br>- A atracción interpersoal.<br>- Comportamentos prosociais e antisociais.<br>- Relacións intergrupais.<br>- Estereotipos e prexuízos. Estereotipos de xénero. |

| Contidos |
|---|
| - Conflito, cohesión e cooperación.<br>- Psicoloxía dos grupos: a polarización grupal. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 3 | Procesos cognitivos básicos | 25 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA3.1 - Comprender, distinguir e relacionar a sensación e a percepción como procesos cognitivos básicos da información, e analizar en profundidade a percepción identificando a súa importancia para dar significado ao mundo exterior e interior do ser humano. | Define e relaciona os conceptos de sensación e percepción | PE | 75 |
| CA3 3 - Distinguir e relacionar a atención e a percepción, así como coñecer e identificar os distintos tipos de atención e os trastornos asociados á mesma, analizando os seus trazos fundamentais para poder aplicar o coñecido á nosa estrutura psíquica persoal. | Define e relaciona os conceptos de atención, percepción e nomea os trastornos asociados a esta. | | |
| CA3.4 - Relacionar a atención e a memoria e enunciar os principios básicos da mesma, a través de distintos rexistros sensoriais, analizándoa brevemente a través de distintas teorías, e estudando os tipos de memoria e o esquecemento para aplicar o seu coñecemento ás nosas capacidades e poder melloralas. | Analiza de xeito oral o funcionamento da memoria indicando os diferentes tipos | | |
| CA3.2 - Apreciar na percepción a capacidade para xerar nas alumnas e nos alumnos un sentido estético de achegamento á realidade, e impulsar a súa creatividade artística. | Explica de xeito escrito a influencia da percepción na creatividade á hora de comprender a realidade | TI | 25 |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Sensación e percepción. Definición e relación.<br>- Organización da percepción e constancias perceptivas.<br>- A percepción de obxectos, do movemento e da profundidade. A Gestalt.<br>- A percepción extrasensorial. As ilusións perceptivas. A percepción subliminar.<br>- Percepción e atención.<br>- Tipos de atención.<br>- Trastornos da atención. |

| Contidos |
|---|
| - A memoria. Memoria e atención.<br>- Rexistros sensoriais: visual, auditivo e táctil.<br>- Breve aproximación ás teorías sobre a memoria.<br>- A memoria como proceso psicolóxico: codificación, almacenamento e recuperación.<br>- Tipos de memoria.<br>- Memoria a curto prazo ,memoria operativa e memoria a longo prazo.<br>- Memoria episódica, semántica e procedemental.<br>- O esquecemento: factores que interveñen.<br>- Métodos para mellorar o recordo. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 4 | Procesos cognitivos superiores I | 12 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA4.1 - Definir que son os procesos cognitivos superiores, incidindo na súa relación coas habilidades cognitivas. | Cita e exemplifica os procesos cognitivos superiores | PE | 75 |
| CA4.2 - Explicar en que consiste a aprendizaxe, estudando os principais factores que inflúen nela e as teorías máis importantes. | Fai unha disertación acerca da natureza da aprendizaxe e como levala a cabo. | | |
| CA4.3 - Expoñer que é a intelixencia, explicando os modelos de intelixencia máis relevantes. | Realiza unha exposición interactiva sobre a intelixencia e os diferentes modelos | | |
| CA4.4 - Analizar o pensamento desde un punto de vista psicolóxico, explicando os seus tipos. | Realiza unha exposición sobre o pensamento e os seus tipos | TI | 25 |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Definición de procesos cognitivos superiores.<br>- As habilidades cognitivas.<br>- A aprendizaxe. Factores que inflúen na aprendizaxe e teorías da aprendizaxe.<br>- O condutismo e o condicionamento na publicidade, o cognitivismo, e o construtivismo.<br>- Tipos de aprendizaxe.<br>- A intelixencia. |

| Contidos |
|---|
| ⁻ Modelos de intelixencia.<br>⁻ Fases do desenvolvemento da intelixencia.<br>⁻ A medición da intelixencia e o coeficiente intelectual.<br>⁻ O Pensamento. Características e tipos de pensamento segundo a psicoloxía. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 5 | Procesos cognitivos superiores II | 12 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA5.1 - Explicar e valorar a importancia da motivación, a súa clasificación e a súa relación con outros procesos cognitivos, desenvolvendo os supostos teóricos que a explican, e analizando as deficiencias e os conflitos que no seu desenvolvemento conducen á frustración. | Investiga os estudos sobre a orixe motivación e a súa relación coa frustración. | PE | 80 |
| CA5.2 - Comprender que é a personalidade, analizando as influencias xenéticas, ambientais e culturais sobre as que se edifica, as teorías que a estudan e os factores motivacionais, afectivos e cognitivos necesarios para a súa axeitada evolución, en cada fase do seu desenvolvemento. | Elabora unha exposición oral sobre a personalidade e as súas influencias xenéticas e culturais | | |
| CA5.3 - Entender a complexidade de definir o que é un trastorno mental, describindo algúns dos factores xenéticos, ambientais e evolutivos implicados, co fin de comprender as perspectivas psicopatolóxicas e os seus métodos de estudo. | Define o que é un trastorno mental e as súas implicacións | | |
| CA5.4 - Recoñecer e valorar os tipos de afectos, así como a orixe dalgúns trastornos emocionais, co obxecto de espertar o interese do alumnado polo desenvolvemento persoal desta capacidade. | Expón os diferentes tipos de afectos e a súa relación cos trastornos emocionais | | |
| CA5.5 - Coñecer a importancia que na maduración da persoa teñen as relacións afectivas e sexuais, analizando criticamente os seus aspectos fundamentais. | Investiga exemplos e exponos oralmente como inflúen as relacións afectivas na maduración persoal | TI | 20 |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| ⁻ A motivación.<br>⁻ Teorías sobre a motivación.<br>⁻ Motivación e logros no ámbito educativo e profesional.<br>⁻ A frustración e as súas causas. |

| Contidos |
|---|
| - A personalidade.<br>- Teorías sobre a personalidade.<br>- Fases da personalidade.<br>- Métodos de avaliación da personalidade.<br>- Consciencia e inconsciencia.<br>- Identidade e autoestima.<br>- Alteracións da conciencia e da personalidade.<br>- Psicopatoloxía e trastornos da personalidade.<br>- A afectividade.<br>- Teorías sobre a afectividade.<br>- As emocións e os trastornos.<br>- Afectividade e sexualidade. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 6 | Psicopatoloxía | 25 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA2.6 - Comprender e recoñecer algunhas das bases fisiolóxicas que determinan a conduta humana, mediante a participación nun debate onde se expoñan e analicen de xeito argumentado e crítico as posturas ao respecto das limitacións que estas bases (xenéticas, hormonais, e outras) impoñen á liberdade humana en temas tan centrais na nosa visión do ser humano como as diferenzas comportamentais entre sexos, a identidade persoal, o uso de sustancias psicoactivas, ou a capacidade científico-técnica de alterar o xenoma humano | Expón oralmente e debate sobre a influencia da xenética ou a cultura nas conduta humana. | PE | 100 |
| CA3.4 - Relacionar a atención e a memoria e enunciar os principios básicos da mesma, a través de distintos rexistros sensoriais, analizándoa brevemente a través de distintas teorías, e estudando os tipos de memoria e o esquecemento para aplicar o seu coñecemento ás nosas capacidades e poder melloralas. | Analiza de xeito oral o funcionamento da memoria indicando os diferentes tipos | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA5.2 - Comprender que é a personalidade, analizando as influencias xenéticas, ambientais e culturais sobre as que se edifica, as teorías que a estudan e os factores motivacionais, afectivos e cognitivos necesarios para a súa axeitada evolución, en cada fase do seu desenvolvemento. | Elabora unha exposición oral sobre a personalidade e as súas influencias xenéticas e culturais | | |
| CA5.3 - Entender a complexidade de definir o que é un trastorno mental, describindo algúns dos factores xenéticos, ambientais e evolutivos implicados, co fin de comprender as perspectivas psicopatolóxicas e os seus métodos de estudo. | Define o que é un trastorno mental e as súas implicacións | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Xenética e conduta.<br>- Enfermidades xenéticas con repercusións mentais e condutuais.<br>- Percepción e atención.<br>- Trastornos da atención.<br>- A personalidade.<br>- Métodos de avaliación da personalidade.<br>- Alteracións da conciencia e da personalidade.<br>- Psicopatoloxía e trastornos da personalidade.<br>- A afectividade.<br>- As emocións e os trastornos. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 7 | Psicoloxía social: Os fundamentos sociais da conduta humana | 12 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA5.2 - Comprender que é a personalidade, analizando as influencias xenéticas, ambientais e culturais sobre as que se edifica, as teorías que a estudan e os factores motivacionais, afectivos e cognitivos necesarios para a súa axeitada evolución, en cada fase do seu desenvolvemento. | Define e expón que é a personalizade de xeito completo | TI | 100 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA6.1 - Identificar, describir e explicar os procesos psicosociais que teñen lugar tanto no plano intrapsíquico como no interpersoal e no colectivo que inflúen no que pensamos de nós mesmos e dos demais, das nosas actitudes, das atribucións que facemos sobre os demais, para comprender mellor a nosa identidade e a dos demais. | Describe de xeito oral como inflúen os procesos psicosociais na nosa autoimaxe e na dos demáis. | | |
| CA6.3 - Coñecer os principios psicosociais do funcionamento dos grupos, analizando os estereotipos e os prexuízos, os estereotipos de xénero, o conflito, a cohesión, e a polarización grupal para comprender o nosos comportamentos e pensamentos na vida cotiá. | Define de xeito escrito os estereotipos de xénero, conflitos e polarización | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - A personalidade. |
| - Teorías sobre a personalidade. |
| - Fases da personalidade. |
| - Métodos de avaliación da personalidade. |
| - A cognición social. |
| - O eu social: autoconcepto e identidade. |
| - Percepción e atribución social. |
| - Actitudes e cambio de actitudes. |

## 4.1. Concrecións metodolóxicas

Habida conta do dobre carácter humanístico e científico desta disciplina, estimamos que debe desenvolverse desde un punto de vista eminentemente transversal e práctico. A fin de proporcionarlle ao alumnado un contexto en función dos seus intereses académicos e persoais, as actividades propostas contemplarán un desenvolvemento transversal que permita, por unha parte, adquirir os coñecementos disciplinares e, por outra, aplicalos a contextos culturais, sociais ou disciplinares do seu interese. Esta metodoloxía pasa pola xeración de tarefas ou situacións-problema que o alumnado deberá resolver facendo un uso axeitado dos coñecementos disciplinares e integrando diferentes competencias. Incluirá prácticas de traballo individual e cooperativo, así como cuestionarios de coñecementos por cada unidade didáctica. Estes cuestionarios serán pechados co fin de garantir a súa obxectividade.

• Partindo das consideracións xerais anteriores, propoñemos unha metodoloxía orientada nas seguintes direccións:
- Mostrar a pluralidade e complexidade dos procesos humanos que supon relacionar os seus elementos cos da socioloxía, economía, filosofía, psiquiatría, etc.
- Selecionar tempos para o debate, onde se poden ensaiar as argumentacións que permitan ao alumnado irse afianzando no desenvolvemento de habilidades comunicativas, controlando impulsos de descalificación total cara ao outro, xestionando a súa labilidade afectiva.
- Permitir ao alumnado contrastar as diferentes posturas explicativas sobre un mesmo fenómeno psíquico conductual e aprender a diferenciar entre o saber científico e os prexuizos y falsas crenzas. Na medida das disponibilidades de

tempo e horario, o profesorado debería aproveitar calquera resposta do alumnado que considere significativa para enriquecer as actividades e reorientar os debates. Ante a multiplicidade de respostas, se poderá constatar que o aula é un microcosmos xerador de reaccións, que se poden convertir en foro de debate, ensaio e discusión. Resulta imprescindible exponer os principais sistemas teóricos e unha variedade de problemas ou casos para estudar, analizando as solucións desde diversas perspectivas. Sería interesante para o alumnado que se tiveran en conta, nas actividades de reflexión sobre o seu propio proceso de evolución persoal, cantas manifestacións impliquen aos educandos en formas de vida saudable.

- O profesorado desta materia deberá:

- Tomar en consideración os coñecementos, experiencias e expectativas dos alumnos e alumnas.
- Facer explícitos e discernibles os códigos ideolóxicos que rixen a súa acción, renunciando á neutralidade valorativa e á inculcación impositiva.
- Potenciar aquelas actividades que favorezan o conflito e a afloración de ideas, así como a indagación e a vertiente dialóxica do coñecemento psicolóxico.
- Seleccionar o tipo de actividades en función do desenvolvemento das Competencias clave.

- As competencias clave quedarán explicitadas nos seguintes aspectos:

- A eficiencia na competencia comunicativa vén determinada pola relevancia que teñen as actividades sen solución única, nas que distintas opcións ou conclusións son aceptables e válidas.
- A dinámica de relacións sociais que crea o traballo en grupo, proporciona ao alumnado un medio idóneo, para que se acostume a asumir actitudes críticas, creativas, solidarias, e evitar dogmatismos e exclusivismos. É así como regulará a súa propia conduta, dacordo con principios persoais e á vez comunitarios.
- A igualdade de oportunidades entre os sexos aplicarase ao informar ao alumnado dos determinantes socioculturaiss que, ao fixar a estrutura do rol de xénero, teñen determinado actitudes intelectuais diferenciadas en homes e mulleres.
- A educación para a vida saudable contémplase desde a contribución positiva que os coñecementos psicolóxicos poden facer ao noso propio autoconcepto, á nosa autoestima e, en xeral, a todo o proceso de realización persoal.
- Todos aqueles aspectos relacionados co coñecemento da creatividade permiten ao alumnado estar en disposición de utilizala, sempre dando respostas positivas aos retos do entorno. A información sobre os determinantes da percepción permitiralle adoptar posturas críticas fronte á presión social dos medios de comunicación. O procesamento analizado da información que recibe o alumnado pódelle igualmente axudar a ser protagonista no seu proxecto de vida saudable.

- Ao inicio de cada unidade didáctica exporanse os instrumentos de avaliación a aplicar e a súa ponderación.
- As actividades estarán sempre deseñadas e axustadas ás características do alumnado.
- No caso de ter que realizar educación non presencial, empregarase a aula virtual para foros, videoconferencias, entrega de tarefas e mensaxería.

### 4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación |
|---|
| Aula virtual |
| Biblioteca |
| Apuntamentos dixitais ou en papel |
| Videos e titoriais de apoio para a realización de traballos e tarefas |
| Bibliografía e webgrafía |
| Libro de texto (non obrigatorio) para a realización de actividades |

-Libro de texto: Empregaremos como material de consulta básico non obrigatorio o libro de texto Psicología. Segundo de Bachillerato de José Antonio Alonso, publicado en 2016 pola editorial Mc Graw Hill.
-Materiais, información e recursos web para a materia de psicoloxía en http://encina.pntic.mec.es/plop0023/index.html -
-Outros: http://fresno.cnice.mecd.es/~jcod0002/grupopercepciones/index.htm
-Recursos audiovisuais en distintos soportes para informar, realizar actividades comentario de texto e debate: Internet, películas, documentais, artigos de prensa.
-Seleción de textos dos autores contemplados no programa.
-Proposta trimestral de lectura a escoller entre os seguintes títulos:

- Cómo percibimos el mundo. Una exploración de la mente y los sentidos. Ignacio Morgado. Barcelona, Ariel, 2012.
- Somos nuestro cerebro. Dick Swaab, Barcelona, Plataforma, 2014.
- Una tortuga, una liebre y un mosquito. Psicología para ir tirando. Nacho Coller Porta, Valencia, Nau Llibres, 2018.
- Esa visible oscuridad. William Styron. Barcelona, la Otra Orilla, 2009.
- Memorias de un enfermo de nervios. Daniel Paul Schreber, Madrid, Sexto Piso, 2008.
- Usar el cerebro. Conocer nuestra mente para vivir mejor. F. Manes y M. Niro. Barcelona, Paidós, 2014.
- El cerebro femenino. Louan Brizendine, Barcelona, RBA, 2015.
- El cerebro masculino. Las claves científicas de cómo piensan los hombres y los niños. Louann Brizendine, Barcelona RBA, 2010.
- Neurociencia para Julia. Xurxo Mariño. Edit. Laetoli (2012).
- El Efecto Lucifer: El porqué de la maldad. Philip Zimbardo, Paidós Ibérica.
- El curioso incidente del perro a medianoche. Mark Haddon. Edit. Rinoceronte (2008).
- Las razones del mal: ¿qué fue realmente el Holocausto? Peter Hayes. Editorial Crítica.
- Irracionalidad. El enemigo interior. Sutherland, S. (1996). Alianza Editorial.
- Una historia natural de los sentidos, Diane Ackerman. Madrid, Quinteto, 2009.
- El Alienista. Machado de Assis (2000). Edit. Zeta.
- Pensar rápido, pensar despacio. Daniel Kahneman (2014), Edit. Debate.
- Yo, robot. Isaac Asimov (2009). Edhasa.
- Universo de emociones. (Blog: universodeemociones.com) Rafael Bisquerra, Eduard Punset y Palau Gea.
- La estrategia del Océano Azul. W. Chan Kim y Renee Mauborgne.
- El método Grönholm. J. Galceran (2005).
- El árbol mágico. Peter Sloterdijk. Seix Barral, (2002).
- La curación por el espíritu. Mesmer, Bakker Eddy, Freud. Stefan Zweig. Ediciones El Acantilado, (2006).
- El hombre que confundió a su mujer con un sombrero. Oliver Sacks. Editorial Anagrama, (2009).
- Diario de un esquizofrénico. Miguel González Purroy. Editorial Desclee De Brouwer, (2011).
- Lo que el cerebro nos dice. Los misterios de la mente humana al descubierto. Ramachandran, V.S. Editorial Paidós, (2012).
- El error de Descartes. António Damásio. Editorial Destino, (2011).
- Anatomía de una epidemia. Robert Whitaker. Edit. Capitán Swing, Barcelona, 2016.
- Funes, el memorioso. J.L. Borges. En la obra Ficciones, Edit. Destino, Barcelona, 2009.
- Medicamentos que matan y crimen organizado. Peter Gotzsche. Ed. Los Libros del Lince, 2014.
- Bajo el signo de Marte. Fritz Zorn, Barcelona, Anagrama, 2009.
- El miedo. Gabriel Chevallier, Barcelona, El Acantilado, 2009.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Nas dúas primeiras semanas do curso académico realizarase unha proba escrita que consistirá na lectura dun fragmento correspondente a unha das principais correntes psicolóxicas clásicas para realizar un breve comentario de texto . Buscarase determinar tanto a comprensión lectora e a expresión escrita como o grao de familiaridade do alumnado coas principais correntes e conceptos da psicoloxía.
Esta actividade empregarase para avaliar tanto os coñecementos previos do alumnado como a súa capacidade na expresión escrita clara e rigurosa. Permirá adaptar os procesos de ensino e aprendizaxe aos rasgos específicos e individuais do alumnado.
A autonomía do alumnado no que concerne ao uso das TICs, avaliarase por medio dunha taboa de indicadores baseada na observación correspondente ás dúas primeiras semanas do curso académico.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

**Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:**

| Unidade didáctica | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | Total |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Peso UD/ Tipo Ins.** | **10** | **15** | **15** | **15** | **15** | **15** | **15** | **100** |
| **Proba escrita** | 65 | 55 | 75 | 75 | 80 | 100 | 0 | **64** |
| **Táboa de indicadores** | 35 | 45 | 25 | 25 | 20 | 0 | 100 | **36** |

**Criterios de cualificación:**

O profesorado de Psicoloxía avaliará ao alumnado desta materia conforme ás probas escritas e actividades realizadas por este. As ferramentas do docente para avaliar ditas actividades serán rúbricas de corrección, distintas para cada tipo de actividade pero cun denominador común consistente na distribución dos criterios xerais de corrección en dous epígrafes:
A. Corrección: significa que a actividade se ocupa do seu asunto e non de outro e que a argumentación oral ou escrita desenvolvida é intelixible.
B. Completude: significa que a actividade é realizada empregando tódolos conceptos relevantes para o asunto de que se trate.
Dun xeito máis específico, os criterios de cualificación serán os seguintes:
A constatación de que o alumno acada os distintos obxectivos correspondentes a esta materia realizarase por medio de tres procedementos de avaliación: CUESTIONARIOS, presentación de TRABALLOS PRÁCTICOS propostos e OBSERVACIÓN directa do alumno.
-O 70% da cualificación corresponde á/ás probas obxectivas individuais. A superación destas probas esixirá o dominio dos contidos e a adquisición dos obxectivos específicos das unidades implicadas en ditas probas e expresados nos apartados correspondentes desta Programación.
-O 25% da cualificación corresponde aos traballos prácticos realizados polo alumno. Valorarase fundamentalmente a realización das tarefas encomendadas diariamente, os traballos de investigación previstos en cada período e a súa exposición en clase, así como as contestacións ás cuestións que se lle vaian plantexando.
-O 5 % restante da cualificación corresponde á observación directa do alumno e/ou á realización de actividades voluntarias de ampliación. Neste apartado valorarase a participación na clase, a realización de tarefas de lectura voluntaria en relación coa blibliografía entregada (ata 0,50 puntos na cualificación final da avaliación en curso), a colaboración na aula e nas actividades, a atención, a presentación e realización das tarefas no tempo estipulado, a contribución ao desenvolvemento de debates, así como a capacidade de diálogo e tolerancia amosada neles.
-Aprobar a avaliación implica acadar un mínimo de 5 puntos tras aplicar estas porcentaxes. Aqueles alumnos que dominen os contidos mínimos e vaian obtendo un rendemento académico notable na materia poderán realizar e expoñer un traballo de ampliación –dirixido e orientado polo profesorado- que suporá como máximo 1 punto que será engadido á cualificación final obtida segundo os apartados anteriores.
-A cualificación final ordinaria tomará como base a media das tres avaliacións e considerará o progreso do alumno, así como os resultados das actividades de recuperación ou ampliación realizadas por éste.

**Criterios de recuperación:**

A recuperación das avaliacións parciais durante o curso consistirá na repetición ou realización das actividades non realizadas ou avaliadas negativamente, así como da repetición das probas correspondentes. Para a súa corrección e cualificación empregaremos a mesma ponderación que na avaliación ordinaria .
- Aquel alumnado que obteña menos de 3 puntos nalgunha avaliación parcial deberá concurrir a unha proba para recuperar eses contidos.
-Aquel alumnado que non supere a cualificación de 5 puntos no cálculo da media das tres avaliacións deberá

presentarse a una proba final de todos os contidos non superados durante o curso.
-A proba final será de características similares ás realizadas durante o curso.
-A cualificación da proba establecerase sobre 10 puntos e o/a alumno deberá acadar cando menos 5 para superar a materia.
-A concurrencia a esta proba final implica a valoración de todos os contidos pendentes e actividades realizadas polo alumno.
-A cualificación da avaliación extraordinaria considerará igualmente o progreso do alumno, así como os resultados das probas e actividades de recuperación e ampliación realizadas entre a avaliación ordinaria e a avaliación extraordinaria.

## 6. Medidas de atención á diversidade

De acordo coas disposicións recollidas na Orde de 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, o profesorado atenderá ás diferenzas individuais no procesos de ensinanza e aprendizaxe, aplicando sempre as medidas máis adecuadas para que as condicións de realización dos procesos de avaliación se adapten ás circustancias particulares do alumnado con necesidade específica de apoio educativo. Estas medidas e adaptacións en ningún caso será tidas en conta para minorar as cualificacións obtidas polo alumnado.
En función dos intereses e as capacidades do alumnado poderán realizarse modificacións na proposta de tarefas, que tratarán de responder a calquera falla de adecuación que se observe entre as necesidades e as capacidades do alumno e os contidos da materia. Teranse en conta as posibilidades do alumnado para acceder aos dintintos medios e soportes analóxicos e dixitais. Tamén poderán modificarse os tempos e elementos das probas extraordinarias, sempre contando cun informe previo de ditas necesidades avalado polo Departamento de Orientación.
Na avaliación previa e en coordinación coa xunta de avaliación e o Departamento de Orientación se desenvolverán as seguintes medidas, no caso de ser precisas:

- ORDINARIAS: Facilitan a adecuación do curriculum sen alteracións significativas dos obxectivos, contidos nin dos criterios de avaliación Dan resposta as diferenzas en competencias, motivación, estratexias , estilos e ritmos de aprendizase. Sinalamos as seguintes:

1) Adaptación da xestión da aula as características concretas da aula, favorendo o acceso aos recursos e á convivencia.
2) Adecuación da programación ao alumnado e circunstancias do seu contorno. Logo de identificadas as barreiras (accesibilidade física, sensorial, cognitiva e emocional) deseñaranse actividades partindo dos principios do deseño universal de aprendizaxe para que as aprendizaxes sexan accesibles.
3) Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, titoría entre iguais, aprendizaxes por proxectos.
4) Adaptación dos tempos, dos instrumentos e dos procedementos de avaliación ás circunstancias do alumnado, tales como, forma de comunicación co alumnado, secuenciación de tarefas, verificación da comprensión das tarefas, dispoñibilidade dos recursos tecnolóxicos, concesión do tempo necesario. Aplicaranse as propostas recollidas nos plans, proxectos, programas, guías e protocolos elaborados pola Consellería.
5) Aulas de atención educativa e convivencia. No caso de ser preciso derivar alumnado, o profesorado proporcionará as tarefas que debe realizar, que serán corrixidas e avaliadas.
6) Reforzo educativo. Posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten dificultades no progreso do alumnado.
7) Programas de enriquecemento curricular para o alumnado que presenta altas capacidades intelectuais.

- EXTRAORDINARIAS. Diseñadas para atender necesidade específicas de apoio que reguiran modificacións significativas do curriculum ou supoñan unha modificaión organizativa ou ben do xeito de acceder ao curriculum ou da modalidade de escolarización. Serán aplicadas cando as ordinarias sexan insuficientes ou se demostren esgotadas. Son casos nos que hai barreiras singificativas para conseguir os obxectivos da aprendixase axeitadas ao seu desenvolvemento (atraso madurativo, transtornos do desenvolvemento relacionados coa linguaxe e/ou comunicación, descoñecemento da (s) lingua(s) de aprendizaxe, vulnerabilidade socio educativa ou polas altas capacidades entre outras).

(1) Flexibilización da duración do período de escolarización na etapa de bacharelato. Dirixido a alumnado con altas capacidades intelectuais ou alumnado con necesidades educativas especiais.
(2) Atención educativa ao alumnado que, por circunstancias diversas, presenta dificultades para unha asistencia continuada ao centro. O docente coordinado polo profesorado titor e co asesoramento da xefatura do departamento de orientación, elaborará unha proposta de actividades educativas empregando medios telemáticos para a entrega,

seguimiento e avaliación e adoptará medidas que promovan a súa inclusión.
En colaboración co titor e o Departamento de Orientación levarase a cabo unha planificación e desenvolvemento de actuacións destinadas ao axuste dos procesos de ensino e aprendizaxe. Na avaliación inicial, permitirá adaptar as ensinanzas ao alumnado e facilitar a debida progresión na súa aprendizaxe.
No proceso de avaliación promoverase o uso de instrumentos de avaliación variados, diversos, flexibles e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe que permitan a valoración obxectiva do alumnado e garantan que as condicións de realización dos procesos asociados á avaliación se adapten ás necesidades do alumnado con necesidade específica de apoio educativo. Proporánse medidas de reforzo individualizadas mediante lecturas, vídeos e outros materiais complementarios para alumnado que presente dificultades coas competencias básicas. Todos eles dispoñibles a través da aula virtual.
Proporánse diferentes canles para a presentación das tarefas que, de acordo coa teoría das Intelixencias Múltiples, se adapten mellor a cada un dos alumnos e alumnas. Así en cada unidade serán de elección unha serie de tarefas que propoñen formas de realización adaptadas a cada unha destas intelixencias (infografías, comics, videopresentacións, textos...)
Neste sentido para os alumnos con Necesidades Específicas de Apoio Educativo serán deseñadas de xeito específico actividades en cada unha das unidades didácticas (enunciados curtos, unir, completar, ordenar, sinalar...), así como probas escritas adaptadas ás súas características específicas. Estas probas, se ben presentarán os mesmos contidos en concordancia cos criterios de avaliación, estarán formuladas de xeito máis directo e compostas por cuestións análogas ás anteriormente comentadas. Sempre coa finalidade de potenciar o espirto critico, a autonomía do alumnado propios da filosofía. Todo isto sen prexuízo de que a medida que avance o curso poida detectarse a necesidade deste tipo de actividades individualizadas noutros alumnos/as establecéndose, de ser o caso, os necesarios reforzos educativos.
Por outra banda, tamén están previstas actividades de ampliación para aquel alumnado que presente un maior ritmo de aprendizaxe. Tratarase de actividades motivadoras, que en todo caso vaian máis aló dos xa afianzados mínimos da materia e que supoñan un maior desafío na busca de información, así como a interrelación dos diferentes contidos. Nas actividades voluntarias especificadas na metodoloxia ofreceránse este tipo de reforzos.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| ET.1 - Comprensión lectora | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.2 - Expresión oral e escrita | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.3 - Comunicación audiovisual | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.4 - Competencia dixital | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.5 - Emprendemento social e empresarial | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.6 - Fomento do espíritu crítico e científico | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.7 - Igualdade de xénero | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.8 - Educación emocional e en valores | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.9 - Creatividade | X | X | X | X | X | X | X |

**Observacións:**

A materia optativa de Psicoloxía contribúe ao desenvolvemento dos elementos transversais do currículo, na medida en que favorece o coñecemento das propias emocións, traballa o contido referente á educación para a convivencia e o respecto nas relacións interpersoais, a competencia emocional, a autoestima e o autoconcepto como elementos necesarios para un adecuado desenvolvemento persoal, o rexeitamento e a prevención de situacións de acoso escolar, discriminación ou maltrato, así como a promoción do benestar, da seguridade e a protección de todos os membros da comunidade educativa. Ademáis, potencia o elemento transversal referido aos valores e as actuacións necesarias para o impulso da igualdade real e efectiva entre mulleres e homes, así como o recoñecemento da contribución de ambos sexos á transformación da nosa sociedade, por canto a psicoloxía estuda, desde o respecto á diversidade, a variedade de comportamientos humanos dependentes de distintos patróns físicos, biolóxicos e/o culturais.
A comprensión dun mesmo e dos outros, características das competencias que a materia de psicoloxía trata de desenvolver no alumnado, serán clave nesta contribución á consecución dos elementos transversais do curriculum.
O traballo principalmente por proxectos e en grupos, favorecerá a educación emocional en valores democráticos, respectuosos coa diversidade e consciente dos distintos tipos de discriminacións (eurocentrismo, machismo, racismo...).
O uso de ferramentas dixitais e alfabetización no uso de buscadores en Internet será outro dos pilares da materia.
No deseño de actividades á hora de traballar en grupo:
- Fomentaranse a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.
- Promoverase a aprendizaxe da prevención e da resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos Dereitos Humanos e o rexeitamento da violencia, a pluralidade, o respecto polo Estado de Dereito e o respecto e a consideración polas vítimas de calquera tipo de violencia.
- Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de
xénero.

## 7.2. Actividades complementarias

| Actividade | Descrición | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|
| Charla dun profesional da psicoloxía | O obxectivo será presentar as saídas profesionais da disciplina | X | | |

**Observacións:**

Visita no primeiro trimestre da responsable do Departamento de Psicoloxía da UNED-Pontevedra para realizar unha actividade formativa do alumnado en relación coas diferentes correntes, ramas e métodos psicolóxicos, así como das principais saídas profesionais dos estudos universitarios de Psicoloxía.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro |
|---|
| Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico |
| 1. Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas a partir dos elementos do currículo. |
| 2. Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas |

| |
|---|
| 3. O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas. |
| 6. Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba. |
| 7. Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos, etc. |
| 8. Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación |
| 9. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final |
| Metodoloxía empregada |
| 4. Adecuación da secuencia de traballo na aula. |
| 5. Adecuación dos materiais didácticos utilizados |
| Medidas de atención á diversidade |
| 10. Adecuación do desenvolvemento dos contidos ao ritmo de aprendizaxe do alumnado |

**Descrición:**

Cada indicador valorarase nunha escala do 1 ao 4, indicando o 1 a menor consecución e o 4 a maior.
Os resultados desta avaliación recolleranse na Memoria Final do curso, presentaranse e debateranse na reunión do Departamento co propósito de incorporar melloras en vindeiros cursos académicos.
Así mesmo, e de maneira informal, o profesorado da materia terá en conta, á hora de introducir adaptacións ou modificacións menores no desenvolvemento da mesma, de acordo coa tipoloxía específica de cada grupo e coas posibles alteracións do calendario educativo, os indicadores sinalados no seguinte cuestionario, que será entregado ao alumnado para a súa valoración segundo unha escala de 1 a 4:
(1=NADA DE ACORDO/2=POUCO DE ACORDO/3=BASTANTE DE ACORDO/4=TOTALMENTE DE ACORDO)
1. Os materiais empregados desenvolven os contidos da programación
2. Os materiais empregados son claros e comprensibles
3. As actividades están ben planificadas
4. O nivel de dificultade das actividades é adecuado
5. As actividades son interesantes
6. Comprendo as explicacións do profesor
7. O profesor soluciona as dificultades que se lle plantexan na aula
8. Coñezo a corrección de actividades e exames e podo participar nas mesmas
9. A corrección de actividades e exames adecúase aos criterios de cualificación
10. O docente soluciona axeitadamente os problemas de convivencia na aula
11. Realizo as tarefas e actividades con regularidade
12. Sigo as pautas establecidas polo profesor

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Na derradeira reunión do Departamento de Filosofía os profesores da materia de Psicoloxía cubrirán a seguinte rúbrica de avaliación con obxecto de modificar eventualmente a Programación no vindeiro curso académico naqueles aspectos que non acaden o valor 3 da seguinte escala:
(1=NADA DE ACORDO/2=POUCO DE ACORDO/3=BASTANTE DE ACORDO/4=TOTALMENTE DE ACORDO).
1. O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas.
2. Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada criterio.
3. Vinculación adecuada de cada criterio co seu instrumento de avaliación.
4. Fixación dunha estratexia metodolóxica común para todo o departamento.
5. Adecuación dos materiais didácticos utilizados en relación cos contidos.
6. Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba.
7. Adecuación dos instrumentos establecidos para a avaliación extraordinaria.
8. Adecuación dos criterios establecidos para o seguimento de materias pendentes.

9. Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE.
10. Grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas.

Igualmente, farase un seguimento a través da aplicación Proens dúas veces por avaliación, correspondendo coas unidades didácticas que se desenvolven en cada unha delas, para poder adiantarnos aos cambios no proceso de ensino aprendizaxe. Estes seguimentos faranse de xeito individual e poñeranse en común nas reunións de Departamento.

Neste seguimento terase en conta:

1. Se as sesións previstas por UD foron as suficientes e datas de inicio e final de cada UD.
2. O grao de cumprimento do desenvolvemento das UD.
3. Propostas de mellora
4. Concreción das propostas de mellora para materializar en cursos vindeiros.

## 9. Outros apartados